




PROGRAMA LEADER DE GALICIA 2007-2013

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE



**ARES-CARIÑO-CEDEIRA-CERDIDO-FENE-FERROL-MAÑÓN
MUGARDOS-NARÓN-NEDA-ORTIGUEIRA-VALDOVIÑO**

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GDR "ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE"

CONTIDO E ESTRUCTURA

Parte I. GDR.

Nº páx.

I. Datos identificativos. **1**

1. Denominación e CIF.
2. Domicilio social. Teléfono, fax, correo electrónico.
3. Copia compulsada do DNI do representante legal.

II. Personalidade xurídica. **4**

1. Copia compulsada da acta constituínte.
2. Copia compulsada dos estatutos.
3. Inscripción no Rexistro de Asociacións dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
4. Relación de asociados, con identificación do seu carácter público ou privado. Implantación no territorio e representatividade. (Anexo IB). Fichas de socios (Anexo IC).
5. Composición actual da xunta directiva ou órgano decisorio similar. Cargos, nomes e representación que ostenta cada compoñente. (Anexo ID).
6. Relación de entidades ás cales se lles denegou a súa integración, e daqueloutras que están pendentes de aceptación. (Anexo IE).
7. Informe sobre o grao de participación social na elaboración do programa. (Anexo IF).
8. Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas nos parágrafos 2º e 3º do artigo 10 da LSG. (Anexo IG).
9. Compromiso de uso da lingua galega na relación coa administración e na implementación do programa de desenvolvemento rural, de acordo co previsto no artigo 20.2.I. da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. (Anexo IH).

III. Descrición (previsión) do equipo técnico e humano adscrito á xestión do programa. 20

1. Persoal adscrito á xestión do programa. Organigrama. Procedemento de contratación do equipo xestor.
2. Medios técnicos: local, medios informáticos.

Parte II. Territorio. 23

Mapa territorial incluído no ámbito de actuación do GDR e no cal se vai aplicar o Programa de desenvolvemento rural.

Parte III. Estratexia. 25

1. Análise da situación de partida do territorio.
2. Obxectivos xerais e instrumentais.
3. Estratexia proposta:
 - Actuacións por medidas. (Anexos IIA, IIB e IIC).
 - Tema aglutinante.
 - Exemplos de actuacións concretas no territorio.
4. Efectos esperados respecto da situación de partida: indicadores de resultado e de impacto. (Anexos IIIA, IIIB, IIIC, IIID e IIIE)
5. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

Parte IV. Plan de cooperación con outros territorios. 228

- Plan de cooperación: contido.
- (Anexo IID)

Parte V. Normas para a xestión do programa. 236

- I. Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos, dentro dos límites máximos definidos no réxime de axudas.
- II. Criterios para a selección e priorización de proxectos: baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública.

III. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia, con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.

IV. O equipo xestor.

V. Sede: referencia á sede do GDR.

VI. Plan de difusión.

Parte VI. Plan financeiro.

261

Previsión financeira por medidas e fontes financeiras. (Anexo IV).

Parte I. GDR.

I. Datos identificativos.

II. Personalidade xurídica.

III. Descrición (previsión) do equipo técnico e humano adscrito á xestión do programa.

Parte I. GDR.

I. Datos identificativos.

1. Denominación e CIF.
2. Domicilio social. Teléfono, fax, correo electrónico.
3. Copia compulsada do DNI do representante legal.

PARTE I. GDR

I. DATOS IDENTIFICATIVOS

1. Denominación: Asociación Costa Noroeste

Código de Identificación Fiscal: G70179932

2. Domicilio social: en A Malata, s/n. Edificio de Usos Múltiples, baixo, C.P. 15405 , no concello de Ferrol. A Asociación contará, así mesmo, con outra oficina ubicada no concello de Ortigueira, co obxecto de facilitar as xestións e achegamento á poboación, así como posibilitar a dinamización en todo o territorio no que se actúa.

- Teléfonos: 981 42 22 07 (Ortigueira), 981 33 33 98 (Ferrol)
- Fax: 981 42 22 07 (Ortigueira), 981 37 30 62 (Ferrol)
- Dirección de correo electrónico: info@costanoroeste.org

Parte I. GDR.

II. Personalidade xurídica.

1. Copia compulsada da acta constituínte.
2. Copia compulsada dos estatutos.
3. Inscripción no Rexistro de Asociacións dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
4. Relación de asociados, con identificación do seu carácter público ou privado. Implantación no territorio e representatividade. (Anexo IB). Fichas de socios (Anexo IC).
5. Composición actual da xunta directiva ou órgano decisorio similar. Cargos, nomes e representación que ostenta cada compoñente. (Anexo ID).
6. Relación de entidades ás cales se lles denegou a súa integración, e daquelas outras que están pendentes de aceptación. (Anexo IE).
7. Informe sobre o grao de participación social na elaboración do programa. (Anexo IF).
8. Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas nos parágrafos 2º e 3º do artigo 10 da LSG. (Anexo IG).
9. Compromiso de uso da lingua galega na relación coa administración e na implementación do programa de desenvolvemento rural, de acordo co previsto no artigo 20.2.I. da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. (Anexo IH).

II. PERSONALIDADE XURÍDICA

“A asociación rexeráse polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.” (Art. 2 dos Estatutos da Asociación Costa Noroeste)

A. Órganos de goberno e representación

Artigo 11 dos Estatutos: Órganos da asociación

“Os órganos colexiados da asociación son, como mínimo, a asemblea xeral e a xunta directiva.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos pola xunta directiva de entre os seus membros, por un período de dous anos e poden ser reelixidos ata un máximo de oito anos consecutivos.”

1. Presidente/a da Asociación
2. Xunta Directiva
3. Asemblea Xeral:

Mesa Institucional: Concellos de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Cerdido, Cariño, Ortigueira e Mañón; Universidade da Coruña.

Mesa de Dinamización Sociocomunitaria.

Mesa do sector agroforestal

Mesa empresarial e do emprego.

Mesa do benestar social.

Mesa do turismo e a hostelería.

B. Equipo de xestión:

1. 1 Xerente
2. 2 Técnicos Licenciados
3. 2 Administrativos

C. Órganos consultivos e de asesoramento:

1. Consellos Asesores Mesas Sectoriales

Réxime legal:

"A asociación rexeráse polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia."

Domicilio:

"A asociación fixa o domicilio social en A Malata, s/n. Edif. de Usos Múltiples, baixo, C.P. 15405 , no concello de Ferrol. A Asociación contará, asimesmo, con outra oficina ubicada no concello de Ortigueira, co obxecto de facilitar as xestións e achegamento á poboación, así como posibilitar a dinamización en todo o territorio no que se actúa."

Ámbito de actuación:

"A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira e Valdoviño, na provincia de A Coruña, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades."

Fins e actividades:

"1.- A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endóxico, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.

- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores."

Composición:

"1.- A asociación "Costa Noroeste" estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de

transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión.”

Requisitos e procedemento para a adquisición e perda da condición de asociado.

Adquisición da condición de asociado (Art. 7):

“1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente no que manifeste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

2.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

3.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación, unha vez constituída esta, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

4.- O presidente trasladará a solicitude á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo a solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.”

Perda da condición de asociado (Art. 8):

"A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica."

Dereitos dos asociados (Art. 9):

"Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da asociación.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas, no caso de que se aprobara o establecemento destas."

Obrigas dos asociados (Art. 10):

"Son obrigas dos asociados:

- a) Satisfacer o pagamento de cotas, no caso de que se estableceran.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.”

Sistema de participación: porcentaxe de participación de entidades públicas e privadas nos órganos de decisión do GDR. Mecanismos de participación dos asociados. Sistema de toma de decisións do GDR. Composición e funcións da asemblea xeral e da xunta directiva. Convocatorias, dereitos de voto. Maiorías. Delegación de facultades. Funcións dos órganos do GDR:

Órganos da asociación (Art. 11):

“Os órganos colexiados da asociación son, como mínimo, a asemblea xeral e a xunta directiva.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos pola xunta directiva de entre os seus membros, por un período de dous anos e poden ser reelixidos ata un máximo de oito anos consecutivos.”

Asemblea xeral: composición e funcións (Art. 12):

“1.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados.

2.- A asemblea xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado deles.
- f) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola xunta directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- g) Constitución de federacións ou integración nelas.
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso, no caso de que se establecera, será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC
- i) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- j) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- k) Disolución da asociación.
- l) Disposición ou alleamento de bens."

Asemblea xeral: convocatorias (Art. 13):

"1.- A asemblea xeral reunirase con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa o presidente con quince días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A asemblea xeral reunirase con carácter extraordinario tras a convocatoria da xunta directiva, acordada por propia iniciativa desta ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 10%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque

transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un presidente e un secretario.

3.- As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto e prace do presidente.”

Asemblea xeral: adopción de acordos (Art. 14)

“1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.

3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo secretario co visto e prace do presidente.”

Xunta directiva: composición (Art. 15):

“1.- A xunta directiva da asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola asemblea xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a asemblea xeral lle outorgue a

cada unha delas. Constará dun máximo de trinta e cinco (36) membros. En todo caso, na xunta directiva deberán estar representadas, cando menos, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas agrarias que formen parte da asociación. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

2.- A metade dos membros renovarase cando transcorra un ano dende a constitución da asociación e a partir de aí cada ano renovarase a metade dos que leven dous anos elixidos, agás nos casos nos que non haiba nun sector máis entidades socias das que xa sexan membros da xunta directiva.

3.-Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da asemblea xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

4.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a asemblea xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.”

Xunta Directiva: funcións (Art. 16):

“1.- A xunta directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

2.- A xunta directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.

- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na asemblea xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola asemblea xeral."

Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos (Art. 17):

"1.- A xunta directiva reunirase en calquera momento mediante convocatoria do presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da xunta directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple."

Presidente (Art. 18):

"1.- A xunta directiva elixirá de entre os seus membros o presidente.

2.- O presidente ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da asemblea xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade."

Vicepresidente (Art. 19):

"1.- A xunta directiva elixirá de entre os seus membros o vicepresidente.

2.- O vicepresidente, en ausencia do presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.”

Secretario (Art. 20):

“1.- A xunta directiva elixirá de entre os seus membros o secretario.

2.- Ao secretario correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do presidente.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do presidente,
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.”

Tesoureiro (Art. 21):

“1.- A xunta directiva elixirá de entre os seus membros o tesoureiro.

2.- Ao tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo presidente.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.

- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.”

Mesas sectoriais (Art. 22):

“1.- Os asociados integrados na asemblea xeral organizaranse en seis (6) mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:

- a) Mesa institucional: formada polos representantes das Administracións Locais do territorio.
- b) Mesa de dinamización sociocomunitaria: na que se agrupan as asociacións sen ánimo de lucro non incluídas noutras mesas sectoriais: *asociacións de mulleres, de mozos, de veciños, medioambientais, culturais, deportivas, entre outras.*
- c) Mesa do sector agroforestal: inclúe entidades representativas do sector, como *cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes, asociacións forestais, organizacións profesionais agrarias.*
- d) Mesa empresarial e do emprego: formada por entidades empresariais, sindicais, Cámara de Comercio.
- e) Mesa de benestar social: integrada polas entidades do ámbito dos servizos sociais que teñan como obxecto social mellorar a calidade de vida da poboación, especialmente de colectivos con especiais dificultades e colectivos desfavorecidos ou en perigo de exclusión social.
- f) Mesa de turismo e hostalería: formada polas entidades vencelladas ao fomento do turismo e á representación de empresas turísticas e de hostalería.

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concebir, para elevar propostas á asemblea xeral.

3.- A asemblea xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na xunta directiva. Os representantes das mesas na xunta directiva serán elixidos pola asemblea xeral por proposta de cada mesa.”

Réxime económico e patrimonial (Art. 23):

“- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.”

Disolución (Art. 24):

“1.- A asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,

- a) por sentenza xudicial,
- b) por acordo tomado en asemblea xeral convocada ao efecto,
- c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais,
- d) por ter realizado o fin para o que se constituíu
- e) polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na asemblea xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da xunta directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.”

Parte I. GDR.

III. Descripción (previsión) do equipo técnico e humano adscrito á xestión do programa.

1. Persoal adscrito á xestión do programa. Organigrama. Procedemento de contratación do equipo xestor.
2. Medios técnicos: local, medios informáticos.


III. DESCRIPCIÓN (PREVISIÓN) DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO ADSCRITO Á XESTIÓN DO PROGRAMA.

1. Persoal adscrito á xestión do programa. Organigrama. Procedemento de contratación do equipo xestor.

Debido á dimensión territorial do GDR, á masa crítica de poboación, e ás actuacións dinamizadoras a desenvolver, é necesario dispor dunha sede central, sita no Concello de Ferrol, e outra sede ou subsede, sita no Concello de Ortigueira, para o bó funcionamento do Programa. Con todo isto, é necesario contar cunha plantilla de persoal suficiente, que garanta igualdade de información e oportunidades para tódolos potenciais promotores. Proponse a plantilla que segue a continuación:

- Xerente/Coordinador: 1 Técnico Licenciado.
- Técnico I: 1 Técnico Licenciado.
- Técnico II: 1 Técnico Licenciado.
- 2 Administrativos

PERSOAL ADSCRITO Á XESTIÓN DO PROGRAMA. ORGANIGRAMA.



PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR:

Cumpriranse os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria ou convocatorias para a contratación do equipo xestor do GDR.

O procedemento selectivo contará cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista (cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo), e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural (cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo).

2. Medios técnicos: local, medios informáticos.

A sede da Asociación estará situada no Concello de Ferrol, A Malata, s/n Edificio de Usos Múltiples, baixo. Asimismo, contará cunha oficina técnica no Concello de Ortigueira.

Para o bó funcionamento do Programa será necesario dotar de medios técnicos as dúas oficinas. Necesitaranse un total de 5 ordenadores (PC) de sobremesa, 3 impresoras láser, dúas copiadoras (unha para cada oficina técnica), é indispensable a contratación de dúas liñas ADSL (unha para cada oficina) ou no seu caso conexión Wifi, é imprescindible tamén mobiliario de oficina: mesas e sillóns, así coma o mobiliario necesario para gardar toda a documentación referente ó Programa.

O Grupo de Acción Local Costa Ártabra, posto que no novo período 2007-2013 non xestionará un programa de desenvolvemento rural, cederá de forma incondicional, indefinida e gratuita, os seus equipos ó novo GDR, entre eles destacan, 3 ordenadores persoais (PC), un portátil, unha copiadora e varias impresoras, así coma todo o mobiliario (mesas, sillas, armarios, etc). Posto que a vida útil dos equipos informáticos é limitada, no período de vixencia dos programas, sería convinte a merca dalgún equipo para esta oficina. No caso da oficina de Ortigueira, sería necesario a merca de dous ordenadores, unha copiadora e todo o mobiliario necesario para o bó funcionamento do Programa. Con respecto á liña ADSL, a oficina que habilitará o Concello de Ortigueira conta cunha conexión Wifi, polo que non habería que contratar a liña ADSL.

Parte II. Territorio.

Mapa territorial incluído no ámbito de actuación do GDR e no cal se vai aplicar o Programa de desenvolvemento rural.




Fig. 1. Mapa de situación do territorio Costa Noroeste (GDR 31). Elaboración STGA.

Parte III. Estratexia.

1. Análise da situación de partida do territorio.
2. Obxectivos xerais e instrumentais.
3. Estratexia proposta:
 - Actuacións por medidas. (Anexos IIA, IIB e IIC).
 - Tema aglutinante.
 - Exemplos de actuacións concretas no territorio.
4. Efectos esperados respecto da situación de partida: indicadores de resultado e de impacto. (Anexos IIIA, IIIB, IIIC, IIID e IIIE)
5. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

Parte III. Estratexia.

1. Análise da situación de partida do territorio.

Análise e diagnóstico

1 Delimitación territorial e medio natural

- 1.1 Situación xeográfica
- 1.2. Análise do medio natural

2. Análise sociodemográfica

- 2.1 Volume e distribución espacial da poboación
- 2.2 Evolución da poboación.
- 2.3 Estrutura
- 2.4 Nivel de instrución
- 2.5 Indicadores de calidade de vida.
- 2.6 Tecido asociativo.
- 2.7 Elementos culturais propios do territorio.

3. Mercado de traballo.

4. Análise sectorial

1. INTRODUCCIÓN.

Son estas terras noroccidentais do extremo occidente peninsular que é Galicia, esta "Occitania" que dicía Otero Pedrayo. Costas nas que a inmensidade do Atlántico encádrase e confunde imaxinariamente coas augas do Cantábrico, posiblemente o territorio do "sinus artabrorum" ó que se referían os xeógrafos da antigüidade romana.

No medioevo eran estas terras de monxes e de nobres, de mosteiros e torres: "As Mariñas", donde o mar penetra suavemente en arenais e xuncais, contribuíndo a desembocadura de ríos como o Sor, o Xuvia, Eume ou Mandeo. Cauces seguidos por vellos camiños medievais, seguramente trazados sobre vías romanas que conducen da costa ó interior da provincia de Lugo e viceversa, dos portos a outras encrucixadas. Cabe imaxinar as andanzas de outro tempo, e ir e vir de xuglares como Fernando de Esquío, ou ós irmáns pretendentes do reino, Pedro o Cruel e Enrique II, os Trastámara. Imaxinar ós "Irmandiños" na súa furia contra os nobres, capitaneados polo indomable "Roi Xordo das Mariñas", así coma o fiel vasalo e señor García Rodríguez, ós Andrade, o "Mao" e o "Bo", os Castro, Ulloa,...

A familia dos Andrade adiantan un certo renacemento a finais do medioevo en Galicia, esa fidalguía marcará o noso itinerario. En torres, casonas, pontes, igrexas ou mosteiros nos acompañarán os seus símbolos heráldicos: o xabarín campará nas pedras armeiras que coroan as edificacións construídos por eles.

Horizontes de mar batendo incesantemente sobre pronunciados acantilados de inquietante xeoloxía, cuarzo, basalto, granito, "ollo de sapo", "toelo" (serpentinita), mentres que cara o interior sempre teremos o ondular de montes, as estribacións da serra da Capelada, topografía que une co lexendario Xistral, onde nacen os ríos Eume, Sor e Landro, sobre os que se din tantas lendas de vida e morte.

Montes, vales e mariñas producen contrastes na paisaxe para atraer a estudiosos da xeoloxía e a amantes da natureza. Territorio polo que é frecuente ver manadas de cabalos salvaxes, os poltros "asturcones" ós que se referían cronistas da antigüidade e que segundo dicían pola súa abundancia e velocidade parecían "fecundados polo vento". Entrando o verán é tempo da "rapa das bestas", tempo de marcar as novas crías de cabalo, de cortarlle as crines, ancestral festa que como moitas gardan esa esencia do panteísmo, do animismo galego, esa simbiose do ser humano co seu entorno, proxectándose o individuo coa natureza, confundíndose con ela.

Neste escenario diferenciado sobre o que asoma fundamentalmente o románico, chamado “gótico mariñeiro” o renacemento, o barroco e o neoclásico, onde os concellos que forman este conxunto comparten a aportan o seu a unha historia e unha cultura común. Inquietudes culturais, arte, humor, asociacionismo, industria, milicia, son palabras vinculantes a actividade destes concellos, nos que a arquitectura, dende o “Arco Ártabro” ata o septentrional Bares, vai tomando aspectos particulares: o caleado de fachadas, as cubertas de pizarra rematadas por pedras orleando o tellado coma para confirmar e defenderse dos fortes ventos, erguidos hórreos de pizarra e madeira coroados nos seus extremos por agudos pináculos, quizais pervivencia do culto priápico á fecundidade, posteriormente cristianizado pola cruz.

1. Delimitación territorial e medio natural

1.1. Situación xeográfica

O territorio obxecto de estudo está situado na zona mais septentrional da provincia da Coruña, que á súa vez ocupa o noroeste da Península Ibérica, trátase dun territorio que se estende en dirección Suroeste-Noreste. Esténdese ó longo de máis de 100 quilómetros de costa moi irregular, con tramos suaves e outros máis abruptos, ademais de espectaculares areais e altos acantilados ó Norte (Punta Herbeira, 620 metros de altura). Inclúe tamén 5 rías: a Ría de Ares, Ría de Ferrol, Ría de Cedeira, Ría de Ortigueira e Ría de O Barqueiro.

Comprende 12 concellos, os de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Valdoviño, Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira; e ten unha extensión de 798,04 quilómetros cadrados. Como se pode comprobar no cadro 1 tódolos concellos que a compoñen non teñen unha gran superficie de quilómetros cadrados, aínda que o territorio global forma unha ampla extensión (Cadro 1).

O seu relevo está constituído por tres elementos: Ría de Ortigueira, o Golfo Ártabro e a Estaca de Bares. (Fig. 2).

	POBOACIÓN DEREITO 2007	SUPERFICIE (Km2)
ARES	1.891	18,31
CARIÑO	4.680	47,96
CEDEIRA	7.482	85,42
CERDIDO	1.439	52,72
FENE	14.222	27,40
FERROL *	7.968	83,18
MAÑÓN	1.693	82,21
MUGARDOS	3.013	12,77
NARÓN *	27.834	67,01
NEDA	5.649	24,00
ORTIGUEIRA	7.406	208,84
VALDOVIÑO	6.978	88,22
TOTAL	90.255	798,04
PROVINCIA	1.132.792	7.950,40
GALICIA	2.772.533	29.574,40

Cadro 1. Ámbito xeográfico: Superficie, Poboación .

Fonte: IGE. Elaboración propia. * Só poboación de zonas incluídas no Programa.




Fig. 1. Mapa de situación do territorio Costa Noroeste (GDR 31). Elaboración STGA.

2.2-Medio Físico.

O medio físico é o soporte fundamental das actividades humanas e posúe unha gran importancia en tanto que é determinante dos usos do solo e as actividades que se poidan desenvolver, así coma a calidade ambiental que desfrutan os habitantes.

As serras que rodean o territorio teñen elevacións superiores ós 500 m., e delimitan en gran medida o litoral do interior da zona. Ten unha unha forte influencia e dependencia do litoral.

O espazo obxecto de estudo caracterízase por ter un clima oceánico húmido, con oscilacións térmicas pequenas (en torno ós 10 °C entre a máxima e a mínima anual), aínda que a súa situación abrigada dos ventos dominantes propicia un lixeiro incremento da temperatura media anual, que oscila entre os 12 e os 14 graos centígrados. O que se reflexa en temperaturas suaves distribuídas segundo un gradiente descendente dende a costa cara o interior e precipitacións moderadas repartidas ó longo de todo o ano, pero que varían moito debido á disposición do relevo, situándose nas zonas baixas ó redor dos 1.300 mm, e chegan a superar os 1.600 mm nas zonas de montaña. Estas chuvias repártense de maneira homoxénea ó longo do ano, con máximos en outono e inverno, e mínimos no verán.

En canto ós ventos, a maior parte proceden do Norte, oscilando entre o Noroeste e o Noreste. Os primeiros aparecen no verán e traen bo tempo, mentres que os segundos son típicos de inverno e xunto cos do suroeste orixinan choivas abundantes e moita mar.

A media de humidade relativa oscila anualmente entre o 80 e 90 %, mentres que as variacións entre os distintos meses apenas chegan ó 5 %.

Xeomorfolóxicamente o territorio está atravesado de norte ó sur por unha banda de esquistos da serie de Ordenes, rochas metamórficas facilmente alterables e erosionables, que afloran nunha banda que se ensancha de norte a sur, ós lados da cal discorren series de macizos cristalinos que enmarcan os materiais da serie de Ordenes (granodioritas e ortogneis) rochas mais resistentes ós procesos de alteración e erosión.

En canto a solos temos 4 tipos principais, do grupo dos Ranker: Pardo eutrófico, Vega parda Alóctona, Ranker gris distrófico e o Ranker pardo. Os dous

primeiros aparecen na zona de esquistos, o primeiro deles soportaba antigos bosques de roble que foron substituídos por eucaliptos e a Vega para Alóctona dáse en pequenos eclaves. Os dous últimos son típicos da área granítica e actualmente son solos en fase de repoboación forestal con pinos e eucaliptos.

Na zona de costa, temos tamén distintos tipos de solos como son os costeiros (sapropel), influenciados polo nivel freático e as Veigas (solos de vales fluviais formados por sedimentos depositados neles).

Tamén se poden atopar mostras de solos sobre Lehm relícticos, desenrolados sobre rochas básicas ou roquedos de silicatos (no hai alteración da rocha madre).

A vexetación natural máis interesante do territorio é a que corresponde ós arenais, zonas húmedas e acantilados, actualmente a vexetación autóctona atópase moi alterada pola introducción de especies de alto rendemento madeireiro que modificou a imaxe da paisaxe. A maior parte do solo adícase ó cultivo de especies arbóreas como o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) que bordea a franxa costeira, en ocasións esta especie atópase acompañada de pinos (*Pinus pinaster*).

O monte baixo exténdese tanto polas marxes das rías coma nas zonas máis elevadas, e a súa presenza débese sobre todo á perda de solo fértil ou polas condicións do medio. Nos cabos (Prior, Ortegal e Estaca de Bares) aparecen sobre todo toxeiros, e cara o interior e en ambientes forestais atópase outras formacións de monte baixo como son as xestas e codesos que ocupan terras abandonadas e bordes de camiños. En zonas de solos graníticos ben drenados, de pendentes acusadas e erosionadas, desenvólvense asociacións de toxos e brezos.

É importante a vexetación ripícola e de marismas que se desenrola nos bordes de pequenos cauces fluviais, donde aparecen agrupacións de alisios, sauces e en ocasións abedul e fresno, formando pequenos bosques de ribeira. Cara a costa aparece unha vexetación de marismas, tamén moi importante donde predominan os xuncais.

Nas praias temos unha vexetación constituída por comunidades adaptadas a ambientes con forte desecación formadas por gramíneas e herbáceas vivaces e anuais.

A rede hidrográfica desta zona verte as súas augas ó Atlántico: ríos, Mera, Baleo, Esteiro, Beelle; ou ó Cantábrico: río Sor, que serve de límite natural coa provincia de Lugo.




Fig. 2 Mapa de relevo.Elaboración SITGA.

O relevo do territorio obxecto de estudo está configurado por tres grandes unidades, que pasamos a describir:

- Ría de Ortigueira.

A ría de Ortigueira é en realidade un conxunto de dúas rías, a de Ortigueira e a de Ladrado cunha desembocadura común, está situada entre Cabo Ortegal e Estaca de Bares. Toda a zona ten un alto valor paisaxístico con panorámicas de singular beleza, con espazo de marisma ó Leste, e na ribeira Oeste praias e áreas rochosas. A ría de Ortigueira ten un sistema dunar en bó estado de conservación.

Está catalogada como “Zona de Especial Protección para as Aves” (ZEPA) e Humedal de importancia internacional do Convenio RAMSAR debido ó gran número de aves acuáticas nela invernantes.

A desembocadura dos ríos Mera e Baleo conflúen na Costa Norte coruñesa conformando un arquetípico estuario fluvial con dous ramais. As masas de rochas precámbricas, moi erosionadas no curso da oroxénese hercínica, sepáranse precisamente na dobre ría no coñecido complexo de Cabo Ortegal. O clima imperante correspóndese co marítimo de carácter templado.

A grandes rasgos, a vexetación distribúese no sentido mar-terra segundo o seguinte esquema: as fanerógamas mariñas do xénero *Zostera* aséntanse no fronte areoso sumerxido ó menos en preamar; donde o proceso de colmatación sedimentaria está mais avanzado obsérvanse formacións herbáceas dominadas por un espartinal (*Spartina maritima*); mais cara o interior e en niveis máis altos aparece o xunco costeiro (*Juncus maritimos*); nos lugares de solo consolidado e a resguardo das mareas están orilladas pequenas faixas de carrizo e castañuela marítima; nas praias aséntanse as prantas propias do dunar coma o barrón e *Pancratium maritimum*, mentras na trasduna comeza o predominio das leñosas postradas, en particular *Helichrysum* e *Crucianella maritima*; dende aquí aprézase a transición cara formacións xenuinamente terrestres encabezadas polos matorrais do toxo e as plantacións arbóreas de coníferas e mirtáceas. A barreira areosa da praia de Morouzos ten tras ela a laguna de San Martiño, donde se atopa unha interesante representación de vexetación hidrófila.

A alta produtividade ecolóxica do estuario determina a súa importancia señera para a fauna, na que revisten singular interese as aves acuáticas migradoras e, dentro de elas, o grupo das limícolas: correlimos común, zarapito real, ostrero e outras. Tamén os demais vertebrados están ben representados en Ortigueira, donde os peixes son variados e abundantes, en particular a anguila, a maragota, o munxe, o mesmo sucede no ámbito herpetolóxico, pois ademais de atoparse mais de 20 especies de anfibios e reptís no entorno das dúas rías, seis delas merecen destacarse polo seu carácter endémico no noroeste peninsular. No interior da Ría está intensamente explotado pola actividade marisqueira e elo materialízase na existencia de extensos parques de cultivo de moluscos bivalvos.

- Golfo Ártabro.

Lugar que acolle unha gran variedade de elementos paisaxísticos. Inclúe os seguintes enclaves: serra da Capelada, Lagoa e Areal de Valdoviño e Lagoa de Doniños.

A *serra da Capelada* é unha área de grande interese xeolóxico caracterizada pola presenza duns dos acantilados mais altos de Europa. Posúe algúns monumentos megalíticos e preciosos acantilados, nos que nidifican o falcón peregrino e diversas aves mariñas; acantilados que son observables dende a baixada cara o Santuario de San Andrés de Teixido e dende diversos puntos na pista que discorre pola costa que leva dende o Santuario ata ó Cabo Ortegal. Sen uns límites precisos, a Serra da Capelada localízase na linde septentrional de Galicia, ocupando a zona Este do Concello de Cedeira e ó Oeste en Cariño. O aspecto xeral é o dunha meseta con abruptos acantilados nas súas caras Norte e Noreste, que con cerca de 500 m. de desnivel resultan ser dos mais altos de Europa.

Xeomorfolóxicamente esta zona pertence ó Complexo de Cabo Ortegal, que está constituído por rochas metamórficas co carácter básico ou ultrabásico. A maior parte da serra da Capelada presenta unha vexetación introducida pola man humana, como os extensos piñeiros de *Pinus radiata* e *Pinus pinaster* e os eucaliptos de *Eucalyptus globulus*.

Dentro de vexetación autóctona hay que resaltar os brezais, dada a superficie que ocupan, cuías especies mais características son *Erica*

mackaiana e Erica vagans. Asociado a estos matorrais destaca o endemismo Centaurea borjae. Nas zonas altas e con un alto garo de hidromorfía característica, nas que viven relictos de épocas frías como Sphagnum pylaesi e Gentiana verna. Aínda se poden observar pequenas formacións de bosque caducifolio autóctono, como as existentes nas vaguadas de San André de Teixido e Ameneira; nestas son especies frecuentes Quercus robur, Betula alba e Castanea sativa entre outras. Debido a altura dos acantilados, é posible distinguir neles dous tipos de vexetación: nas partes máis baixas e expostas ás salpicaduras do mar existen especies capaces de soportar a salinidade, tales como Armeria pubigera, Crythmum maritimum; nas alturas, en cambio, aparecen especies coincidentes coas que integran a vexetación do entorno.

Dende o punto de vista faunístico é posible distinguir dúas zonas: 1.- o sector máis alto, constituído polos monocultivos forestales de repoboación, restos de fragas e áreas de turbera, nos que destaca a presenza do corzo e o zorro, así coma unha ampla diversidade de anfibios favorecidos polo alto grado de humidade do solo,

2.- os acantilado costeiros, en donde o máis importante son as colonias de cormorán moñudo e de gaivota patiamarilla. Está presente tamén o falcón e, por contra, nos últimos anos extinguiuse a poboación de arao común.

Lagoa e areal de A Frouxeira (Valdoviño).

A praia está orientada en dirección Este-Oeste entre as puntas Frouxeira e Faluchos. A lagoa ten forma case rectangular, cunhas dimensións de 1.600 metros de lonxitude e uns 500 metros de anchura. Ó longo da praia exténdense interesantes formacións de dunas móbiles, aínda que algúns frentes dunares aparecen hoxe en día fixados pola vexetación.

A cuberta vexetal arbórea das dunas fixas está encabezada por plantacións do chamado pino do país (Pinus pinaster) e do alóctono pino de Monterrey (Pinus radiata). En lugares máis húmedos, no extremos Sur da lagoa, desenvólvese un bosque de ribeira que conta con alisos e sauces coma especies máis representantes.

En aquelas zonas donde o solo está encharcado debido ó afloramente en superficie da capa freática, a vexetación arbolada é substituída por un

extenso carrizal de *Phragmites pectinatus* da duna, tales coma *Honckenya pectinatus*, *Euphorbia paralias*, etc.

Dentro da comunidade faunística son as aves o maior atractivo deste espacio natural. A finais do outono chegan multitude delas procedentes de latitudes mais altas entre as que destacan a focha (*Fulica atra*), o ánade real, o friso ou a cerceta. Son tamén numerosas as especies limícolas que se alimentan no extenso areal, tales coma o correlimos común.

Lagoa de Doniños.

Está emprazada nun profundo val bordeado por ladeiras empinadas e fortes acantilados, no fronte costeiro. Desde o mar cara o interior, nos atopamos unha praia-barrera e unha gran cantidade de dunas na súa maior parte, rodeadas de vexetación aínda que con corredores abertos a favor de antigos sendeiros. A lagoa alcanza ata 9 m de profundidade nalgúns lugares.

Atópase separada do mar por un ancho sistema dunar ben conservado. Caracterízase por se-la lagoa costeira máis profunda do litoral de Galicia e por ter un extenso anel de vexetación palustre.

- Estaca de Bares.

Está situada no extremo Norte de Galicia. É o cabo mais septentrional da Península Ibérica a cabalo entre as provincias da Coruña e Lugo. Está formado por un macizo de granito e constitúe o extremo Norte da serra da Faladora. A súa metade septentrional, incluído o cabo de Estaca de Bares, constitúe un sector de acantilados que nalgúns puntos pode superar os 100 metros de altura dende o nivel do mar. Ten importancia dende o punto de vista paisaxístico, botánico e ornitológico, sendo un espazo de especial importancia internacional como punto de observación de aves mariñas ó ser un lugar de paso na ruta que as aves do occidente europeo seguen camiño do Sul. De ahí que fora catalogado como lugar de interese nacional.

A vexetación halófila dos acantilados é similar á descrita para a serra da Capelada e o resto da cuberta vexetal o constitúe un matorral de *Ulex* spp., *Cystisus* spp. así coma diversas especies de ericáceas.

O cabo de Estaca de Bares é un dos lugares máis privilexiados da Europa Occidental coma observatorio ornitológico, fundamentalmente durante o

paso migratorio outoñal, cando se poden contabilizar mais de 100.000 individuos de especies de alcatraz (*Sula bassana*), alca (*Alca torda*), cormorán grande e negrón común. A Xunta de Galicia construiu no ano 1988 unha Estación Ornitolóxica.



Fig. 3. Mapa de espazos protexidos. Elaboración: SITGA



2.3.- Superfície sometida a protección medioambiental.

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia introduciu nunha relación de **lugares de importancia comunitaria** (LIC) para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000 varios espazos do territorio de Costa Noroeste. Dita inclusión realizouse mediante a Orde do 7 de xuño de 2001 pola que se declaran provisoriamente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Natura 2000 1., como espazos naturais en réximen de protección xeral (DOG nº 118, 19-6-2001). Na relación de espazos aparecen tres que están de maneira total ou parcial:

1. Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres).

Ortigueira-Mera:

O LIC componse de dúas partes netamente diferenciadas: en primeiro lugar, ao norte, encóntrase a ría de Ortigueira e Ladrado, espazo litoral de carácter estuárico, dunha singular beleza paisaxística; ao sur, prolongándose desde a ría, esténdese a conca do río Mera, tramo fluvial con áreas de bosques e matogueiras atlánticas. O rango altitudinal vai dos 0 aos 580 m sobre o nivel do mar, cunha media de 75 m.

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-asturiano. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de arredor de 1.100 mm e unha temperatura media de 13 °C na costa.

O complexo estuárico está constituído por dous sistemas: un típico de esteiro de val fluvial afundido, formado fundamentalmente pola desembocadura do río Mera (ría de Ortigueira propiamente dita), e outro de esteiro con barra sedimentaria, correspondente á enseada de Ladrado, onde desemboca o río Baleo. Predominan nel as superficies intermareais e submareais (1.633 ha, ata a isóbata de 5 m), con predominio de limos nas partes máis internas e resgardadas, colonizados por extensas marismas, e de áreas na parte exterior de ambos os sistemas ou boca do complexo estuárico. A superficie de augas mariñas abarca 1.690 ha. Ademais de dúas pequenas praias encaixadas entre cantís na parte exterior do esteiro (Fornos e Figueroa), o areal de Morouzos-Cabalar

constitúe o maior depósito areoso emerxido, alcanzando 2,85 km de lonxitude, e mantén un extenso sistema dunar (parcialmente fixado por piñeiros) e mantos eólicos con depresións húmidas de trasduna. Fronte a esta praia sitúase a illa de San Vicente (4 ha), de natureza rochosa e case totalmente cuberta por vexetación arbórea e arbustiva. Xa fóra da área marítimo-terrestre completa o conxunto unha importante extensión de prados, labradíos e plantacións forestais.

O río Mera é o máis importante dos cursos fluviais que desaugan na ría de Ortigueira. Entre o seu nacemento na serra da Faladoira e a súa desembocadura cobre unha distancia de 29 km, e discorre considerablemente encaixado mantendo unha pendente media do 1,6%. O seu leito pode ser cualificado de tortuoso. O caudal é moi forte, alcanza un valor anual medio de 5,04 m³/seg de caudal absoluto, con máximos entre decembro e marzo e un valor modal en febreiro. Este réxime é tipicamente fluvial oceánico.



Fig. 5. Humedais na Ría de Ortigueira

Autor da Fotografía: César Toimil

Ficha:

Código do LIC: ES1110001

Situación: Extremo N da provincia da Coruña, pertencente ás comarcas de Ferrol-Ortegal.

Superficie: 3.795,09 ha.

Outras figuras de protección:

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Zona Húmida Protexida (Ría de Ortigueira e Ladrado; 2.985,28 ha.)

- Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA ES0000086 Ría de Ortigueira-Ladrido, 2.987 ha.)
- Zona Ramsar (Rías de Ortigueira e Ladrido, 7ES012; 2.920 ha.)

Accesos: Os accesos principais á ría e o seu contorno son as estradas C-6122 e C-642, que, provenientes de Ferrol-Ribadeo conducen ás poboacións de Cariño e Ortigueira. Tamén se pode acceder á zona por medio do ferrocarril de vía estreita (FEVE).

Infraestructura: Observatorio de aves.

Hábitats: de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
 - Vexetación anual pioneira sobre reboutallos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
 - Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Pasteiros de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
 - Pasteiros salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritimae*).
 - Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
 - Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
 - Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritimae*).
 - Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): comunidades herbáceas anuais de duna (Thero-Airion).
 - Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
 - Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.
 - Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
 - Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*
 - Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano e alpino.

- Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Flora e vexetación: excelentes mostras de vexetación halófila e salobre na ría, que alberga unha das maiores extensións de marismas, xunqueiras e pradarias de fanerógamas mariñas en Galicia. Estas últimas, en particular, están consideradas as máis extensas e mellor conservadas da costa cántabro-galaica, e tapizan boa parte das chairas intermareais e os leitos submareais, as primeiras por parte de *Zostera noltii* e os segundos por unha conxénere de maior tamaño, *Zostera marina*. As enseadas de Mera e de Ladrado, e en menor medida outros sectores, están parcialmente ocupadas por salgais e, sobre todo, por xunqueiras dominadas por *Juncus maritimus*, incluíndo algunhas pequenas formacións de carriceira en determinados puntos, así como por pradarias de *Spartina maritima*, que tamén constitúen as súas poboacións máis extensas en Galicia. O sistema dunar asociado á praia de Morouzos, aínda que relativamente extenso, está inactivado en parte por plantacións de piñeiros bravos (*Pinus pinaster*), pero conserva importantes extensións de vexetación de dunas móbiles e semifixadas. As pradarias areosas e depresións húmidas de trasduna (incluída unha pequena zona húmida de auga doce próxima á barra de Cabalar, a lagoa de San Martiño, actualmente rexenerada), os pequenos bosquetes pantanosos de salgueiros (*Salix spp.*), e ameneiros (*Alnus glutinosa*), as ribeiras rochosas e acantilados baixos da boca do esteiro, como os da illa de San Vicente, fronte á praia de Morouzos, son outros hábitats naturais ou seminaturais salientables, case todos recollidos no anexo I da Directiva Hábitats. Por outra parte, este complexo sistema posúe algunhas comunidades endémicas de área moi reducida, como a asociación de caméfitos de contacto entre dunas e marismas salobres (*Limonio binervosi*-*Frankenietum laevis*) e a comunidade de *Carex riparia* da trasduna de Morouzos, e acolle un bo número de taxons escasos e ameazados de flora vascular (*Centaureum scilloides*, *Ruppia maritima* ou *Scilla merinoi*, entre outros). As marxes do río Mera están cubertas en gran parte polo ameneiral ripario galaico-asturiano, pertencente á asociación *Valeriano pyrenaicae*-*Alnetum glutinosae*, que aínda presenta formacións en bo estado de conservación e está caracterizado polo ameneiro (*Alnus glutinosa*), ao que acompañan o salgueiro (*Salix atrocinerea*), o sanguíño (*Frangula alnus*), o freixo (*Fraxinus excelsior*) e a abeleira (*Corylus avellana*), entre outras especies arbóreas e arbustivas. Estes bosques de ribeira teñen a súa continuación a máis altura con manchas de carballeira colina galaico-asturiana (asociación *Blechno spicanti*-*Quercetum roboris*), caracterizada polo carballo común (*Quercus robur*), como na fraga de Casares. A área concentra unha notable variedade de fieitos, dos que son de

maior interese varias especies relictas macaronésicas, todas elas ameazadas, como *Culcita macrocarpa*, *Trichomanes speciosum*, *Woodwardia radicans* e *Dryopteris aemula*. Á parte da vexetación arbórea, as uceiras higrófilas de *Erica mackaiana* e *Gentiana pneumonanthe*, as matogueiras de influencia mediterránea con toxos (*Ulex europaeus*), e xestas, (incluído o endemismo galaico setentrional, *Cytisus ingramii*) e algunhas comunidades de vexetación megafórbica e casmofítica completan o catálogo de hábitats de interese comunitario desta parte do LIC.

Fauna: entre as especies de invertebrados ameazados en Europa e incluídos no anexo II da Directiva Hábitats están presentes no LIC o caracol (*Elona quimperiana*) e o coleóptero (*Lucanus cervus*). No ámbito dos vertebrados, o río Mera garda interese pola súa fauna piscícola, e conta cun catálogo de seis taxons autóctonos. De especial significado son a lamprea (*Petromyzon marinus*), o salmón (*Salmo salar*) (aparentemente extinto con anterioridade a 1990, pero que pareceu recolonizar este río en anos recentes), o reo (*Salmo trutta trutta*), a boga do Douro ou escalo (*Chondrostoma duriense*) e a Anguilla anguilla.

A fauna herpetolóxica tamén posúe algúns compoñentes relevantes e consta de 13 especies de anfibios e 9 de réptiles, dos que 7 anfibios e 6 réptiles son taxons endémicos iberoatlánticos ou cántabro-galaicos. Entre os primeiros destacan a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), endemismo do noroeste da Península, o limpafontes ou tritón común (*Lissotriton bosca*), a rela ou ra de santo Antón (*Hyla arborea*), a ra patilonga (*Rana iberica*) e a ra vermella (*Rana temporaria*). Especies de distribución colino-montana como esta última alcanzan o nivel do mar neste recanto do norte de Galicia, tal e como ocorre coa lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*), ben distribuída polo LIC. É igualmente salientable a presenza do lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), tamén endémico aínda que abundante, e a comunidade de herpetos da illa de San Vicente, onde habita unha interesante poboación de píntega común (*Salamandra salamandra* subsp. *Bernardezi*).

Un dos principais valores do espazo natural, e sen dúbida o de maior resonancia, é a existencia dunha avifauna acuática variada e a capacidade do complexo estuárico para acoller continxentes importantes de varias especies. Así, a ría de Ortigueira e Ladrado é unha das zonas principais de Galicia polo seu total de aves acuáticas hibernantes (6-7.000 individuos), e as súas concentracións de limícolas (1.500-1.900) e anátidas (2.500-3.000) sitúanse no segundo e terceiro posto, respectivamente, nesta Comunidade Autónoma. Os efectivos hibernantes de asubiador (*Anas penelope*), gabita (*Haematopus ostralegus*), píldora cincenta (*Pluvialis squatarola*), pilro común (*Calidris alpina*), mazarico rubio (*Limosa lapponica*), mazarico real (*Numenius arquata*), bilurico patirrubio (*Tringa totanus*) e bilurico claro (*T. Nebularia*), alcanzan importancia a escala

estatal, mentres que outras 17 especies manteñen importancia a escala autonómica. A poboación de mazarico real é particularmente relevante, con concentracións outonais e invernales de 500-800 individuos, o que sitúa esta zona húmida no segundo posto para a especie en España. O papel da zona durante os pasos migratorios é tamén moi notorio no ámbito cántabro-galaico, e chega a albergar diariamente 4-5.000 limícolas con certa regularidade, e efectivos especialmente destacables no caso do pilro tridáctilo (*C. Alba*) e o mazarico rubio. Ademais, existe un pequeno núcleo reprodutor, único na costa cantábrica, da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) na praia de Morouzos. A presenza de mobellas (*Gavia spp.*), e de determinadas especies de mergullóns, anátidas e láridas pouco comúns no ámbito ibérico, así como o paso migratorio e internada de rapaces como a aguiá pescadora (*Pandion haliaetus*) é tamén notable. En conxunto, no LIC inventariáronse máis de 180 especies de aves, incluíndo 81 reprodutoras probables ou seguras.

Entre os mamíferos, dos que se coñece a presenza de polo menos 37 especies, destaca a lontra (*Lutra lutra*) que incluso pode ser localizada con regularidade na ría, e o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*).

Lexislación:

Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG n.º 69, do 12 de abril de 2004).
Resolución do 30 de abril de 2004 (DOG n.º 95, do 19 de maio de 2004).
Decreto 110/2004, do 27 de maio (DOG n.º 108, do 7 de xuño de 2004).
Decisión da Comisión, do 7 de decembro de 2004 (Diario Oficial da Unión Europea, L 387, do 29 de decembro de 2004).

Costa Ártabra:

Lugar que acolle unha gran variedade de elementos paisaxísticos, pois a costa Ártabra afecta a unha parte do territorio da comarca de Ortegal e que se estende a outras limítrofes. Inclúe os seguintes enclaves: serra da Capelada, Lagoa e Areal de Valdoviño (xa na comarca de Ferrol) e Lagoa de Doniños (tamén na comarca de Ferrol). A serra da Capelada é unha área de grande interese xeolóxico caracterizada pola presenza duns dos acantilados máis altos de Europa. Posúe algúns monumentos megalíticos e preciosos acantilados, nos que nidifican o falcón peregrino e diversas aves mariñas; acantilados que son observables dende a baixada cara o Santuario de San Andrés de Teixido e dende diversos puntos na pista que discorre pola costa que leva dende o Santuario ata ó Cabo Ortegal.

Extenso tramo de costa do extremo setentrional da provincia da Coruña, de máis de 100 km de fronte maioritariamente aberta, que se estende entre as rías de Ares e de Ortigueira. Inclúe, así mesmo, parte da serra da Capelada e da ría de Ferrol, e unha

superficie de augas mariñas de 548 ha. Ademais de posuír unha beleza paisaxística sobresaínte no seu conxunto, algúns dos seus recantos son merecentes da máxima consideración pola súa excelencia e singularidade escénica. Por outra parte, a súa variedade litolóxica, a existencia de amplas áreas de rochas básicas e ultrabásicas e a frecuente alternancia de extensos depósitos sedimentarios e áreas acantiladas de gran desenvolvemento e forte pendente, entre outros factores, propicia a existencia dunha variedade única de hábitats no marco da costa galega.

O LIC sitúase na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscríbese ao sector galaico-asturiano. O seu dominio climático é o oceánico húmido, cunha precipitación media anual que vai dos 1.376 aos 2.103 mm segundo sectores, unhas temperaturas medias de 12,9 a 13,1 °C e ausencia case total de xeadas.



Fig. 6: Costa de Santo André de Teixido

Ficha:

Código: ES1110002

Situación: Tramo costeiro do norte da provincia da Coruña, correspondente á comarca de Ferrol e unha parte da de Ortegal. Localidades de referencia: Ferrol, Valdoviño, Cedeira, Cariño.

Superficie: 7.658,53 ha.

Outras figuras de protección:

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Zona Húmda Protexida (Lagoa e areal de Valdoviño; 740,70 ha).
- Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA ES0000258 Costa de Ferrolterra-Valdoviño, 4.266 ha).
- Zona Ramsar (Lagoa e areal de Valdoviño, 7ES025; 255 ha).

Accesos: Os accesos principais á área Meirás-Valdoviño-Cedeira son as estradas C-646 e AC-113 (Ferrol-Ribadeo). As estradas locais C3601, C3603 e C3601 permiten chegar á área Covas-Doniños desde Ferrol. Á área punta Candieira-A Capelada-cabo Ortegal accédese polas estradas locais C2203 (Cedeira-Punta Candieira), C2204 e C2205 (Cedeira-Teixido-Cariño).

Infraestructuras: observatorio de aves na Frouxeira.

Hábitats: ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE), relacionados máis abaixo, este LIC conta con importantes representacións de vexetación helofítica (carriceiras e pasteiros, fundamentalmente) nas zonas húmidas de Doniños, San Xurxo, A Frouxeira e Pantín.

- Estuarios.
- Lagoas costeiras.
- Grandes calas e baías pouco profundas.
- Vexetación anual sobre reboutallos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Pasteiros salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritima*).
- Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.

- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Lagos e estanques distróficos naturais.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uceiras secas europeas.
- Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.
- Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano e alpino.
- Turbeiras de cobertor.
- Mires de transición.
- Turbeiras baixas alcalinas.
- Pendentes rochosas calcícolas con vexetación casmofítica.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Flora e vexetación: A gran variedade xeomorfolóxica desta costa, o desenvolvemento e pendente das áreas acantiladas (principalmente na área Ortegal-Capelada) e o gran protagonismo que teñen as rochas básicas e ultrabásicas, cuxa composición química e relación calcio/magnesio lle poñen fortes restricións á flora, propicia a existencia dunha variedade de hábitats sen parangón no ámbito costeiro, o desenvolvemento de comunidades vexetais únicas desta zona e a aparición dun gran número de endemismos de área reducida (varios deles exclusivos deste LIC) e multitude de taxons raros ou escasos en Galicia. O LIC abarca nada menos que dúas áreas de grande importancia pola variedade de taxons ameazados a escala estatal (*Atlas e Libro vermello da flora vascular ameazada de España*, MMA, 2003): en primeiro lugar, e considerado de importancia excepcional, está o sector Costa Norte da Coruña, que comprende a serra da Capelada e a costa entre Cedeira e cabo Ortegal, con 10 taxons de interese prioritario; en segundo lugar, tipificado como área importante, o sector Cabo Prior, que abarca os arredores do dito cabo e o areal de Doniños, con 5 taxons prioritarios. Para a flora liquénica, e só na área A Capelada, coñécese a existencia dun mínimo de 218 taxons saxícolas, incluíndo un gran número de elementos de filiación marítima,

de substratos básicos ou esciófilas, propias de covas e gretas das rochas. Numerosos taxons posúen un marcado interese bioxeográfico e alcanzan aquí o límite da súa área de distribución mediterránea ou noratlántica. Entre as especies de distribución moi restrinxida cabe mencionar a *Chiodecton petraeum*, *Lecanora glaucolutescens*, *Micarea curvata* e *Pertusaria lactescens*, só presentes noutros sectores puntuais de Europa.

Así mesmo, a flora pteridolóxica da Capelada posúe unha importancia excepcional, xa que, con polo menos 34 taxons, se sitúa á cabeza dos espazos naturais de Galicia en canto a riqueza e o seu carácter bioxeográfico pode considerarse único. Moitos destes feitos son raros (varios deles no ámbito ibérico), a súa distribución é moi restrinxida e encóntranse ameazados. Predominan os elementos propios de bosques e gretas rochosas, de filiación circumboreal, submediterránea e macaronésica. Destaca sobranceiramente *Hymenophyllum wilsonii*, cuxa poboación é a única na península Ibérica, así como *Culcita macrocarpa*, *Cystopteris diaphana*, *Davallia canariensis*, *Dryopteris guanchica*, *Stegnogramma pozoii* e *Woodwardia radicans*, que manteñen aquí núcleos importantes, os máis setentrionais da súa área de distribución mundial. Cómpre sinalar, así mesmo, a presenza de *Asplenium adiantum-nigrum* var. *corunnense*, exclusivo de rochas ultrabásicas desta e moi poucas outras áreas da Península. A maior parte destes feitos refúxiase en vagoadas sombrizas con bosque caducifolio autóctono, xa case desaparecido desta serra. A vexetación dunar, tanto a propia de dunas móbiles como estabilizadas, aparece moi ben representada nos numerosos areais do LIC, e en particular nos de Doniños, Santa Comba, Ponzos, A Frouxeira, Pantín e Vilarrube. Nesta área comezan a desaparecer ou rarificarse diversos elementos tipicamente presentes nos cordóns dunares galaico-portugueses, mostrando o tránsito cara ao sector galaico-asturiano, que precisamente ten o seu bordo sudoccidental no contorno de punta Coitelada. Isto ocorre, por exemplo, con *Iberis procumbens*, *Pseudorlaya pumila* f. *microcarpa*, *Silene littorea*, *Viola kitaibeliana* var. *henriquesii* ou a ameazada camariña, *Corema album*, (presente en baixo número en varios areais entre Covas e Pantín), que acadan nesta zona o extremo setentrional da súa área de distribución. Dous elementos característicos das dunas semifixas son de especial relevo, e foron cualificados en perigo en España: a escrofulariácea (*Antirrhinum majus* subsp. *linkianum*), cuxas únicas poboacións españolas se localizan entre os areais de Ponzos e Vilarrube, e a boraxinácea (*Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*), endemismo coruñés con importantes efectivos nas praias do sur do LIC.

De xeito paralelo, varios enclaves relevantes de vexetación palustre sitúanse tras os cordóns dunares. Predominan as formacións de grandes helófitos de auga doce ou lixeiramente salobre, e principalmente o carrizo (*Phragmites australis*), que forma extensas gándaras nas zonas húmidas da Frouxeira, San Xurxo e Pantín, orlando así mesmo a lagoa de Doniños. Nas partes máis internas destas carriceiras aparecen, ademais, notables formacións de ameneiral pantanoso. As xunqueiras salobres de *Juncus maritimus* e *Scirpus spp.* cobren unha apreciable extensión na Frouxeira, e o seu carácter vólvese tipicamente halófilo nas inmediacións da praia de Vilarrube, onde tamén aparecen outras especies típicas de salgal e pradarias da fanerógama mariña (*Zostera noltii*). Son de destacar, entre as especies acuáticas e higrófilas de reducida área de distribución en Galicia, *Cladium mariscus* (cuxas formacións son as de maior extensión de Galicia); a espadana (*Typha angustifolia*), varias orquídeas de depresións húmidas como a rara (*Epipactis palustris*), o equiseto (*Equisetum ramosissimum*) e diversos hidrófitos, como algunhas algas caráceas (*Tolypella*, *Chara*), *Najas marina* (*Ruppia maritima*), *Potamogeton pectinatus* e o nenúfar branco (*Nymphaea alba*), que ten unha excelente poboación en Doniños.

A vexetación propia de acantilados, paredes e pendentes rochosas e matogueiras costeiras é realmente espectacular pola súa variedade e pola cantidade de taxons endémicos e raros que alberga. Ademais das formacións do fieito marítimo (*Asplenium marinum*), as matogueiras halocasmofíticas, dominadas pola endémica herba de namorar (*Armeria pubigera*), e os herbais aerohalófilos, caracterizados pola gramínea (*Festuca rubra* subsp. *pruinosa*), todos eles profusamente representados, debe subliñarse a existencia dalgunhas comunidades exclusivas da Capelada e áreas próximas, como é o caso dos herbais sobre rochas serpentinizadas e ecloxitas (asociación *Loto glareosi-Rumicetum gallaecici*) e as propias de solos esqueléticos e afloramentos ultrabásicos no alto dos cantís (asociación *Sagino merinoi-Plantaginetum radicatae*). En todos estes ambientes aparece un número importante de plantas endémicas e raras, todas elas ameazadas. Tal é o caso de *Crepis novoana*, exclusiva dos cantís da ría de Cedeira, *Erodium maritimum*, cuxo reduto de Teixido é un dos tres coñecidos en España, e *Rumex rupestris*, con algúns núcleos entre cabo Prior e Cedeira; todas estas especies foron cualificadas en perigo crítico a escala estatal. Tamén endémicas desta zona e ameazadas son *Centaurea borjae*, *Festuca brigantina* subsp. *actiophyta* e *Rumex scutatus* subsp. *gallaecicus*. Outros elementos de gran relevancia, tamén endémicos ou de distribución moi localizada, que acompañan algúns dos taxons citados, son *Angelica pachycarpa*, *Antirrhinum majus*

subsp. linkianum, Leucanthemum pluriflorum, Leucanthemum x corunnense, Linaria aguillonensis, Plantago maritima subsp. serpentina e Sagina merinoi.

Entre as matogueiras atlánticas presentes, ademais da toxeira-uceira aerohalófila (asociación *Sileno maritimae-Ulicetum humilis*), son especialmente destacables as uceiras higrófilas caracterizadas por unha ericácea pouco común (*Erica erigena*) (asociación *Erico erigenae-Schoenetum nigricantis*), as uceiras propias de substratos procedentes de rochas ultrabásicas, con *Erica mackaiana* e *Erica vagans* (subasociación *ericetosum vagantis* da asociación *Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaianae*), tamén propias da área da Capelada, e as xesteiras de *Cytisus ingramii*, endémica do norte de Galicia (asociación *Ulici europaei-Cytisetum ingramii*). Intercalados nas uceiras, os pasteiros vivaces propios de solos serpentínicos albergan plantas adaptadas ás restritivas condicións do substrato e algunhas especies de óptimo montano, que aparecen aquí, de maneira atípica, a moi baixa altitude, e entre as que cabe citar a *Erinus alpinus*, *Fritillaria pyrenaica*, *Gentiana verna* e *Iris latifolia*. Na Capelada estes tipos de vexetación conforman unha paisaxe en mosaico con pradarías artificiais, piñeirais de repoboación e, aínda que parcialmente degradadas e reducidas na actualidade, algunhas áreas de turbeira, onde é posible atopar plantas insectívoras como *Pinguicula lusitanica* ou *Drosera rotundifolia* e briófitos de interese como o ameazado *Sphagnum pylaesii*.

Fauna: Varias especies de invertebrados ameazados en Europa e incluídos no anexo II da Directiva Hábitats están presentes no LIC, como o caracol (*Elona quimperiana*), a lesma (*Geomalacus maculosus*), o odonato (*Coenagrion mercuriale*), o ropalócero (*Euphydryas aurinia*) e o coleóptero (*Lucanus cervus*). Entre os vertebrados, a fauna herpetolóxica constitúe un dos seus valores máis destacados. A área da Capelada, en particular, foi recentemente incluída no inventario de áreas importantes para a herpetofauna española (Dirección Xeral de Conservación da Natureza, 2004), e alberga 24 taxons de anfibios e réptiles, dos cales 10 son endemismos ibéricos. Entre os seus compoñentes máis característicos é obrigado citar a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*), especie tipicamente montana que aparece aquí, igual que a ra vermella (*Rana temporaria* subsp. *parvipalmata*), nunha zona de baixa altitude, así como a subespecie cantábrica da píntega (*Salamandra s. bernardezi*), que acada nesta zona o límite occidental da súa área de distribución, e a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), endémica do noroeste ibérico. A escala xeral, predominan as especies do norte e endémicas do occidente da península

Ibérica, como o tritón ibérico (*Lissotriton boscai*), ou o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*).

A avifauna é outro dos grandes valores do LIC. A área alberga interesantes colonias de aves mariñas, principalmente asentadas nas illas Gabeiras, os illotes do contorno de cabo Prior e os illotes Aguillóns, fronte a cabo Ortegal. Neles nidifica o paíño pequeno (*Hydrobates pelagicus*), cuxo mellor reduto de cría de Galicia se atopa posiblemente nas illas Gabeiras, e o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), que conta con arredor de 100 parellas, mentres que a gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*), forma pequenas colonias (300-400 parellas). Cómpre subliñar que o contorno de cabo Ortegal albergou ata a década de 1960 a que era a maior colonia de cría do raro arao (*Uria aalge*). Ademais, nas Gabeiras localízase un importante dormitorio invernal de corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo*). Por outra parte, a avifauna rupícola é a máis variada de Galicia e inclúe o falcón peregrino (*Falco peregrinus*), o lagarteiro (*Falco tinnunculus*), o andoriñón real (*Apus melba*), o merlo azul (*Monticola solitarius*) (poboación nidificante máis importante da costa galega), a choia (*Pyrhacorax pyrrhacorax*) (tamén cun dos seus núcleos nidificantes máis relevantes en Galicia); a gralla pequena (*Corvus monedula*), o corvo grande (*Corvus corax*), e, polo menos ata tempos recentes, a pomba das rochas (*Columba livia*). As lagoas e areais concentran unha gran variedade de aves acuáticas e palustres. Destacan as concentracións de acuáticas nadadoras, como os patos (*Aythya spp.*) e diversas especies de patos de superficie (*Anas spp.*), as galiñolas negras (*Fulica atra*) (tradicionalmente a mellor zona de invernada en Galicia na Frouxeira) e os mergullóns pequenos, (*Tachybaptus ruficollis*), así como a frecuente presenza invernal do ameazado abetouro (*Botaurus stellaris*), e a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), a presenza como nidificante da garza pequena (*Ixobrychus minutus*), e a cría do pato frisado (*Anas strepera*) (10-15 parellas) na Frouxeira, que constitúe o seu único punto de cría regular en Galicia. A invernada e, sobre todo, o paso de limícolas e gaivotas é moi destacado e os areais do LIC son puntos de parada migratoria moi importantes para o pilro tridáctilo (*Calidris alba*) (ata máis de 1.000 aves por día en determinados anos, principalmente en primavera), o mazarico rubio (*Limosa lapponica*), e a gaivota escura (*Larus fuscus*), entre outras moitas especies. Así mesmo, os maiores areais acollen algunhas parellas reprodutoras da escasa pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), que tamén inverte regularmente na Frouxeira. Entre os passeriformes de carriceira ten un singular interese a nidificación do ameazado e endémico escribente das canaveiras iberoccidental (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica*). O areal da Frouxeira é un dos puntos de invernada do escribente das neves

(*Plectrophenax nivalis*), máis regulares e importantes de España. Esta rara especie boreal é, ademais, un visitante habitual das uceiras e herbais da serra da Capelada, que tamén recibe outros migradores ou invernantes raros ou infrecuentes en Galicia, algúns deles tipicamente montanos, como o merlo papobranco (*Turdus torquatus*), a azulenta alpina (*Prunella collaris*), a gatafornela (*Circus cyaneus*), o esmerillón (*Falco columbarius*), ou a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*). Os campos e piñeirais, e en particular os da Capelada, acollen unha gran variedade de paseriformes e outras aves terrestres, nos que son frecuentes especies como a papuxa do mato (*Sylvia undata*), a noitarega ou avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), e os ferreiriños (*Parus spp.*). Tamén na Capelada se citou a nidificación, moi rara en Galicia, do ubalo (*Carduelis spinus*), e nos seus herbais e acantilados acantóase unha singular poboación nidificante de pica alpina (*Anthus spinoletta*), especie tipicamente montana e que aquí se reproduce a moi baixa altitude. Entre os mamíferos, a lontra (*Lutra lutra*), é aínda frecuente nas zonas húmidas, e citouse a rara presenza do gato bravo (*Felis sylvestris*), e a marta (*Martes martes*), na Capelada. O corzo (*Capreolus capreolus*), é moi numeroso en case toda a área e incluso pode encontrarse con frecuencia pacendo nos herbais dos acantilados mariños.

Lexislación:

- .-Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG n.º 69, do 12 de abril de 2004).
- .-Resolución do 30 de abril de 2004 (DOG n.º 95, do 19 de maio 2004).
- .-Decreto 110/2004, do 27 de maio (DOG n.º 108, do 7 de xuño 2004).
- .-Decisión da Comisión, do 7 de decembro de 2004 (Diario Oficial da .-Unión Europea, L 387, do 29 de decembro de 2004).

Estaca de Bares:

Está situada no extremo Norte de Galicia. É o cabo mais septentrional da Península Ibérica a cabalo entre as provincias da Coruña e Lugo. Está formado por un macizo de granito e constitúe o extremo Norte da serra da Faladora. A súa metade septentrional, incluído o cabo de Estaca de Bares, constitúe un sector de acantilados que nalgúns puntos pode superar os 100 metros de altura dende o nivel do mar. Ten importancia dende o punto de vista paisaxístico, botánico e ornitolóxico, sendo un espazo de especial importancia internacional como punto de observación de aves mariñas ó ser un lugar de paso na ruta que as aves do occidente europeo seguen camiño do Sul. De ahí que fora catalogado como lugar de interese nacional.

Tramo costeiro exposto, situado a cabalo das rías de Ortigueira e O Barqueiro, dunha sobresaínte beleza paisaxística. Esténdese entre as praias de Bares (Mañón) e de Eirón (Espasante, Ortigueira).

O litoral é moi abrupto e acantilado, con fortes pendentes, e alcázanse alturas normalmente por encima dos 50 m e ata máis de 200 m. Os desprendementos rochosos e os coídos (praias de cantos) baixo os cantís son tamén unha constante na zona. Tamén hai algúns illotes de reducidas dimensións, aínda que moi escarpados (Os Sigüelos, Punta Herbosa, Pedra Sardiña, Pena Furada, As Tres Marías, O Carro).

Tamén hai un pequeno esteiro con vexetación de marisma tras a praia de Esteiro e pequenos sistemas dunares neste lugar e nas praias de Bares e de Mazorgán e Eirón (Espasante), que pechan o espazo natural polo sur. Unha característica singular da área é a existencia, na metade meridional da súa fronte costeira, de numerosos areais rasos, de moi difícil acceso, que se encontran encaixados entre acantilados de grande altura e non presentan dunas, sendo cubertos regularmente polas preamares. Trátase das solitarias praias de Picón, O Castro, Fabrega, Furada e O Sarridal, entre outras de máis reducidas dimensións. En conxunto, a lonxitude de costa areosa rolda os 5,2 km, aínda que nas súas dúas terceiras partes está totalmente flanqueada por cantís de grande altura e verticalidade.

A área, que está integrada no dominio do ollo de sapo, é litoloxicamente complexa, e aparecen sucesivas bandas de granodioritas biotíticas tardías (na mesma Estaca), granitos de dúas micas (na zona de punta Maeda), filitas (en Esteiro), esquistos con vetas de espilitas (en Picón e arredores), grauvacas e cuarzodioritas porfidograníticas (nas inmediacións de Espasante). Sitúase na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscríbese ao sector galaico-asturiano. Dominio climático oceánico húmido, con precipitacións medias anuais de 1.062 mm, temperatura media de 12,9 °C e ausencia de xeadas.



Fig. 7: Estaca de Bares.

Ficha:

Código do LIC: ES11100010

Situación: No extremo norte da provincia da Coruña. Representa o punto máis setentrional da península Ibérica e constitúe a divisoria xeográfica entre o mar Cantábrico e o océano Atlántico. Localidades de referencia: Bares, O Barqueiro e Espasante.

Superficie: 935,79 ha.

Outras figuras de protección:

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Parte do actual LIC foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional por Orde ministerial no ano 1933.

A área correspóndese parcialmente coa IBA 006 Punta Candeeira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, incluída no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Accesos: A vía principal de acceso é a estrada C-642 (Ferrol-Ribadeo). Desde esta estrada chégase á punta de Estaca de Bares pola AC-100, que comunica O Barqueiro con Bares. Ao lugar de Esteiro pódese chegar por estradas locais desde Loiba e O Barqueiro.

Infraestructuras: Estación Ornitolóxica de Estaca de Bares, propiedade da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia (lugar de Muíños, parroquia de Bares).

Hábitats: Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, o LIC conta con formacións de vexetación helofítica (Esteiro).

- Esteiros.
- Vexetación anual sobre reboutallos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uceiras secas europeas.
- Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.

Flora e vexetación: A vexetación mellor representada, como é obvio, é a de rochedos e matogueiras costeiras. Nos cantís e desprendementos rochosos máis baixos están presentes as formacións de pteridófitos propios de ocos e caliñas húmidas, co feito mariño (*Asplenium marinum*), como especie característica, así como a asociación de caméfitos halocasmofíticos (propios de gretas e resistentes á salinidade), dominados pola endémica herba de namorar (*Armeria pubigera*) (aquí xa na área de contacto entre a subsp. *pubigera* e a subsp. *depilata*, propia das costas cantábricas), e o perexil mariño (*Crithmum maritimum*). A un nivel máis elevado, os pasteiros graminoides aerohalófilos (influídos pola marusía), tipicamente coa gramínea (*Festuca rubra* subsp. *Pruinosa*), e a uceira-toxeira aerohalófila, xa no límite superior da área de influencia salina, caracterizado polo toxo endémico (*Ulex europaeus* subsp. *Latebracteatus*). A maior altura hai amplas extensións de monte baixo e matogueiras, nalgúns puntos de tipo higrófilo, conformadas polos toxos (*Ulex europaeus*, *Ulex gallii*) e diversas ericáceas (*Erica* spp., *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica*) e xestas (*Cytisus* spp.), como na área Bares-monte Facho da Maeda e entre a Estaca e o cabo de Bares. Xuntamente coas armerias, estas comunidades vexetais acollen numerosas especies endémicas máis ou menos raras, como *Angelica pachycarpa*, *Cytisus ingramii*, *Rumex acetosa* subsp. *biformis*, *Scilla merinoi*, *Silene scabriflora* subsp. *gallaecica* e *Linaria aguillonensis*, exclusiva dos cantís mariños do norte da provincia da Coruña e considerada especie en perigo en España. Nos pequenos sistemas dunares predomina a vexetación de dunas embrionarias e dunas primarias e secundarias, coa grama mariña (*Elymus farctus* subsp. *boreali-atlanticus*), e o feo de praia ou amófila das dunas (*Ammophila arenaria*), como

elementos máis característicos. En Bares está citado un endemismo das costas de Portugal e NW de España, *Calendula suffruticosa* subsp. *algarbiensis*. Ademais, xunto á praia de Esteiro desembocan o río do mesmo nome e o regato de Mogor, que dan lugar a unha pequena pero interesante zona húmida, en que se encontra unha boa extensión de xunqueiras e herbais subhalófilos e manchas de vexetación helofítica (*Phragmites australis*, *Scirpus maritimus*) e salgueiral pantanoso.

Fauna: A Estaca de Bares é un punto de observación do paso migratorio de aves, e en particular de aves mariñas, de renome internacional. Entre as circunstancias que contribúen a que sexa un lugar tan excepcional está a súa situación xeográfica no extremo noroccidental da Península, a proximidade da plataforma continental, o que favorece o estacionamento das aves mariñas, e o feito de encontrarse en plena ruta migratoria de múltiples especies procedentes de diferentes puntos do Atlántico, do Mediterráneo e do Ártico. A área actúa como unha especie de "colo de botella" ou ruta de paso obrigado para centos de miles de aves, moitas das cales, dependendo das circunstancias meteorolóxicas ou dos recursos dispoñibles, chegan a sedimentarse nas augas próximas ou, no caso das aves terrestres, en terra firme. Da enorme relevancia da área abonda dicir que ao longo do ano 2004 só a trasfega de aves mariñas en dirección oeste foi estimado nun mínimo de 1,2 millóns de individuos, e que a valoración máis optimista podería alcanzar os 2,7 millóns. Entre este grupo de aves, algunhas impresionantes cifras achéganas, por exemplo, o mascato (*Morus bassanus*), cunha estima mínima de 97.000 aves, o pentumeiro (*Melanitta nigra*), con 52.000, varias especies de pardelas e furabuchos (*Calonectris diomedea*, *Puffinus spp.*), con mínimos oscilantes entre 25.000 e 59.000 (incluíndo 27-59.000 individuos no caso do endémico e globalmente ameazado furabuchos balear (*Puffinus mauretanicus*), tres especies de palleiras (*Catharacta skua*, *Stercorarius spp.*), con polo menos 3.000 a 7.500 exemplares, ou tres especies de carráns (*Sterna spp.*), con 19-29.000. Á parte das aves mariñas, o cabo e as súas inmediacións son utilizados como área de recalada dunha gran variedade de aves terrestres, varias delas migradoras transaharianas, que en moitos casos tocan terra por primeira vez aquí tras atravesar o golfo de Biscaia, este é o caso do peto formigueiro (*Jynx torquilla*), o chasco do norte (*Saxicola rubetra*), ou o pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), entre outras moitas especies de paso regular.

O interese ornitolóxico da área complétase, no principal, coa existencia de pequenas colonias de aves mariñas, como a gaivota patiamarela (*Larus michahellis*)

(máis de 200 parellas), e o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) (20-30 parellas) e a presenza de aves rupícolas como o falcón peregrino (*Falco peregrinus*), o lagarteiro (*Falco tinnunculus*), o merlo azul (*Monticola solitarius*), a choia (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), e o corvo grande (*Corvus corax*). Entre outros grupos de vertebrados (en xeral moi escasamente coñecidos) debe subliñarse a existencia dalgúns elementos herpetofaunísticos interesantes, como a píntega común cántabro-galaica (*Salamandra salamandra* subsp. *Bernardezi*), o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*) e, sobre todo, a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*) que aquí alcanza o nivel do mar, ademais da presenza de varios quirópteros (caso de *Plecotus austriacus* ou *Rhinolophus ferrumequinum*) e a frecuencia con que é posible observar unha gran variedade de cetáceos en augas próximas ao espazo natural.

Lexislación:

Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG n.º 69, do 12 de abril de 2004).
Resolución do 30 de abril de 2004 (DOG n.º 95, do 19 de maio de 2004).
Decisión da Comisión, do 7 de decembro de 2004 (Diario Oficial da Unión Europea, L 387, do 29 de decembro de 2004).

O cadro que se presenta a continuación mostra unha relación dos espazos sometidos a protección medioambiental e que se atopan de forma total ou parcial no territorio da comarca de Ortegal (Cadro 2).

SUPERFICIE SOMETIDA A PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL	
ESPAZO	SUPERFICIE (Ha.)
ORTIGUEIRA-MERA	3.795
ESTACA DE BARES	965
COSTA ÁRTABRA	7.695
TOTAL	12.455

Cadro 2. Superficie sometida a protección medioambiental

Fonte: Consellería de Medioambiente

No territorio atopamos tamén outros espazos naturais de enorme interese, que son obxecto dalgunha forma de protección:

Ría do Barqueiro e Estuario do Sor. Esta ría divide as dúas provincias do Norte de Galicia, A Coruña e Lugo, extendéndose dende a Punta da Estaca de Bares ata a Punta do Embarcadoiro (Mariña occidental). Ten unha lonxitude de 5 quilómetros e corresponde á desembocadura do río Sor. Ésta da lugar a un gran estuario de grande interese ecolóxico e de características singulares, que foi declarado zona natural protexida no ano 1997.

Ribeiras do Sor: No seu curso alto o Sor transcorre encaixonado entre as ladeiras de montañas que chegan a alcanzar os 400 metros de desnivel. As ribeiras están cubertas dunha vexetación arbórea que dificultan en moitos casos o acceso, favorecendo así a súa conservación.

Punta Candeira, Illas Aguilóns e Illa Gabeira: de grande riqueza paisaxística e ornitolóxica.

Costa de Ferrolterra e Valdoviño: Fronte costeira aberta ao noroeste e norte da cidade de Ferrol, na que alternan algúns pequenos cabos e baías moi expostas. Inclúese na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscríbese ao sector galaico-asturiano no seu extremo sudoccidental. Dominio climático oceánico húmido, cunha precipitación media anual de arredor de 1.376 mm, temperatura media de 13 °C e ausencia case total de xeadas. O rango altitudinal é de 0-239 m s.n.m.

A liña de costa alterna areais e cantís. O litoral areoso abarca uns 10 km e caracterízase pola existencia de praias abertas con extensos sistemas dunares, que frecuentemente se estenden sobre zonas acantiladas próximas, como en Doniños, San Xurxo, Santa Comba, Ponzos e A Frouxeira. En xeral, a costa rochosa é moi alta, particularmente no tramo Cabo Prior-Monte da Vela. Hai, ademais, algunhas illas e illotes moi escarpados ao sur do espazo natural (Gabeiras, Herbosa, Os Cabalos). As lagoas litorais son características deste tramo costeiro e aparecen separadas do mar por praias-barreira e conectadas con el mediante canos de desaugamento máis ou menos cegados; a lagoa da Frouxeira é de augas salobres e superficiais (máximo arredor de 1,5 m), con influencia mariña regular, mentres que as de Doniños e San Xurxo son de augas doces e están illadas do mar actualmente; a primeira é moi profunda (máximo de 11 m) e a segunda está parcialmente colmatada e apenas presenta augas libres. Nestas lagoas, así como noutros pequenos encharcamentos de trasduna, aparecen importantes formacións de vexetación palustre (carriceiras, xunqueiras, masegares, macrófitos somerxidos) e orlas de bosque pantanoso.

Xubia-Castro: Tramo medio e baixo do río Grande de Xubia entre a incorporación do río de As Ferrerías e a súa desembocadura na ría de Ferrol. Tamén comprende a subconca do seu máis importante tributario, o río Castro e o seu afluente o Cando. Estes dous últimos bordean e se introducen na serra de Forgoselo, que tamén forma parte do LIC. O rango altitudinal vai dos cero ós 545 m s.n.m., con una media de 407 m.

Migmatitas granitoides e gneises nas proximidades da súa desembocadura, e esquistos, i en menor medida filitas e grauvacas, ó longo do resto da cunca, compoñen o sustrato litolóxico. A serra de Forgoselo deslínase nítidamente do resto, pois está conformada por un macizo claramente alóctono e con áreas de contacto cortantes ou encaixantes, con fortes desniveis sobre todo ó longo da súa cara norte, en claro contraste coa superficie máis ou menos aplanada que conforma a súa parte alta, e que se elevan dende os 100 m a orillas del río Castro ata los 667 m do monte Fontardiñón, xa fora de este espacio natural. Integrada por granitos de dúas micas, a área posee interesantes mostras de xeomorfoloxía granítica.

O trazado do río Grande de Xubia pode considerarse intermedio entre sinuoso e meandrante e o desnivel dentro do espacio protexido é escaso, dun 0,4% á altura do río de As Ferrerías a un 0,3% cerca da súa desembocadura, donde, sin embargo, encáixase finalmente antes de abrirse á ría durante uns 4 km. O seu réximen fluvial é do tipo pluvial atlántico e o seu caudal absoluto de 5,5 m³/seg, máximo entre os meses de deciembre e marzo, cun pico en febreiro.

Pertence á rexión Eurosiberiana, provincia Atlántica-Europea e subprovincia Cántabro-Atlántica, adscribiéndose ó sector Galaico-Asturiano. Dominio climático Oceánico húmedo, cunha temperatura media de 13,8 °C e unha precipitación media anual de 1.388 m na cunca baixa, que se incrementa ata máis de 1.900 mm na serra de Forgoselo.



Fig. 8. Desembocadura e estuario do Río Sor



Fig. 9: Vista de Punta Candieira, illas Aguillóns e illa Gabeira



Fig. 10: Costa de Ferroltera

2.4.- Superficie en zona desfavorecida ou de montaña.

O Regulamento CE nº 1257/99 do Consello, de 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural con cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), estableceu no seu capítulo V, un réxime de axudas ás zonas desfavorecidas 2 e ás zonas con limitacións medioambientais específicas, calificando éstas coma zonas de montaña, despoboamento e con dificultades especiais, conforme ós artigos 18, 19 e 20 respectivamente do Regulamento 1257/99 CE.

Nesta relación de zonas desfavorecidas de acordo co disposto no Regulamento CE do Consello, aparecen cinco concellos que conforman o territorio de Costa Noroeste.

Concello	Superficie 2007 (km2)	Superficie Protexida (km2)
Cariño	47,2	21,33
Cedeira	85,42	18,3
Cerdido	52,72	1
Mañón	82,21	5,87
Ortigueira	210,03	14,02

Cadro 3. Superficie de montaña ou desfavorecida.

Fonte: Agader, e elaboración propia.

2. Definidas como Zonas Desfavorecidas na Directiva de 1975 como terras pouco productivas, baixa productividade agraria e débil densidade de poboación ou regresión demográfica.

2.5 Rasgos xeolóxicos.

O relevo e a estrutura xeolóxica actual das comarcas de Ferrol e Ortegal son resultado dunha longa historia xeolóxica que debe contemplarse co resto de Galicia e conxuntamente dentro do denominado macizo Varisco.

Este macizo é produto da existencia de deformacións da idade anterior, e do fin da oroxénese Varisca que comezou a afectar a Galicia no Devónico, hai uns 340 millóns de anos. Antes desta oroxénese Galicia formaba parte dunha cunca de sedimentación na que se depositaron limos, areas, cantos e carbonatos. Esta cunca pertencía ó chamado Océano Medio Europeo, mar anterior ó Atlántico. Os sedimentos depositábanse sobre bloques da codia, localizados nunha marxe continental de tipo pasivo, que se ía afundindo polo propio peso dos sedimentos. Estes bloques estaban separados por unha rede de fracturas a favor das cales ascendían materiais en estado fundido, como lavas, que paulatinamente se ían depositando nun suco que hoxe é o Olló de Sapo, que son así mesmo as rochas que mais afloran na parte oriental de Ortegal.

Á vez que se daban estes fenómenos, no Oeste suponse a existencia dunha antiga dorsal oceánica a favor da cal emerxían rochas basálticas. Esta dorsal constituía o punto inicial a partir do cal se ían expandindo os fondos oceánicos.

No Cámbrico a actividade volcánica diminuíu e tivo lugar a oroxénese Caledoniana. A finais do Cámbrico e comezos do Ordovícico, o carácter distensivo dos procesos xeolóxicos tornáronse de tipo compresivo, dando lugar a un importante proceso de subducción que afectou ós materiais primitivos do Complexo de Cabo Ortegal, e provocou enormes tensións, a liberación de gran cantidade de enerxía, unha importante deformación e un aumento da temperatura. O que supuxo a modificación da composición das rochas da codia oceánica ao seren intruídas por extensos corpos materiais procedentes do manto.

Quizáis o mais relevante aspecto da xeoloxía do territorio é o complexo do dominio do Olló de Sapo, o antiformal do Olló de Sapo é unha importante banda anticlinal estreita que se estende dende os arredores do Barqueiro (Mañón), ata a meseta castelaleonesa. Describe un grande arco en Galicia e obsérvase tamén cara o Leste de Sanabria (Zamora), lugar a partir do cal queda oculta polos materiais terciarios da meseta, para reaparecer no centro peninsular por terras de Guadalaxara.

A parte NW desta estrutura antiformal do Olló de Sapo foi estudada dende hai bastantes anos. Xa nos 60 do s. XX, Parga Condal e Matte realizaron estudos da

estructura. Para Matte, o afloramento da formación no Barqueiro forma o núcleo dun anticlinal de segunda fase que se superpón ó flanco normal dun grande anticlinal deitado de primeira fase. Este anticlinal vai deixando paso cara ó Sul a outros, como o de Guitiriz, Vilachá, Queixa e Sanabria.

Distinguía, así mesmo, dúas fases de pregamentos variscos. A primeira deu lugar a grandes pregamentos deitados con vexencia Leste, corresponde coa deformación tangencial cunha componente rotacional importante, ó final da cal se produciron zonas de cisalla dúctil, acompañados de encabalgamentos. A segunda fase xerou pregamentos de dirección subparalela á primeira, pero cun plano axial subvertical e cunha xistosidade asociada de crenulación. Estas estruturas foron descritas por moitos investigadores baixo a denominación de estruturas de segunda fase, con isto, esta segunda fase pasou a chamarse terceira fase de deformación varisca. **IGME. J.M. RÍOS (1983).**

En resume a estrutura do antiforme do Olo de Sapo é o resultado da superposición das dúas primeiras fases de deformación.

O outro compoñente de grande importancia, dando o punto de vista xeolóxico, é o de Cabo Ortegal. Este complexo ocupa unha extensión duns 450 quilómetros cadrados, sendo o mais setentrional de tódolos complexos alóctonos. Está separado do dominio xistoso por un encabalgamento, os seus límites polo Leste e Sul están marcados por un encabalgamento que o separa dun paraautóctono constituído por materiais da idade ordovícica que forman o chamado dominio xistoso.

O Complexo define unha cubeta sinformal cun lixeiro cabeceo axial cara ó Norte, o que fai que cartográficamente presente unha forma semielíptica. Un trazo significativo na cartografía deste complexo é a presenza dun gran sinforme deitado na Unidade da Capelada.

Este Complexo representa fragmentos de litosfera oceánica e continental, que se viron involucrados en importantes procesos de subducción e que posteriormente foron abducidos sobre a marxe continental do supercontinente (Gondwana) durante a oroxenia varisca **DÁVILA DÍAZ (1931).**

BIBLIOGRAFÍA

- I. Casas Torres, J.M., Miralbés Bedera, R. e Torres Luna, M.P.: *La división territorial de Galicia y su evolución. En Actas de la X Reunión de Estudios Regionales. León. Pp. 765-784.*
- II. Chantada Acosta, J.R. e Hernández Borge, J. (1984): *La División Territorial de Galicia y su evolución. Actas de la X Reunión de Estudios Regionales. León.*
- III. Dávila Díaz, J. (1913): *Apuntes Geográficos del Partido Judicial de Ortigueira y plano del mismo. A Coruña.*
- IV. Dávila Díaz, J. (1931): *Geografía descriptiva de la Comarca de Ortigueira. Excma. Diputación Provincial de La Coruña. A Coruña.*
- V. Fariña Jamardo, J. (1975): *La parroquia rural en Galicia. IEAL. Madrid.*
- VI. Fariña Jamardo, J. (1982): *El hábitat gallego. Ecma. Diputación de A Coruña. A Coruña.*
- VII. IGME (1983): *Geología de España. Libro Jubilar J.M. Ríos. Comisión nacional de Geología. Instituto Geológico y Minero de España. Tomos I y II. Madrid.*
- VIII. Laredo Verdejo, X.L. (1991): *Ortigueira-Mañón. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña.*
- IX. López Gómez, F. S. (1995): *Rías Altas de Ferrolterra a Estaca de Bares. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña.*
- X. Lorenzo Fernández, M. (2005): *Natura 2000 en Galicia. Cordero Rivera, A. (Coord. Ecoloxía). Hércules Edicións, S.A. (Ed): Proxecto Galicia. A Coruña.*
- XI. Precedeo Ledo, A. (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal. Xunta de Galicia. Edit. Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Santiago de Compostela.*
- XII. Precedeo Ledo, A. (1994): *Desarrollo Territorial e Planificación Comarcal. Edit. Presidencia da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.*
- XIII. Ramil González, E.; Breixo Rodríguez, X.C e Grañido Seoane, E (1999): *Historia de Ortigueira. Edit. Vía Láctea. Ortigueira.*
- XIV. Rosende, A (1999): *Ortigueira. Guía histórica e social da Vila de Sta. Marta e as parroquias do seu concello. Excmo. Concello de Ortigueira. Ortigueira.*
- XV. Santos Solla, X. e Pazo Labrador (1995): *Poboación e Territorio. Edit. Difux, S.L. Santiago de Compostela.*

- XVI. Torres Luna, M.P.; Pérez Fariña, M.L. e Santos Solla, X. (1989): *Municipios y parroquias de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- XVII. Torres Luna, P. (1994): *Parroquias y Arziprestazgos*. Edit. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago.
- XVIII. Vélez Barrio, E.; Pereiro Vizcaíno, M.C. (1998): *Paraxes naturais de Galicia (I): O litoral*. Edit. Xerais de Galicia. Vigo (Pontevedra).
- XIX. Xunta de Galicia. C.O.T.O.P (1991): *Normas Subsidiarias de Planeamiento da Provincia da Coruña*. Santiago de Compostela.
- XX. Xunta de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial (Varios Autores) (1997): *Plan de Desarrollo Comarcal nº 12 Comarca de Ortegal*. Santiago de Compostela.
- XXI. Xunta de Galicia. Presidencia (2001): *Atlas de Galicia. O Medio Natural*. S. X. de Planificación e Desenvolvemento Comarcal. S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Santiago de Compostela.

2. Análise sociodemográfica

2.1 Volume e distribución espacial da poboación

A poboación dos doce concellos integrantes do GDR "Asociación Costa Noroeste" no ano 2007 sitúase en 172.209 habitantes, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) procedentes do Padrón Municipal de Habitantes. Esta poboación distribúese nunha superficie de 796,1 quilómetros cadrados, o que da como resultado unha densidade de poboación de 216,32 hab./Km².

Unha primeira impresión deste último dato reflexa unha zona especialmente poboada, posto que supera a media provincial (142,5) e a galega (93,7). Nembargantes, se analizamos os resultados por concellos, podemos observar que dos concellos integrantes do GDR, seis deles (a metade) teñen densidades de poboación por debaixo das medias da provincia e/ou de Galicia. Nalgúns casos, como os concellos de Cariño, Cedeira e Valdoviño, con valores moi cercanos ás medias de referencia, e noutros, como Cerdido, Mañón e Ortigueira, con valores significativamente inferiores.

TERRITORIO GDR (Datos ano 2007)			
CONCELLO	SUPERFICIE	Poboación	Densidade de poboación
Ares	18,3	5.598	305,9
Cariño	46,8	4.680	100
Cedeira	85,4	7.482	87,6
Cerdido	52,7	1.439	27,3
Fene	26,3	14.222	540,8
Ferrol	82,6	75.181	910,2
Mañón	82,2	1.693	20,6
Mugardos	12,8	5.636	440,3
Narón	67	36.245	541
Neda	23,8	5.649	237,4
Ortigueira	210	7.406	35,3
Valdoviño	88,2	6.978	79,1
TOTAL	796,1	172.209	216,32


Elaboración propia. Fontes: INE. Padrón municipal de habitantes. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Polo contrario, os concellos da comarca de Ferrol (exceptuando Valdoviño e Cedeira) presentan unhas densidades de poboación superiores. Así, obsérvase que esta magnitude vese altamente superada no caso do municipio de Ferrol que chega a acadar os 910 habitantes por Km², seguido de Narón e Fene que roldan os 540 habitantes por Km². O concello de Mugardos, o máis pequeno en superficie, presenta unha densidade bastante superior á media galega.

A explicación a estes datos pódese encontrar nunha triple vertente: en primeiro lugar esta comarca se estende en torno a unha das sete grandes cidades galegas, Ferrol, que exerce como polo de atracción do territorio norte da provincia; en segundo lugar, á tendencia –contrastada nos últimos anos– de toda Galicia á densificación litoral; e, por

último, que os concellos limítrofes ás grandes cidades seguen a ser o destino preferente das migracións dentro de Galicia, como se verá con máis detalle cando se estudie o movemento natural da poboación. En resumo, pódese dicir que as áreas urbanas e a periferia costeira se constitúen en importantes polos de atracción da poboación en Galicia.

Nas seguintes táboas pódense observar as densidades de poboación dos 12 concellos, en relación ás medias de Galicia, da provincia da Coruña, e tamén da propia media do territorio do GDR:



Comparativa densidades de poboación (Galicia e provincias-Territorio GDR) 2007	
GDR	216,32
Galicia	93,7
A Coruña	142,5
Lugo	36
Ourense	46,3
Pontevedra	210,8

En todo caso, despois de facer unha revisión os datos poboacionais globais do territorio íntegro do GDR "Costa Noroeste", cómpre detallar os datos referentes ó **volumen de poboación correspondente ó territorio elixible para o programa Leader**, que, debido á exclusión de determinados núcleos de poboación (superiores ós 2.000 habitantes), varía notablemente os valores anteriormente analizados.

Así, a poboación do GDR, excluindo as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes dos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010, quedaría como indica a seguinte táboa:

TERRITORIO ELIXIBLE GDR (Datos ano 2007)		
Concello	Poboación	Entidades singulares de poboación excluídas
Ares	1.891	Ares
Cariño	4.680	
Cedeira	7.482	
Cerdido	1.439	
Fene	14.222	
Ferrol	7.968	Ferrol
Mañón	1.693	
Mugardos	3.013	Mugardos
Narón	27.834	A Solaina Gándara de Arriba
Neda	5.649	
Ortigueira	7.406	
Valdoviño	6.978	
TOTAL	90.255	

DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN: A dispersión da poboación

A distribución da poboación por concellos segundo o rango de poboación dos municipios recóllese na seguinte táboa, na que se establece unha clasificación do número de habitantes residentes nos concellos segundo o seu tamaño poboacional:

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN		
RANGO POBOACIÓN/CONCELLO	Poboación 2007 (nº habitantes)	Concellos
< 500	-	-
de 501 a 1000	-	-
de 1001 a 2000	3.132	Cerdido Mañón
de 2001 a 5000	4.680	Cariño
de 5001 a 10000	38.749	Ares Cedeira Mugardos Neda Ortigueira Valdoviño
de 10001 a 30000	14.222	Fene
de 30001 a 50000	36.245	Narón
> 50000	75.181	Ferrol
TOTAL	172.209	

Elaboración propia a partir de datos do INE. (Padrón. Explotación estatística e Nomenclátor)

Pódese comprobar que a maioría dos concellos integrantes do territorio obxecto de estudo son concellos con rangos de poboación medio/baixos. Dos doce concellos que compoñen o GDR, nove deles atópanse dentro dos rangos de poboación inferiores ós 10.000 habitantes.

No que respecta á distribución da poboación no territorio, esta zona caracterízase por un elevado grao de dispersión da poboación. No territorio do GDR existen 1.489 entidades singulares de poboación, 94 entidades colectivas, 436 núcleos de poboación e 1.062 diseminados.

O elevado número de entidades é un signo da ruralidade dun territorio no que unicamente sete entidades singulares de poboación superan os 2.000 habitantes (*datos do Nomenclátor de Galicia. Ano 2007*).

Entidades de poboación (2006)				
Concello	Entidades colectivas	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Diseminados
Ares	3	39	25	14
Cariño	5	74	25	49
Cedeira	7	160	58	109
Cerdido	3	93	10	83
Fene	8	137	95	42
Ferrol	12	59	2	57
Mañón	5	102	16	87
Mugardos	4	15	14	1
Narón	13	196	72	125
Neda	4	88	57	31
Ortigueira	22	320	32	288
Valdoviño	8	206	30	176
TOTAL	94	1489	436	1062

Elaboración propia a partir de datos do INE. (Padrón. Explotación estatística e Nomenclátor)

Na seguinte táboa pódese observar, ademais, que son precisamente os concellos con rango de poboación medio/pequeno (de 5.000 a 10.000 habitantes) os que presentan un maior fraccionamento espacial, o que indica que a súa dispersión demográfica é verdadeiramente alta.

ESTRUTURA DOS CONCELLOS				
RANGO POBOACIÓN/CONCELLO	Nº Concellos	Nº núcleos	Nº entidades singulares	Nº parroquias
< 500	0	0	0	0
de 501 a 1000	0	0	0	0
de 1001 a 2000	2	26	195	8
de 2001 a 5000	1	25	74	5
de 5001 a 10000	6	216	828	48
de 10001 a 30000	1	95	137	8
de 30001 a 50000	1	72	196	13
> 50000	1	2	59	12
TOTAL	12	436	1489	94

Elaboración propia a partir de datos do INE. (Padrón. Explotación estatística e Nomenclátor)

2.2 Evolución da poboación.

Variación da poboación

Series históricas de poboación. Poboación para Galicia, provincias, comarcas e concellos

Concellos	1986	1991	1996	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Ares	4.804	4.511	4.576	4.662	4.662	4.744	4.918	4.976	5.188	5.265	5.301	5.405	5.598
Cariño	-	5.514	5.316	5.199	5.110	5.036	4.967	4.861	4.812	4.798	4.788	4.700	4.680
Cedeira	7.856	7.673	7.750	7.699	7.553	7.528	7.595	7.572	7.498	7.477	7.429	7.443	7.482
Cerdido	2.140	1.908	1.768	1.707	1.692	1.668	1.638	1.619	1.589	1.558	1.522	1.496	1.439
Fene	15.757	14.989	15.010	14.912	14.875	14.848	14.690	14.638	14.530	14.485	14.355	14.346	14.222
Ferrol	86.154	83.045	83.048	82.548	81.991	81.255	80.347	79.520	78.764	77.859	77.155	76.399	75.181
Mañón	2.515	2.242	2.072	2.034	1.987	1.932	1.921	1.898	1.848	1.830	1.803	1.765	1.693
Mugardos	6.958	6.668	6.200	6.110	6.056	5.984	5.921	5.859	5.737	5.612	5.628	5.638	5.636
Narón	30.060	31.594	31.207	31.086	31.108	30.328	29.466	29.263	33.825	34.404	35.083	35.664	36.245
Neda	6.809	6.456	6.221	6.214	6.192	6.166	6.155	6.074	5.913	5.804	5.771	5.675	5.649
Ortigueira	16.249	9.925	8.893	8.748	8.603	8.533	8.397	8.299	8.022	7.830	7.697	7.376	7.406
Valdoviño	7.146	7.008	6.736	6.769	6.765	6.790	6.795	6.837	6.877	6.854	6.888	6.896	6.978
TOTAL	186.448	181.533	178.797	177.688	176.594	174.812	172.810	171.416	174.603	173.776	173.420	172.803	172.209

Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes

nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Na táboa anterior pódese observar a **evolución** da poboación en todo o territorio do GDR dende finais da década dos anos 80 ata o ano 2007. Neste período de 20 anos a poboación total experimenta un descenso de 14.239 habitantes.


A análise a nivel municipal amosa, en primeiro lugar, que todos os concellos descenden no número de habitantes, agás os concellos de Ares e Narón, que manteñen un crecemento constante que se constata tanto na análise da variación nos últimos 20 anos, coma no último decenio. Así mesmo, outro dos concellos do GDR, o concello de Valdoviño, presenta unha tendencia de crecemento nos últimos 10 anos.

No polo oposto atópanse os concellos de Ferrol e Ortigueira, que amosan descensos de poboación moi elevados, de entre 8.000 e 10.000 habitantes para o período dos últimos 20 anos, e que manteñen unha tendencia á perda de poboación -aínda que non tan dramática- no último decenio.

A análise dos datos da evolución poboacional a nivel municipal pódense observar na táboa e gráfico seguintes:

Variación da poboación.		
	Variación nos últimos 20 anos (1986-2007)	Variación no último decenio (1998-2007)
Ares	794	936
Cariño (*)	-834	-519
Cedeira	-374	-217
Cerdido	-701	-268
Fene	-1.535	-690
Ferrol	-10.973	-7.367
Mañón	-822	-341
Mugardos	-1.322	-474
Narón	6.185	5.159
Neda	-1.160	-565
Ortigueira	-8.843	-1.342
Valdoviño	-168	209
TOTAL	-14.239	-5.479

(*) Para o Concello de Cariño, os datos de poboación están dispoñibles a partir de 1991.



Movemento natural da poboación

A fonte básica para o estudo demográfico da poboación é a estatística do Movemento natural da poboación.

Esta estatística proporciona información sobre o número e características dos principais fenómenos demográficos, é dicir, nacementos, defuncións e matrimonios.

Movemento natural da poboación Totalidade do territorio do GDR-ANO 2006								
Concellos	Nacementos	Homes	Mulleres	Defuncións	Homes	Mulleres	Saldo vexetativo	Matrimonios
Ares	37	19	18	55	26	29	-18	34
Cariño	15	9	6	53	24	29	-38	15
Cedeira	55	30	25	92	39	53	-37	23
Cerdido	3	1	2	19	11	8	-16	5
Fene	94	45	49	131	65	66	-37	39
Ferrol	516	276	240	868	435	433	-352	314
Mañón	4	1	3	26	18	8	-22	7
Mugardos	44	17	27	75	38	37	-31	16
Narón	375	201	174	354	188	166	21	193
Neda	43	19	24	86	54	32	-43	14
Ortigueira	37	17	20	103	46	57	-66	24
Valdoviño	44	23	21	103	55	48	-59	27
TOTAL	1267	658	609	1965	999	966	-698	711

IGE, INE. Movemento natural da poboación

Os datos detallados na táboa anterior son o reflexo dun territorio afectado por unha forte regresión demográfica, motivada polo descenso da natalidade fronte a unha mortalidade máis elevada. O resultado é un saldo vexetativo de signo negativo en tódolos concellos do territorio, coa única excepción do concello de Narón.

Movements migratorios

A evolución da poboación dun determinado lugar non só depende dos acontecementos naturais que experimente (nacementos e defuncións), senón que ademais hai que ter en conta os cambios de residencia.

A Estatística de movementos migratorios recolle as altas e baixas de poboación que se producen en cada concello debido a cambios de residencia. A fonte principal dos datos é a explotación informática dos datos da Estatística de variacións residenciais do INE.


SALDOS MIGRATORIOS-TERRITORIO GDR (Año 2006)							
Concello	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
Ares	198	116	111	5	82	14	68
Cariño	6	-44	-35	-9	50	16	34
Cedeira	78	-17	-8	-9	95	3	92
Cerdido	-33	-39	-37	-2	6	0	6
Fene	-113	-89	-65	-24	-24	-48	24
Ferrol	-518	-710	-705	-5	192	-154	346
Mañón	-32	-25	-26	1	-7	-11	4
Mugardos	29	0	3	-3	29	23	6
Narón	623	519	479	40	104	-18	122
Neda	19	8	14	-6	11	-10	21
Ortigueira	-38	-78	-63	-15	40	1	39
Valdoviño	138	99	108	-9	39	25	14

Elaboración propia. Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.

A primeira conclusión que se pode obter da análise dos datos da táboa anterior é que, en xeral, a emigración interna do territorio é superior á externa. A poboación deste territorio prefire trasladarse a concellos limítrofes, ou a outros da Comunidade Autónoma, que a outras Comunidades.

Respecto ós saldos migratorios, como se pode observar no gráfico seguinte, destacan dous casos extremos: o concello de Ferrol, cun saldo migratorio negativo moi alto, que revela a súa perda de habitantes en favor doutros concellos dentro da provincia; e o concello de Narón que, pola contra, presenta unhas cifras moi altas no número de habitantes que se trasladan a este concello provenientes principalmente de concellos limítrofes.

Outros concellos que presentan saldos migratorios negativos son os concellos de Cerdido, Fene, Mañón e Ortigueira.



2.3 Estrutura demográfica

Outro dato relevante no estudo sociodemográfico do territorio do GDR xurde da análise da **estrutura da poboación** por sexo e idades, obtendo, para a totalidade do territorio obxecto de estudo, os resultados que se detallan na seguinte táboa:

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade (total territorio GDR-Ano 2007)					
Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres	Homes %	Mulleres %
Total	172.209	82.395	89.814	47,85	52,15
0-4	6.092	3.144	2.948	1,83	1,71
5-9	5.761	2.990	2.771	1,74	1,61
10-14	5.954	2.975	2.979	1,73	1,73
15-19	6.920	3.607	3.313	2,09	1,92
20-24	9.711	4.941	4.770	2,87	2,77
25-29	13.331	6.775	6.556	3,93	3,81
30-34	13.846	7.070	6.776	4,11	3,93
35-39	12.359	6.205	6.154	3,60	3,57
40-44	12.480	6.142	6.338	3,57	3,68
45-49	12.471	6.142	6.329	3,57	3,68
50-54	11.551	5.585	5.966	3,24	3,46
55-59	11.442	5.524	5.918	3,21	3,44
60-64	11.009	5.223	5.786	3,03	3,36
65-69	9.034	4.136	4.898	2,40	2,84
70-74	10.915	4.823	6.092	2,80	3,54
75-79	8.869	3.638	5.231	2,11	3,04
80-84	5.780	2.133	3.647	1,24	2,12
85 e máis	4.684	1.342	3.342	0,78	1,94

Elaboración propia . Fontes: INE. Padrón Municipal de Habitantes. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística


Destes datos se deriva a **pirámide poboacional**:

A primeira aproximación á estrutura por idade dunha poboación atópase na pirámide de poboación, que amosa de forma gráfica a distribución por idades dos efectivos existentes de homes e mulleres.

A pirámide poboacional do territorio do GDR coincide coas tendencias dos últimos anos referentes a Galicia, reflexando un ensanchamento da zona media da pirámide, que corresponde a unha parte da poboación en idade laboral, dende os 30 ata os 65 anos, e un estreitamento na parte baixa da pirámide, sobre todo no que se refire á mocidade entre 15 e 25 anos. Acontece o contrario na parte superior (colectivo maior de 70 anos), que está a cobrar maior relevancia na estrutura poboacional de Galicia dos últimos tempos.

Así, a pirámide de poboación é de tipo regresivo, na cal a base e a cima son moito máis estreitas que o corpo central, consecuencia das baixas taxas de natalidade e dunha poboación moi envellecida.

A partires do grupo de idade comprendido entre os 40 e os 44 anos, o número de mulleres é superior ao de homes e xa despois dos 70-80 anos esta diferenza incrementase de xeito tal que as mulleres chegan case a duplicar o número total de homes. Estamos, polo tanto, ante unha estrutura demográfica deficiente, onde a poboación nova tende cara un progresivo envellecemento, feito que queda patente con datos tan ilustrativos coma este: os grupos de idade comprendidos entre 0 e 20 anos supoñen un total de 24.727 persoas fronte ás 39.282 que teñen unha idade superior a 65 anos.



Elaboración propia . Fontes: INE. Padrón Municipal de Habitantes. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Así, pódense sacar tres conclusións, a modo de resumo: o progresivo envellecemento da poboación, o crecente peso da poboación feminina entre os maiores, e a redución do peso da poboación nova sobre o total.

Estas conclusións se ven confirmadas cando pasamos a estudar os restantes indicadores de poboación relacionados coa estrutura da mesma:

INDICADORES DE POBOACIÓN-CONCELLOS DO GDR-ANO 2006												
	Ares	Caríño	Cedeira	Cerdido	Fene	Ferrol	Mañón	Mugardos	Narón	Neda	Ortigueira	Valdoviño
Idade media	44,4	47,4	46,5	51,4	45	45	53,3	46,3	42,2	47	51,2	47,6
Homes	42,7	45,3	44,6	49,2	43,4	42,8	51,4	44,4	41	45,1	49,1	46,6
Mulleres	46	49,4	48,4	53,5	46,5	46,9	55,2	48,2	43,3	48,8	53,1	48,6
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	14,8	13,2	14,3	10,7	13,5	15	8,7	12,7	16,2	12,4	9,8	11,8
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	64,1	60,4	59,9	55,1	65,4	62,7	53,3	62,8	65,5	61,8	57,7	61,9
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	21	26,4	25,8	34,2	21,1	22,2	38	24,5	18,3	25,8	32,5	26,2
Índice de envellecemento	141,6	200,6	180,7	320	156,3	148	435,1	192,5	112,8	207,4	332	222
Índice de sobreenvellecemento	12,1	11,2	12,8	13,9	10,3	11,8	12,5	10,3	10,8	10,3	14,3	11,2
Índice de dependencia global	55,9	65,6	66,9	81,6	52,9	59,4	87,6	59,4	52,8	61,9	73,4	61,4
Índice de dependencia xuvenil	23,1	21,8	23,8	19,4	20,6	24	16,4	20,3	24,8	20,1	17	19,1
Índice de dependencia senil	32,8	43,7	43,1	62,1	32,3	35,5	71,2	39,1	28	41,8	56,4	42,3

IGE. Indicadores demográficos


O progresivo envellecemento da poboación do que se falaba no estudio da estrutura da poboación maniféstase tamén cando se analizan os datos da táboa anterior, na que se pode observar que a idade media da poboación é moi elevada, aproximándose na case totalidade dos concellos ós 50 anos, e, nalgúns casos coma os concellos de Mañón e Ortigueira, superando esta cifra.

Así mesmo, os índices de envellecemento e os índices de dependencia senil son igualmente altos, se os comparamos coas medias tanto de Galicia como da provincia. No caso do índice de dependencia xuvenil, que pon en relación a poboación xoven coa poboación potencialmente activa, mostra valores inferiores ás medias provincial e galega en tódolos concellos do territorio.

Na seguinte táboa pódese observar unha comparativa dos índices de envellecemento e sobreenvellecemento dos concellos do GDR, e da media do territorio, respecto ás medias provincial e galega:

ÍNDICES DE ENVELLECIMENTO (Ano 2006)		
Territorio	Índice de envellecemento	Índice de sobreenvellecemento
Ares	141,6	12,1
Cariño	200,6	11,2
Cedeira	180,7	12,8
Cerdido	320	13,9
Fene	156,3	10,3
Ferrol	148	11,8
Mañón	435,1	12,5
Mugardos	192,5	10,3
Narón	112,8	10,8
Neda	207,4	10,3
Ortigueira	332	14,3
Valdoviño	222	11,2
Media do GDR	220,75	11,79
GALICIA	133,5	13
PROVINCIA	128,1	12,3

O índice de envellecemento do territorio do GDR supera á media de Galicia en 87,25 puntos, e á media provincial en 92,65.



2.4 Nivel de instrución

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares segundo o sexo e o nivel de estudos (datos do ano 2001)

NIVEIS DE INSTRUCCIÓN NO TERRITORIO DO GDR			
	Total	Homes	Mulleres
Total	152094	71925	80169
Non sabe ler ou escribir	2381	515	1866
Menos de 5 anos de escolarización	19054	7423	11631
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	40740	17983	22757
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	39626	20087	19539
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	18779	9789	8990
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	6325	3621	2704
FPPII, FP grao superior, Mestría industrial	8408	4745	3663
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	8822	3717	5105
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	7590	3814	3776
Doutoramento	369	231	138

INE. Censo de poboación e vivendas 2001. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Trasladando as anteriores cifras á porcentaxes, temos a seguinte táboa:

NIVEIS DE INSTRUCCIÓN NO TERRITORIO DO GDR (en %)			
	Total	Homes	Mulleres
Non sabe ler ou escribir	1,57	0,34	1,23
Menos de 5 anos de escolarización	12,53	4,88	7,65
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	26,79	11,82	14,96
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	26,05	13,21	12,85
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	12,35	6,44	5,91
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	4,16	2,38	1,78
FPPII, FP grao superior, Mestría industrial	5,53	3,12	2,41
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	5,80	2,44	3,36
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	4,99	2,51	2,48
Doutoramento	0,24	0,15	0,09

Elaboración propia. Fontes: INE. Censo de poboación e vivendas 2001. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

O nivel de estudos no territorio do GDR amosa uns niveis moi similares ás medias provincial e autonómica. Segundo os datos do IGE, baseados no Censo de poboación e vivendas 2001, a porcentaxe de poboación con estudos universitarios é dun 11,03%, o que a sitúa por enriba da media de Galicia (10,73%), pero máis dun punto por debaixo da media da provincia (12,15%).

GLOSARIO DE TERMOS

Entidade colectiva (parroquia)

Unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio que existe nalgúns rexións e que está constituída por agrupación de entidades singulares e que goza de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica.

Entidade singular de poboación

Calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen nela vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o seu conxunto coñécese por unha denominación.

Núcleo de poboación

Conxunto de polo menos dez edificacións que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que as habita supere os 50 habitantes. Inclúense no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto, se ben na determinación desta distancia exclúiranse os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns, zonas deportivas, cemiterios, aparcamentos e outros, así como as canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes.

Idade media da poboación:

media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación.

Índice de envellecemento

Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento

Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.

Índice de dependencia global:

Relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa

Índice de dependencia xuvenil

Relación entre a poboación nova (poboación menor de 20 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

Índice de dependencia senil

Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

Taxa bruta de natalidade

Número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

Taxa bruta de mortalidade

Número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

Emigración

Para un ámbito xeográfico determinado é aquela migración que ten orixe nese ámbito e destino fóra do mesmo. Fálase de emigración interna cando o destino é outro concello de Galicia e emigración externa cando o destino é outro concello do resto de España ou o estranxeiro.

Inmigración

Para un ámbito xeográfico determinado é aquela migración con destino este ámbito e orixe fóra do mesmo. Fálase de inmigración interna cando a orixe é outro concello de Galicia e inmigración externa cando a orixe é outro concello de España ou o estranxeiro

Saldo migratorio

Para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e se é negativo o contrario.

Saldo migratorio externo

É a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa. Aparecen dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España (diferenza entre as altas procedentes das outras comunidades autónomas e as baixas con destino nas mesmas), e co estranxeiro (diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino).

Saldo migratorio interno

É a diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna. Para cada concello aparecen dous tipos de saldo migratorio interno: o intraprovincial e o do resto de Galicia. O primeiro correspóndese coa diferenza entre as altas no concello procedentes do resto da provincia e as baixas con destino na mesma, e o segundo é a diferenza entre as altas no concello procedentes das restantes provincias de Galicia e as baixas con destino nas mesmas provincias.

BIBLIOGRAFÍA

- ∞ **"DATOS ESTADÍSTICOS BÁSICOS DE GALICIA. 2008".**
 - o Instituto Galego de Estatística. Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- ∞ **"PANORAMA DEMOGRÁFICO DE GALICIA 2006"**
 - o Instituto Galego de Estatística. Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- ∞ **"FERROL EN CIFRAS. 2007".**
 - o Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol. Servizo de Estudos.
- ∞ **"INFORME DE SITUACIÓN EMPRESARIAL EN LA COMARCA DE ORTEGAL 2007"**
 - o Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol. Antena Cameral de Ortigueira.
- ∞ **"GALICIA EN CIFRAS. ANUARIO 2006"**
 - o Instituto Galego de Estatística. Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.

2.5 Indicadores de calidade de vida.

INDICADORES MUNICIPAIS DE RENDA:

INDICADOR MUNICIPAL DE RENDA DOS FOGARES

Segundo se desprende dos datos reflectidos no cadro seguinte, dos doce concellos da zona só dous deles, Ferrol e Narón, superan o valor de 100 establecido para Galicia e tres concellos non acadan o índice 90. (Cariño, Cerdido e Mañón).

Unidade: IMRF: Galicia = 100	
INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES	
Concellos	2002
Ares	95
Cariño	88
Cedeira	90
Cerdido	80
Fene	107
Ferrol	107
Mañón	85
Mugardos	96
Narón	110
Neda	97
Ortigueira	92
Valdoviño	94
<i>Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Indicador municipal da renda dos fogares. 2002</i>	

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS. ANO 2005

O cadro recolle os datos do Imposto sobre a Renda das persoas físicas en canto a rendemento medio declarado e o número de declarantes por concello. Asimesmo, reflicte a comparación coa media provincial e autonómica. A inexistencia de datos estatísticos desagregados por entidades de poboación, impide coñecer as cifras exactas de rendemento que, previsiblemente, serían inferiores.

Dos doce concellos da zona, só dous superan a media de Galicia e só un a da provincia da Coruña. Moi por debaixo das medias se encontran Cerdido cun 58,09 % da media galega e Mañón cun 65,77 %.

IRPF 2005		
Concellos	Rendemento medio declarado	Nº declarantes
ARES	15.421	2.087
CARIÑO	10.980	1.737
CEDEIRA	12.934	2.913
CERDIDO	8.726	482
FENE	15.031	6.131
FERROL	17.288	32.534
MAÑÓN	9.880	654
MUGARDOS	14.257	2.191
NARÓN	14.292	14.858
NEDA	13.825	2.330
ORTIGUEIRA	10.625	2.921
VALDOVIÑO	12.005	2.682
Total		71.520
Media zona	15.286	
Media A Coruña	15.924	
Media Galicia	15.022	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Galicia en Cifras 2006. IGE

DOTACIÓNS DE VIVENDAS:

SANEAMENTO, ABASTECIMIENTO E CALEFACCIÓN

Concellos	% En núcleos sen rede de saneamento	% Non conectadas á rede de abastecemento de auga nos núcleos	% Con abastecemento de auga autónomo	% Sen calefacción
ARES	59,8	76,2	13,4	58
CARIÑO	43,9	3,3	0,5	71
CEDEIRA	38,2	39,5	21	66
CERDIDO	67,8	85,2	54,6	77
FENE	12,6	35,2	4,2	53
FERROL	8,7	6,2	0,1	53
MAÑÓN	40,0	8,1	0	81
MUGARDOS	72,0	53,4	11,6	60
NARÓN	53,3	30,6	8,7	56
NEDA	21,9	52,2	10,4	56
ORTIGUEIRA	56,7	16,2	9,6	71
VALDOVIÑO	72,0	50,7	35,8	62

Fontes: Elaboración propia a partir do Censo 2001;
Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

No cadro anterior recóllense aspectos básicos relacionados coas dotacións das vivendas en canto a saneamento, abastecemento de auga e calefacción. As cifras mostran a heteroxeneidade dos distintos concellos nestes puntos. A porcentaxe de núcleos sen rede de saneamento en concellos como Ferrol (8,7%) e Fene (12,6 %) son moi baixas. Pola contra, en concellos como Valdoviño (72%), Mugar dos (72%) ou Cerdido (67,8%), a porcentaxe de vivendas non conectadas á rede é moi elevada. Con respecto á conexión á rede de abastecemento de auga nos núcleos sucede algo parecido: existen concellos nos que a porcentaxe de vivendas non conectadas á rede é moi baixa, como Cariño (3,3%), Ferrol (6,2 %) ou Mañón (8,1%), fronte a outros como Cerdido (85,2%) ou Ares (76,2%) nos que máis dun 75 % das vivendas nos núcleos non están conectadas á rede.

En canto á dotación de calefacción, non se acada a porcentaxe do 50% de vivendas que contan con esta instalación en ningún dos concellos da zona, oscilando entre o 47 % dos concellos de Ferrol e Fene e o 19 % de Mañón.

DOTACIÓN DE TELÉFONOS E AUTOMÓBILES

Concellos	Teléfonos fixos 2006	Nº teléfonos/ habitante	Automóbiles 2006	Nº automóbiles/ habitante
ARES	1.958	0,36	2.065	0,38
CARIÑO	1.712	0,36	1.704	0,36
CEDEIRA	2.717	0,37	3.023	0,41
CERDIDO	501	0,33	694	0,46
FENE	5.227	0,36	7.195	0,50
FERROL	32.566	0,43	36.421	0,48
MAÑÓN	605	0,34	781	0,44
MUGARDOS	2.029	0,36	2.517	0,45
NARÓN	12.698	0,36	16.344	0,46
NEDA	1.938	0,34	2.795	0,49
ORTIGUEIRA	2.916	0,40	3.337	0,45
VALDOVIÑO	2.885	0,42	3.138	0,46
Total GDR	67.752	0,39	80.014	0,46
Total provincial	436.860	0,39	516.781	0,46
Total C.C.A.A.	1.038.204	0,38	1.334.946	0,48

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Anuario La Caixa. 2007

A media da dotación de teléfonos é idéntica á media total provincial e un punto por encima da media galega. Destaca por enriba Ferrol cun 43 % e pola parte de abaixo Cerdido, cun 33 %. Hai que considerar a xeralización da utilización de teléfonos móbiles, o que reduce a importancia descritiva desta magnitude.

Tal como sucede no caso anterior, a media da zona GDR en dotación de automóbiles por habitante coincide coa media total provincial e as cifras oscilan entre o 38% de Cariño e o 50% de Fene.

EQUIPAMENTOS DE USO PÚBLICO EXISTENTES

EQUIPAMENTO EDUCACIONAL							
Concellos	CENTROS DE ENSINO						Ratio de dotación (m2/alumno)
	Prazas Infantil	Prazas Primaria	Prazas secundaria	Bacharelato	FP	Outras	
ARES	120	300	240	0	0	0	27,83
CARIÑO	170	300	210	120	90	20	60,30
CEDEIRA	270	550	420	190	100	470	22,95
CERDIDO	20	125	0	0	0	0	80,54
FENE	540	1.125	810	210	0	35	36,78
FERROL	970	2.150	1.750	1.270	1.212	4.260	40,88
MAÑÓN	120	150	0	0	0	0	126,96
MUGARDOS	220	425	300	150	30	30	35,35
NARÓN	1050	2125	1315	515	150	220	40,11
NEDA	275	375	300	210	0	30	47,71
ORTIGUEIRA	255	300	450	120	50	145	56,63
VALDOVIÑO	175	300	240	0	0	0	33,22

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

Dos doce concellos considerados, dous non contan con centros de ensino con prazas de secundaria e tres non contan con prazas para Bacharelato. Con prazas de formación profesional contan a metade dos concellos. No que atinxe á ratio de dotación destaca por enriba das demais a do concello de Mañón e, por abaixo as de Ares e Cedeira.

No cadro anterior recóllese o número de centros culturais por concello. Evidentemente, destaca o concello de Ferrol cunha cantidade maior de centros e, por abaixo os de Cerdido, Fene e Mugardos. O índice de cultura máis elevado preséntano os concellos de Narón, Fene e Ferrol e, por abaixo Cerdido e Mañón, cuns valores moi baixos.

EQUIPAMENTO CULTURAL			
Concello	Número de centros culturais	Índice de cultura	Ratio de cultura (m2/habitante)
ARES	12	92,9	0,75
CARIÑO	12	91,7	1,28
CEDEIRA	14	95,8	0,83
CERDIDO	4	61,4	1,04
FENE	6	99,1	0,22
FERROL	31	99,8	0,28
MAÑÓN	9	63,1	1,62
MUGARDOS	6	95,4	0,66
NARÓN	15	99,2	0,29
NEDA	14	92,3	0,83
ORTIGUEIRA	18	93,3	0,98
VALDOVIÑO	8	94,0	0,53
TOTAL PROVINCIA		87,8	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

EQUIPAMENTO ASISTENCIAL						
Concellos	Garderías	Residencias de anciáns	Albergues	Resto	Ratio centros asistenciais (m2/hab)	Índice prazas residenciais
ARES	0	0	0	0	0	0
CARIÑO	0	0	2	0	0,65	0
CEDEIRA	0	0	1	1	1,1	0
CERDIDO	0	0	0	0	0	0
FENE	0	1	0	0	0,18	0
FERROL	2	2	1	8	2,39	0,02
MAÑÓN	0	0	0	2	2,86	0
MUGARDOS	0	0	0	0	0	0
NARÓN	0	1	0	1	1,34	0,03
NEDA	0	0	0	1	0,65	0
ORTIGUEIRA	0	1	1	1	4,76	0
VALDOVIÑO	0	2	0	0	1,63	0,02

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

No cadro anterior reflíctese o baixo nivel de equipamento asistencial en xeral de tódolos concellos da zona, e especialmente en catro deles nos que non hai ningún tipo de equipamento. A falta de garderías e prazas residenciais é patente en toda a zona.

EQUIPAMENTO DEPORTIVO						
Concellos	Polideportivos	Piscinas	Terreos de xogo	Pistas polideportivas	Outros	Ratio de deportes (m2/hab)
ARES	1	0	1	4	2	5,08
CARIÑO	1	0	1	5	2	3,84
CEDEIRA	2	0	0	7	2	4,17
CERDIDO	1	1	1	3	0	11,57
FENE	3	1	5	10	0	5,73
FERROL	10	0	6	13	2	4,49
MAÑÓN	2	1	2	6	0	12,66
MUGARDOS	2	0	1	5	1	5,27
NARÓN	3	0	5	12	0	3,79
NEDA	1	1	2	6	1	6,87
ORTIGUEIRA	2	1	7	10	0	9,38
VALDOVIÑO	2	1	3	5	0	9,98

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

En tódolos concellos hai alomenos un polideportivo, pero na metade non hai piscina. O concello de Cedeira é o único que non conta con terreo de xogo. En canto ao ratio deportes, os valores son baixos para todos, agás Cerdido e Mañón.

O número de zonas verdes é insuficiente en tódolos concellos e todos, agás Mañón, presentan uns valores moi baixos da ratio de zonas verdes.

ZONAS VERDES		
Concellos	Número	Ratio zona verdes (m2/hab)
ARES	9	4,97
CARIÑO	9	9,32
CEDEIRA	13	6,02
CERDIDO	4	8,75
FENE	18	6,82
FERROL	18	4,60
MAÑÓN	12	48,67
MUGARDOS	4	1,97
NARÓN	8	1,14
NEDA	11	12,31
ORTIGUEIRA	21	11,38
VALDOVIÑO	8	5,10

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

O cadro anterior recolle as características do alumado público na zona, na cal un total de 656 vivendas presentan um déficit de alumado público.

ALUMADO PÚBLICO		
Concellos	Puntos de luz (nº)	Vivendas con déficit de alumado público
ARES	1.197	60
CARIÑO	1.084	48
CEDEIRA	1.768	52
CERDIDO	247	46
FENE	2.414	0
FERROL	6.535	98
MAÑÓN	297	55
MUGARDOS	1.540	63
NARÓN	2.870	79
NEDA	1.146	64
ORTIGUEIRA	1.849	16
VALDOVIÑO	1.546	75
TOTAL	22.493	656

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais. 2007. Deputación da Coruña

2.6 Tecido asociativo.

Neste territorio hai que destacar un importante movemento asociativo cun gran dinamismo que contribúe ó desenvolvemento cultural e socioasistencial. A táboa seguinte mostra a distribución das entidades por área o subsector de actividade:

Concellos	Culturais, deportivas e recreativas	Asistenciais	Mulleres	Consumidores e Amas de casa	Asociacións veciñais	ANPAS	Asociación xuvenís	Asociacións empresariais e do emprego*	Medioambientais	Outras
Ares	21	1	0	0	4	1	2	0	0	1
Cedeira	14	2	1	0	7	3	2	10	0	1
Fene	31	0	0	0	8	8	8	6	0	2
Ferrol	187	32	3	3	51	40	28	72	4	8
Mugardos	21	0	0	0	5	4	2	2	1	1
Narón	39	6	5	0	23	7	7	12	0	8
Neda	16	1	2	0	5	2	1	0	2	1
Valdoviño	15	0	0	0	8	3	0	6	0	0
Cariño	8	2	1	0	4	6	2	4	0	2
Cerdido	5	0	0	0	1	0	0	0	0	1
Mañón	10	0	0	0	3	1	2	1	0	2
Ortigueira	27	3	1	0	14	2	1	5	1	6

Fonte: Elaboración propia. Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia (ámbito provincial), e (*) SMAC, Consellería de Traballo, 2008

Áreas de actividade:

Ao comparar na tabla a distribución dos tipos de entidades por áreas de actividade, observamos que as asociacións culturais, deportivas e recreativas son as mais numerosas, seguidas das entidades veciñais. Teñen asimesmo unha forte presenza no territorio as asociacións de pais e nais, as xuvenís e as socioasistenciais. As asociacións están tamén presentes na organización e dinamización do ámbito empresarial neste territorio, cunha considerable cifra de entidades.

2.7 Elementos culturais propios do territorio.

I. PATRIMONIO CULTURAL MATERIAL

I.1 PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Numerosos vestixios arqueolóxicos se atopan neste territorio, que acreditan a súa historia.

Ares está situado no "seno dos ártabros", pobo de raza celta que a ocupou e do que quedaron moitos vestixios, así como de outros pobos que aquí se estableceron ou que por aquí pasaron, atopándose no municipio varios castros. Existen tamén restos dunha casa romana e dunha fábrica de salazón á altura do Seixo. Ademais dise que o antigo camiño empedrado, que viña do sur por Redes e seguía a Mugardos, era unha vía romana.

Por Cariño, o longo da historia, pasaron numeroso poboadores, que deixaron rastro da súa presenza, como por exemplo, as mámoas e os enterramentos, correspondentes á cultura megalítica, e os restos de varios castros, entre os que destacan o de Punta do Frade e Moura. No ano 2003, realizáronse varias catas arqueolóxicas no lugar de San Xiao de Trebo, que tiveron como resultado o achádeme dun xacemento alto medieval.

En Cedeira as rúas tradicionais conservan o trazado medieval, así como parte do antigo recinto amurallado. Os restos arqueolóxicos prehistóricos e castrexos evidencian que a vila estivo habitada desde moi antigo.

O castro de Cerdido é tamén destacable. A mediados do século XIX atopouse nel un torques de ouro, similar aos encontrados en Irlanda, o cal é pouco frecuente en Galicia.

Son numerosos os vestixios arqueolóxicos encontrados no municipio de Fene, destacando o petróglifo de Marraxón en Sillobre, a mámoa do Campo da Arca en Barallobre, el campo de Mámoas do Monte Marraxón e os castros de Orra en Sillobre, As Pías en Fene, Cardoeiro (Perlío), Pena do Castro (Barallobre), Prismos (Limodre), As Escadas (Maniños), e O Castro en Magalofes.

En Ferrol, onde agora se estende un peirao pesqueiro e deportivo, había un castro marítimo, así como no entorno da praia de Doniños, o castro de Lobadiz.

O máis destacado en Mañón son as mámoas de Bares, o monumento megalítico Forno dos Mouros na serra da Faladoira e o espigón do porto de Bares, de orixe fenicia.

En Mugardos os castros de San Victorio e de Os Castros constitúen os xacementos arqueolóxicos de maior antigüidade. Por outra parte, as actividades pesqueiras tiveron unha temprana importancia, como queda de manifesto nos restos romanos de Noville.

A historia de Narón remóntase tamén á Época Prehistórica. Localizáronse numerosos castros por toda a zona e enterramentos megalíticos, coñecidos como mámoas, destacando os de San Mateo, O Val e A Moura, localizados no Monte dos Nenos. Posteriormente os romanos tamén ocuparon estas terras.

Destaca o castro de Calvario, en Trasancos. Existen restos megalíticos que dan fe dos antigos poboamentos: un conxunto de mámoas de San Mateo, O Val e A Moura e restos castreños en Vilasuso, Quintá, San Mateo, Sequeiro, Vicás, Revolta, Eiravedre, Pereiruga y Petouzal.

En Neda existen vestixios antigos como as mámoas de Marraxón e de 0 Inglés, e os castros de Ancos e Viladonelle

O xacemento de Punta dos Prados, situado en Espasante-Ortigueira, atesoura os restos dun pequeno poboado fortificado construído entre os séculos IV e I a.C. O que fai sobresaínte a Punta dos Prados é a aparición dun monumento con forno: unha sorte de sauna ou de recinto de baños de vapor de carácter ritual da época. Neste concello destaca tamén o dolmen de Forno dos Mouros, na parroquia de Couzadoiro.

No termo de Valdoviño numerosos castros se esparcen polo municipio: o de A Frouxeira que conserva as súas dobres murallas defensivas, o de Poulo, o de Vilarrube, o de Castro en Pantín; o de As Gabeiras e o de Taraza. Destacan tamén a necrópole de Nenos, as mámoas de Portonovo e da Pena da Moura. Nas proximidades da necrópole da Pena da Moura, na ladeira oeste do Monte da Pena da Moura, encontramos o Castro de Aviño, e o posible lugar sagrado do Foro, próximo ó lugar onde se localizaron columnas e capiteis romanos.

I.2 PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

I.2.1 CIVIL

ARES: nun principio Ares era un porto, cunha situación estratéxica, dedicado á pesca. Así, moitas das casas manteñen todavía ese aspecto mariñeiro. A casa típica era unha construción de dúas plantas. Na fachada principal había un balcón corrido e volado sobre ménsulas de madeira ou pedra, necesario para colgar as redes dos barcos que saían á pesca de baixura. As paredes eran de mampostería revocadas en branco con toques chillóns nas partes de madeira (balaustre, portas e ventás), e os tellados cubertos con tella.

A arquitectura indiana ten tamén unha notable presenza neste Concello, con escolas, centros culturais como as Alianzas Aresanas, e vivendas.

En Cariño merece unha mención destacada o pazo de Torres, ubicado no lugar da Cerca, que presenta os escudos dos Guzmán, Andrade e Montenegro. Existen numeroso exemplos de arquitecturas residenciais destacables, normalmente con orixe en modelos mariñeiros de vivenda, que outorgan certo tipismo ao centro urbano.

Cedeira conta cun fermoso casco histórico no centro da vila. Destaca tamén la estatua xacente de Alonso de Piñeiro de 1450

No transcurso do século XX Fene sufriu como outras poboacións de Galicia o látego da emigración, principalmente a Cuba, polo que ten numerosos e bos exemplos de edificios de estilo indiano, como a Casa do Adriano ou da maleta e escolas.

En Barallobre hai un monumento ó camiñante descoñecido do ano 1934, e, ubicado na casa da cultura, o Museo do Humor, o primeiro museo do humor que existe en España. Na parroquia de Sillobre existe unha ponte medieval sobre o río Beelle.

A zona urbana de Ferrol, se ben excluída deste programa, supón un foco de atracción e influencia para o entorno, cun casco antigo, como Ferrol Vello, o peirao de Curuxeiras, dende o que cruzamos a ría en barco. O centro vital de Ferrol é o barrio neoclásico da Magdalena, de galerías e miradoiros acristalados. Aquí abundan as construcións militares levantadas no recinto do arsenal. As máis destacables son: o Gran Tinglado, o Almacén General, A Puerta do Dique e a Sala de Armas, hoxe Cuartel General de Instrucción, un dos grandes edificios

neoclásicos de Galicia. Edificios modernistas como o Teatro Jofre, o Hotel Suizo, o Casino Ferrolano, a Casa Mariño e a casa Pereira, resultan de interese, así como as construcións populares co típico balcón corrido apoiado en ménsulas de madeira.

En Mañón, a ponte do Porto, que certas fontes definen como románico, é lugar de obrigada visita. Emprazado sobre o río Sor, posúe tres arcos de medio punto.

A ponte do Barqueiro, preto da desembocadura do río Sor, data de principios do século XX e destaca polo súa estrutura metálica dividida en tres arcos que manifesta unha tecnoloxía moi avanzada para a súa época.

O faro de Bares, emblemático en Galicia por ser o máis setentrional da península Ibérica, serve como límite ás augas do océano Atlántico e o mar Cantábrico.

O pazo de Torre de Lama configúrase como unha xoia arquitectónica en Mañón. A súa orixe data do século XV, aínda que restaurado en profundidade na década dos anos corenta do século XX.

Finalmente, cabe citar os núcleos urbanos do Barqueiro e Bares polo seu tipismo arquitectónico, propio de vilas mariñeiras, conformado por casas brancas de poucas alturas emprazadas sobre un releve descendente que remata nun pequeno porto pesqueiro.

En Mugardos a intensa actividade mariñeira de antano sigue presente na súa arquitectura popular. Hoxe en día o recordo da vida mariñeira respirase grazas á arquitectura popular do Cantón da Mariña, unha aliñación de casas, algunhas con galería, ó longo do malecón do porto, que lle dan un pintoresco aspecto. O fondo da enseada está o Pazo de O Baño de nobre aspecto,

A mediados do século XIX a industria do Concello de Narón céntrase na fabricación de laminados de cobre, teares e a obtención de fariña nos seus muíños, algúns dos que se conservan hoxendía: a Fábrica de Fariñas da Ponte de Xubia e un muíño de marea, o muíño de Cornido, do século XVIII, na desembocadura do río Freixeiro no lugar de Outeiro. A Presa do Rey, mandada construír polo rei Alfonso XIII e utilizada na súa orixe para dar enerxía á Real Fábrica de Moneda de Xubia, que aínda se conserva a orillas do Río Xubia.

Destacan construcións e vivendas de interese de comezos do século XX, como a Casa Cáceres, en Xubia (Santa Rita), de estilo historicista, cunha torre almenada de planta cucadradaue da un aspecto medieval ao conxunto. Tamén o Pazo de Ciobre, en Xubia, e o Pazo de Libunca, en Castro, cun fermoso xardín botánico.

En Neda a actividade do seu porto fixo que aquí desembarcaran peregrinos procedentes dos países do Norte, polo que no século XVI existían en Neda os 'Hemos de Provisión', que eran fábricas de biscoitos onde se elaboraban galletas para os navegantes da Mariña. Esta factoría estivo asistida por muíños privados e 'Aceñas Reales', onde se moía o cereal desta zona. Na "Fábrica de Xubia", se elaboraban pranchas de cobre para os barcos da Armada, despois foi fábrica de fusís para terminar máis tarde sendo a Fábrica de Moneda da que saíu en 1843 o último maravedí acuñado pola Coroa Española. No aspecto monumental, conserva Neda o ambiente mariñeiro dos pobos costeiros de Galicia, sobre todo no casco antigo onde os soportais da rúa Real, os escudos heráldicos das casas, e algunhas fontes de cantería, son un reflexo do pasado de Neda. A arquitectura civil a representan en O Roxal o pazo de

Isabel II que foi unha fábrica téxtil. No Puntal atópase o pazo da Merced dos séculos XVII-XVIII.

Na comarca de Ortegal, Ortigueira sobresaí polo seu patrimonio civil: abundantes pazos e construcións de estilo colonial teñen presenza en case todas as súas parroquias. Os pazos de Brandariz, Riomaior, Espasante, O Souto, Barreiros e Couzadoiro son exemplos desta afirmación.

A casa do Concello de Ortigueira, ubicada no antigo Convento de San Domingo, é o elemento patrimonial máis importante de Ortigueira. A construción orixinal data de mediados do século XVIII. O seu interior alberga o teatro da Beneficencia, inaugurado no ano 1850. Accédese ao seu interior a través do claustro do antigo convento. Sobresaen os frescos do teito, pintados no ano 1892 por Vicente Martagón de Román e que son copia dos realizados no Palacio de Murga de Madrid.

Merecen unha referencia outras arquitecturas do núcleo urbano de Santa Marta de Ortigueira, como o antigo Grupo Escolar, actualmente reconvertido en biblioteca municipal, a Casa da Cordeira no Cantón do centro da vila, a antiga cárcere, que alberga hoxe en día o Centro de Servicios Sociais, e a Residencia Dolores Díaz de Dávila.

En Valdoviño destacan construcións civís como o pazo de Vilarrube situado nun alto, cun fermoso retablo na súa capela. O pazo de Rivas que pertenceu ós Ponce de León é outra mostra de arte civil así como a Casa de Tímiras recentemente restaurada. Antes de abandonar este concello, os peregrinos a San Andrés chegaban a Porto do Cabo, lugar onde a etnografía e a historia viven unidos desde séculos. Punto de encontro entre os peregrinos procedentes de Portugal, Rías Baixas, Santiago, Neda, Narón, e dos que por Somozas chegaban de Castela ou de Ourense. Aquí os peregrinos gozaban dunha importante infraestrutura, da que se conserva a Casa da Bastona, casa do século XVI cun arco gótico sobre unha das súas portas.

I.2.2 MILITAR

Destaca o patrimonio militar de Ferrol, cos seus arsenais e sedes de institucións militares, tanto no centro urbano como na zona rural, principalmente na base da Graña. Neste lugar de A Graña atópase o Castelo de San Felipe, alarde de arquitectura granítica que lle debe a súa primeira construción ao monarca Felipe II. Situado en fronte do da Palma (en Mugardos), e triangulando co desaparecido castelo de San Martiño, controlábase dende aquí todo o tráfico da ría. Mesmo pola noite poñían unha cadea entre os castelos para bloquear o paso das embarcacións. Con todo, o edificio que hoxe conservamos é do XVIII, momento no que foi remodelado. As obras maiores do castelo foron rematadas, finalmente, en 1775.

En Mugardos atópase o Castelo da Palma, despois de contornear a bonita enseada de O Baño e atravesar a aldea de Redonda. Utilizado hai tempo como prisión militar para oficiais do exército, o edificio actual é do ano 1869. En tempos pasados xunto co castelo de San Felipe na outra orilla, supuran unha defensa estratéxica da entrada da ría.

En Cedeira o antigo fortín do castelo da Concepción é actualmente un centro de interpretación histórica da defensa da ría de Cedeira nos séculos pasados.

I.2.3 RELIXIOSO

ARES: O mosteiro de Santa Catalina en Montefaro e a igrexa de Lubre son os monumentos relixiosos máis destacados.

CARIÑO: a arquitectura relixiosa céntrase en pequenas igrexas parroquiais e outros templos menores como a Capela de San Xiao de Trebo. Polo tanto, non se pode falar de grandes obras, nin de templos de certa antigüidade. A igrexa de San Bartolomé de Cariño, a de Santiago de Landoi e a de Santo Estevo de Sismundi foron construídas no século XX. Máis antiga é a igrexa de Santa María da Pedra, séculos XVIII-XIX. A Capela de San Xiao de Trebo créese que procede da cristianización dun templo romano.

CEDEIRA: merece unha reseña especial o famoso Santuario de San Andrés de Teixido do século XVI, co seu orixinal retablo de 1729 e a imaxe manierista do Santo. De entre as igrexas parroquiais do municipio destaca a de Nosa Señora do Mar de Cedeira, da que sobresaen dúas fermosas capelas laterais de estilo gótico, dedicadas a Nosa Señora de la Concepción e Nosa Señora do Parto, do século XVI.

CERDIDO: As igrexas de San Martiño de Cerdido (século XVI), San Antonio da Barqueira (principios do século XX) e San Xoán de Casares (século XVIII), compoñen o patrimonio relixioso deste concello. San Martiño de Cerdido é o templo máis importante. Os elementos máis interesantes son as dúas portas de "estilo Isabel" e a torre e o campanario. Resulta singular un relevo que representa un xabarín, situado baixo dous escudos de pedra, símbolo, xunto co oso, da poderosa familia dos Andrade, que exerceron tamén a súa influencia en Cerdido.

FENE: En arquitectura relixiosa destacan a Igrexa de San Salvador de Fene, con torre do século XVII, a igrexa de San Salvador de Maniños, do século XVII e as igrexas de Barallobre e Sillobre, ambas do século XVII.

FERROL: A ermida de Nosa Señora de Chamorro, tamén denominada a Virxe do Nordés, está dedicada á patroa do municipio, e destaca asimesmo a concatedral de San Julián, no núcleo urbano do Barrio da Magdalena, co-sede do Obispado de Mondoñedo-Ferrol, e a Igrexa conventual de San Francisco. Na costa na praia do mesmo nome, atópase a ermida de Santa Comba, con vestixios arqueolóxicos e inicio en Ferrol do Camiño a San Andrés de Teixido.

MAÑÓN: a arquitectura relixiosa de Mañón está representada polas igrexas parroquiais espalladas polo concello. Non se pode falar de grandes monumentos pero si de obras cunha tipoloxía integrada na paisaxe e con similitudes construtivas, aínda dentro da súa sinxeleza. Entre elas hai varias de certo interese, como a de Santa María de Mogor, San Cristovo de Ribeiras do Sor e San Mamede das Grañas do Sor.

MUGARDOS: cabe destacar a igrexa de Santiago de Franza, de estilo neogótico, coa sepultura de Pedro de Sillobre cunha estatua xacente do cabaleiro con armadura. No sombreado atrio que rodea a ermida da Ascensión, no pintoresco lugar de Lodairo, celébrase unha popular romaría nesta festividade.

NARÓN: durante a Idade Media toda a zona pertenceu ó señorío do Monasterio de San Martiño de Xubia e máis tarde Enrique II lle concedeu a xurisdición destas terras á familia dos Andrade, que continuou o seu dominio ata a división municipal a comezos do século XIX. Este Monasterio de San Martiño de Xubia é Monumento Nacional, e só queda en pé a súa igrexa románica dos

séculos XII-XIII, que no seu interior garda o sepulcro gótico de Rodrigo Esquío, cabaleiro do século XV.

Destacan tamén a Igrexa de Santa Rita de Xubia, templo de estilo ecléctico, e o Convento de Baltar no Val que foi nos seus orixes, século XVI, un pazo mandado construír pola Marquesa de Lago-San Sadurniño, e máis tarde foi reconvertido en Convento grazas á súa donación, realizada pola Marquesa ós frailes claretianos.

NEDA: O monumento relixioso máis interesante do municipio é a igrexa parroquial de San Nicolás, na que se mezclan algúns elementos góticos tardíos do século XV con outros posteriores de estilo neoclásico e unha torre barroca. Ten un cruceiro gótico no atrio considerado un dos máis antigos de Galicia. A igrexa de Santa María alberga o Cristo da Cadena, unha talla en madeira que, segundo a tradición, debeu de chegar por mar desde Inglaterra, no século XVI.

ORTIGUEIRA: a maior parte da arquitectura relixiosa de Ortigueira presenta templos parroquiais de planta de cruz latina, cunha soa nave e unha ábside de planta rectangular que comunica coa nave mediante un arco triunfal. A estas características pertencen Santiago e Santa María de Mera, San Xoán de Espasante, Santo Domingo na capital municipal, e San Xulián de Barbós. Incluso pódese observar esta planimetría en igrexas reedificadas no século XX, como San Xulián de Loiba, Santiago de Cuiña e San Claudio, todas elas de estilo neogótico. Outro tipo de planta existente neste Concello é a basilical con capela maior de amplas dimensións. Este esquema se observa nas igrexas de San Xoán de Insua, Santa María de Luia, San Paulo de Freires, San Xoán de Mosteiro e San Sebastián de Devesos.

VALDOVIÑO: no camiño a San Andrés de Teixido atópase a Igrexa de San Pedro de Loira, e, xa no lugar de Liñeiro, un fermoso pazo e a súa Capela de Nosa Señora da Fame de Liñeiro, tamén coñecida como Capela da Fame, a máis singular capela do Camiño, e que servía de repouso espiritual e albergue a peregrinos baixo a protección dos cabaleiros da Orde de Malta.

II. PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

II.1 EVENTOS CULTURAIS E GASTRONÓMICOS

As festas populares teñen gran raigambre no territorio.

Ares celebra a súa Semana Santa como unha das máis notables. O primeiro fin de semana despois de Corpus teñen lugar as alfombras florais. Semanas antes o pobo dedícase á recolección de flores polos xardíns e casas de toda a comarca para alfombrar as rúas da vila. Despois elíxense os deseños que adornarán as alfombras. Na noite do sábado vanse colocando as flores, as areas pintadas, as follas de arbustos... que dan cor ós deseños. O Domingo celebrábase a tradicional procesión ó longo deste traballo floral.

Destaca tamén o Voto de Chanteiro o 1 de xuño. Nesta festa realízase un voto á Virxe en agradecemento por ter permitido que a cidade de Ferrol se librase dunha peste. O luns de Pascua de 1404 os veciños foron a rogarlle á Virxe. Coas largas velas, coas que se iluminaba a igrexa, mediron o exterior do templo e todas esas velas pesaron unhas seis libras, e decidiron que cada ano lle ofrecerían á Virxe esa cantidade de velas se os libraba da enfermidade.

Asimismo teñen lugar romarías populares como a de San Antonio en Seselle, a de Nosa Sra. da Merced, na ermida de Nosa Señora de Chanteiro (Cervás). E as festas de Mar, coa procesión marítima.

En Cariño, nas festas da Virxe do Carme, os días 15 e 16 de xullo, hónrase á patroa dos mariñeiros. Sen dúbida, representan a celebración máis xenuína de Cariño. O día 15 de xullo, iníciase dende a igrexa local a procesión de baixada da santa cara ao porto, levada nos ombreiros polos mariñeiros sobre un camiño de palmas. Minutos despois as sereas da lonxa pesqueira anuncian a chegada da santa ao peirao, onde se oficia unha misa e se vela a patroa toda a noite. A mañá do día 16 realízase a procesión marítima, logo de embarcar á Virxe no barco que resulte agraciado por un sorteo. A procesión parte do porto de Cariño ata os cantís do cabo Ortegal, onde se realiza unha ofrenda floral polos mariñeiros que perderon a súa vida no mar.

Outras celebracións importantes en Cariño son a romaría de San Xiao de Trebo, o 26 de xaneiro, o entroido e, nun ámbito máis cultural, a Mostra de Teatro, no mes de agosto, nas vésperas das festas patronais de San Bartolomeu.

En Cedeira celébrase o Curro da Capelada o Rapa das Bestas o primeiro domingo do mes de xullo, e especialmente as festas dedicadas a Nosa Señora do Mar o 15 de agosto.

En Cerdido as celebracións máis importantes son as festas patronais de San Antonio da Barqueira, o 13 de xuño, e San Martiño de Cerdido, o 1 de xullo.

Nos últimos anos, o Concello de Cerdido organiza Recrearte, como un evento cultural no que se combinan exposicións, principalmente de pintura, con outras actividades artísticas. Celébrase durante os meses de xullo e agosto nas instalacións culturais da área recreativa O Castro, na parroquia de Cerdido.

O primeiro domingo de cada mes e os días 6 de decembro e de xaneiro, ten lugar unha feira municipal dedicada a produtos dístintos: filloa, mel, cereixa, empanada, entre outros.

Fene celebra diversas romarías como a do Pote en Maniños, e festas gastronómicas como a Festa da Orella en Limodre. Destacan tamén a Festa do Camiñante en Barallobre e a Festa do Cabalo en Megalofes.

En Ferrol celébranse especialmente as festas de Entroido e a das Pepitas, na que as rondallas rondan ás mulleres. A romaría da Virxe de Chamorro o luns de Pascua é a máis destacable, así como a celebración de San Julián, patrón do municipio, e San Ramón, e a finais de agosto a conmemoración da batalla de Brión. En canto á celebración da Semana Santa Ferrolá, está declarada de Interese Turístico Nacional, cun elevado número de procesións nas que saen pasos de gran riqueza artística e relixiosa.

As principais festas de Mañón son as patronais de San Pedro de Bares, o 29 de xuño, Santa Rosa, o 27 de agosto, e a Virxe do Carme, o 16 de xullo, que inclúe unha procesión marítima que parte do Barqueiro. O Concello de Mañón organiza dende hai máis de vinte anos a Festa do Marisco, o primeiro fin de semana de decembro, co obxectivo de valorizar un produto relevante na

economía local. Máis alá do interese promocional, a Festa do Marisco configúrase tamén como un acto festivo de primeira magnitude pola masiva afluencia de público. A Noite Meiga celébrase no mes de setembro no porto do Barqueiro. É unha escenificación das festas pagás con representación de meigas e bruxería.

Tamén Mugardos celebra especialmente o Entroido e a Noite das Pepitas. Celebra a festa da Ascensión cunha romaría dedicada á Virxe da Ascensión, e as festas de San Julián, patrón de Mugardos, e de San Xoán, festa popular celebrada con fogueiras con intención purificadora. Ten as festas do Carme cunha procesión marítima pola ría na que os pescadores acompañan á Virxe no percorrido. O día anterior hai que destacar a festa gastronómica do polbo, o produto máis típico do Concello de Mugardos, que se celebra no Cantón de Cora durante todo o día no que a xente pode degustar o "polbo á mugardesa". A festa das Merendas é unha comida campestre e concurso de cabanas, onde gañará a máis "pachangueira", e a Festa da Ameixa, con degustación gastronómica de ameixas da ría.

Como moitos concellos, celébrase o magosto o *Venres máis próximo a San Martiño*, con asado de castañas e sardiñas, viño e son de gaitas.

En Narón celébrase o Oenach Céltico en verán, e múltiples festas das que destaca a gastronómica Festa do Pemento do Couto e a romaría da Virxe da O en maio.

En Neda celébranse especialmente as festas de Santa María e as da Virxe do Carme, diversos eventos de exaltación gastronómica como a Festa do Pan, e a Feira Celta da Aureana.

En Ortigueira, entre as festas patronais, cabe destacar as celebradas en honor a Santa Marta, do 28 de xullo ao 1 de agosto, e as de San Antonio de Espasante, o 13 de xuño. Nestas últimas, lévase a cabo o tradicional sorteo dun cerdo criado en liberdade en Espasante e alimentado polos veciños.

Mención aparte merece o **Festival Celta de Ortigueira**, declarado de interese turístico internacional no ano 2005; sen dúbida un dos máis importantes festivais folk de toda Europa, o que se acredita cunha afluencia de público próxima a cen mil persoas. Pouco queda daquel festival artesanal que nacía no ano 1978, froito do esforzo da Escola de Gaitas de Ortigueira, liderada naquel intre por Xavier Garrote. Hoxe en día, grazas ao esforzo do Concello, doutras Administracións e do patrocinio privado, o Festival de Ortigueira converteuse nun referente mundial para os amantes da música folk. Celébrase a primeiros do mes de xullo durante catro días, de xoves a domingo.

A praia de Pantín en Valdoviño é escenario da proba valedera para o Campionato do Mundo de Surf: o Pantín Clasic. O municipio celebra especialmente a festa do Corpus, a Romaría da Virxe do Porto en Meirás, e a famosa Baixada de Carrilanas.

II.2 LENDAS, MITOS E TRADICIÓN

En Cedeira se atopa o Santuario de San Andrés de Teixido do século XVI, venerado por moitos feligreses e romeiros que o converten nun fito etnográfico e paisaxístico. É lugar de visita obrigada para coñecer Galicia, pois como reza o refrán: "A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo" xa que esta peregrinación mezcla ritos paganos e tradicións milenarias, coa fecundidade e a

transmisión das almas. Por outra parte, desde 1974, celébrase o Curro da Capelada ou rapa das bestas, festa de gran interese etnográfico, na que se baixan os cabalos salvaxes da zona para cortarles as crins e marcalos.

En Ferrol a finais de agosto os valentes habitantes de Brión escenifican a batalla deste nome na que no século XIX venceron os invasores ingleses. Non lonxe dos montes de Brión está a Lagoa de Doniños, sobre a que existe a lenda da súa formación, coa inundación do pobo alí existente, da que só sobreviviron dous nenos.

Pena Molexa, no Val, en Narón, é un monumento natural singular, unha gran roca de varias toneladas de peso sobre a que se sitúan outras de menor tamaño. Conta a lenda que un feitizo converteu a unha fermosa fada nesta espectacular roca.

Neda conta coa lenda da Aureana, unha historia de Mouros que explica a máxica orixe da fonte do lugar.

O Camiño Inglés a Santiago discorre ó longo de varios concellos deste territorio, Ferrol, Narón, Neda, Fene, que foi sumamente transitado, situación que contribuíu ó enriquecemento cultural, histórico e artístico.

En Ortigueira existe a lenda de que un monstro terrible e indómito, de rabo e dentes moi longos, chamado tarasca, que vivía preto da lagoa de San Martiño de Luama, tiña atemorizados aos veciños ata que Santa Marta conseguiu que afogara na Barra, á entrada da ría de Ortigueira.

II.3 FOLCLORE (MÚSICA E DANZA)

No que se refire á música popular, en Ferrol e nas vilas do entorno destacan especialmente as Tunas das Pepitas, de profunda raizame. Nacen a fins do século XIX e na véspera de San Xosé percorren as rúas da cidade cantando a beleza das mulleres. Dentro da música coral destaca a "Coral Polifónica Ferrolá" e con carácter máis folclórico o histórico Real Coro Toxos e Flores, fundado en 1915, que é o máis antigo dos que aínda actúan polos escenarios do mundo enteiro.

En Cariño, coincidindo coa procesión marítima da Virxe do Carme (16 de xullo), represéntase a danza dos arcos. Descoñécese a súa antigüidade, se ben estivo sempre vencellada aos mariñeiros de Cariño. Os pasos desta danza transmítense de pais a fillos dende hai moitas xeracións. No seu desenvolvemento utilízanse arcos de madeira engalanados con cores vistosas.

ANÁLISE DOS ELEMENTOS CULTURAIS DA ZONA E OPORTUNIDADES QUE OFRECE A RECUPERACIÓN DOS MESMOS.

Á vista do rico e variado patrimonio cultural do territorio, tanto material como inmaterial, como se reflexa de modo resumido neste punto, supón un importantísimo recurso desde o punto de vista das posibilidades de desenvolvemento, a través da recuperación, mellora e aproveitamento dos mesmos e da actividade relacionada que se pode xerar. A súa recuperación ofrece oportunidades para as actividades, produtivas e non produtivas, no sector terciario, e en maior medida, no ámbito turístico: actuacións en materia de

turismo cultural e patrimonial, recuperación e mellora de entornos e infraestruturas culturais e monumentais, creación e prestación de servizos aos visitantes, as entidades públicas e privadas que traballan no eido da xestión cultural e patrimonial, creación de puntos de interese para o turismo interior ou de proximidade, desenvolvemento de actividades económicas que incrementen a oferta de ocio, que aproveiten, en xeral, a crecente demanda de estes servizos.

3. Mercado de traballo.

POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa do territorio GDR ascendía a 70.234 persoas no ano 2001, o que supoñía o 14,46 % do total provincial e o 5,94 % do total galego.

POBOACIÓN ACTIVA POR SEXO					
Concello	Total	Homes	Mulleres	Porcentaxe de homes	Porcentaxe de mulleres
Ares	2.086	1.324	762	0,63	0,37
Cariño	1.920	1.143	777	0,60	0,40
Cedeira	2.862	1.845	1.017	0,64	0,36
Cerdido	557	359	198	0,64	0,36
Fene	5.962	3.690	2.272	0,62	0,38
Ferrol	32.028	18.221	13.807	0,57	0,43
Mañón	678	421	257	0,62	0,38
Mugardos	2.250	1.436	814	0,64	0,36
Narón	13.787	8.454	5.333	0,61	0,39
Neda	2.441	1.507	934	0,62	0,38
Ortigueira	3.004	1.858	1.146	0,62	0,38
Valdoviño	2.659	1.643	1.016	0,62	0,38
Total zona GDR	70.234	41.901	28.333	0,60	0,40
A Coruña	485.754	282.388	203.366	0,58	0,42
Galicia	1.183.150	689.617	493.533	0,58	0,42

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, 2001

Tendo en conta a distribución por sexos da poboación activa, obsérvase no cadro anterior que a porcentaxe da poboación activa feminina é moi inferior á masculina, cunha diferenza de 20 puntos e que se eleva ao 28 % en concellos como Cedeira, Cerdido e Mugardos. Asemade, a porcentaxe de poboación activa feminina resulta inferior en dous puntos á media provincial e á galega.

A poboación activa no territorio do GDR ascendía no ano 1991 a 66.655 persoas e elevouse a 70.234 no ano 2001 o que supón un incremento do 9,60 %, sensiblemente inferior ao total provincial (13,08%) e ao total autonómico (10,47%). As cifras reflicten a evolución negativa da poboación activa na zona, que incluso nalgúns concellos como Cerdido, Mañón e Ortigueira sufriron unha perda de poboación activa superior ao 20 %.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA 1991-2001			
Concello	Ano 1991	Ano 2001	Variación porcentual (1991-2001)
Ares	1.521	2.086	37,15 %
Cariño	4.501	1.920	-0,36 %
Cedeira	2.676	2.862	6,95 %
Cerdido	706	557	-21,10 %
Fene	5.110	5.962	16,67 %
Ferrol	29.362	32.028	9,08 %
Mañón	903	678	-24,92 %
Mugardos	2.098	2.250	7,24 %
Narón	11.577	13.787	19,09 %
Neda	2.062	2.441	18,38 %
Ortigueira	3.769	3.004	-20,30 %
Valdoviño	2.370	2.659	12,19 %
Total GDR	66.655	70.234	9,60 %
Total provincial	429.570	485.754	13,08 %
Total C.C.A.A.	1.070.990	1.183.150	10,47 %

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A cifra total de poboación inactiva para o ano 2001 ascendía a 81.860 persoas. Delas, destacan dous colectivos: o de xubilados, que supoñían un 31,62 % do total, e o de persoas que realizan tarefas do fogar, que supoñía un 29,09 %. Destaca neste último colectivo, que o 98,70 % está formado por mulleres.

POBOACIÓN INACTIVA POR SEXOS

Concello	Xubilados		Pensionistas		Estudantes		Tarefas do fogar		Outra situación	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ares	504	194	101	316	179	201	4	755	33	23
Cariño	570	423	139	353	165	195	2	444	76	53
Cedeira	905	673	129	381	262	346	4	923	86	92
Cerdido	231	204	26	81	34	44	8	188	28	28
Fene	1.615	343	272	729	564	668	30	2.509	93	157
Ferrol	7.650	2.466	1.311	5.225	3.362	3.924	188	10.490	882	1.017
Mañón	298	267	47	141	41	53	2	141	20	26
Mugardos	667	236	103	417	201	231	5	934	52	53
Narón	2.839	1.159	630	1.574	1.115	1.407	50	4.616	434	454
Neda	686	248	140	374	204	247	4	908	43	67
Ortigueira	1.084	1.286	180	294	243	320	6	744	88	72
Valdoviño	874	463	197	379	195	264	6	855	117	161
Total zona	17.923	7.962	3.275	10.264	6.565	7.900	309	23.507	1.952	2.203

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2001

Comparación das taxas de activade dos anos 1991 e 2001:

CONCELLO	TAXA ACTIVIDADE (1991)	TAXA ACTIVIDADE (2001)
ARES	41,4	47,5
CARIÑO	42,8	44,2
CEDEIRA	42,5	43,0
CERDIDO	43,7	39,0
FENE	42,0	46,1
FERROL	43,8	46,7
MAÑÓN	46,5	39,6
MUGARDOS	38,6	43,7
NARÓN	47,0	49,1
NEDA	39,1	45,5
ORTIGUEIRA	45,1	41,0
VALDOVIÑO	41,1	43,1
Total GDR	43,7	46,2
Total PROVINCIA	49,2	51,0
Total C.C.A.A.	49,2	50,7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Censo 1991 e IGE 2001

Tendo en conta os datos que mostra o cadro anterior, a taxa de actividade experimentou un importante incremento na zona na década 91-01, pasando dun 43,70 % de media a un 46,20 %. A pesar disto, aínda dista moito da media da comunidade, xa que se atopa catro puntos e medio por baixo da mesma.

POBOACIÓN OCUPADA

A poboación ocupada do GDR ascendía a 58.987 persoas, das que só eran mulleres un 37 %, aínda tres puntos por debaixo das cifras provincial e autonómica en 3 puntos. É chamativo o feito de que en catro concellos: Ares, Cedeira, Cerdido e Mugardos a porcentaxe de mulleres ocupadas só acada o 31 %.

POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E GRANDES GRUPOS DE IDADE

Concellos	TOTAL			Homes			Mulleres		
	TOTAL	16-64	65 ou máis	TOTAL	16-64	65 ou máis	TOTAL	16-64	65 ou máis
TOTAL	58.987	57.087	1.900	37.061	36.199	862	21.926	20.888	1.038
Ares	1.747	1.678	69	1.173	1.139	34	574	539	35
Cariño	1.633	1.600	33	1.054	1.039	15	579	561	18
Cedeira	2.529	2.473	56	1.684	1.650	34	845	823	22
Cerdido	510	495	15	340	334	6	170	161	9
Fene	4.986	4.851	135	3.278	3.209	69	1.708	1.642	66
Ferrol	26.402	25.459	943	15.839	15.450	389	10.563	10.009	554
Mañón	631	616	15	402	394	8	229	222	7
Mugardos	1.829	1.758	71	1.227	1.191	36	602	567	35
Narón	11.732	11.385	347	7.590	7.428	162	4.142	3.957	185
Neda	2.071	1.966	105	1.314	1.263	51	757	703	54
Ortigueira	2.645	2.566	79	1.684	1.642	42	961	924	37
Valdoviño	2.272	2.240	32	1.476	1.460	16	796	780	16

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2001

No período 1991-2001 produciuse un incremento porcentual da poboación ocupada na zona GDR do 19 %, idéntico ao total provincial. No total da comunidade a poboación activa diminuíu lixeiramente.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA 1991-2001

Concello	Ano 1991	Ano 2001	Variación porcentual
Ares	1.069	1.747	0,63
Cariño	1.546	1.633	0,06
Cedeira	2.305	2.529	0,10
Cerdido	648	510	-0,21
Fene	3.650	4.986	0,37
Ferrol	22.012	26.402	0,20
Mañón	817	631	-0,23
Mugardos	1.605	1.829	0,14
Narón	8.955	11.732	0,31
Neda	1.512	2.071	0,37
Ortigueira	3.352	2.645	-0,21
Valdoviño	2.055	2.272	0,11
Total GDR	49.526	58.987	0,19
Total provincial	358.103	424.910	0,19
Total C.C.A.A.	1.095.732	1.035.178	-0,06

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES

Concello	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Ares	1,43	4,92	22,67	16,31	54,67
Cariño	3,55	26,33	17,70	11,39	41,03
Cedeira	8,82	15,10	16,57	11,82	47,69
Cerdido	28,63	0,59	21,57	18,04	31,18
Fene	1,97	1,97	31,21	11,55	53,31
Ferrol	1,23	1,36	19,99	7,50	69,92
Mañón	16,96	16,16	11,09	12,20	43,58
Mugardos	2,19	6,23	27,12	14,22	50,25
Narón	1,86	1,34	24,55	12,82	59,44
Neda	2,12	3,91	29,02	12,46	52,49
Ortigueira	14,74	7,64	14,52	15,16	47,94
Valdoviño	8,45	1,80	23,42	13,69	52,64
Total GDR	3,16	3,48	22,06	10,56	60,74
A Coruña	6,14	3,48	17,96	12,54	59,89
Galicia	7,66	3,40	18,70	12,32	57,92

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2001

Da análise dos datos do cadro anterior, tírase que a porcentaxe de poboación dedicada na zona á agricultura é moi baixa, presentando unha media que supón menos da metade da media galega. Agás nos concellos de Ortegaleira e Cedeira, no total da zona a poboación ocupada no sector servizos supera o 50% do total. A poboación ocupada no sector industrial supera o 20 % agás nos concellos de Cariño, Cedeira, Mañón e Ortigueira. A construción supón unha porcentaxe aproximada total do 12 % da poboación, agás, curiosamente, no concello de Ferrol, que só acada un 7,50 %.

	Ares	Cariño	Cedeira	Cerdido	Fene	Ferrol	Mañón	Mugardos	Narón	Neda	Ortigueira	Valdoviño
Total	1.747	1.633	2.529	510	4.986	26.402	631	1.829	11.732	2.071	2.645	2.272
Dirección das empresas e das administracións públicas	158	149	285	32	347	2.288	49	129	894	237	220	201
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	167	86	218	12	459	4.252	32	137	821	134	173	167
Técnicos e profesionais de apoio	148	98	154	13	532	3.248	34	127	1.044	144	197	165
Empregados de tipo administrativo	121	74	143	27	310	2.054	27	136	727	143	130	118
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	239	162	276	38	702	4.127	72	239	1.862	270	311	341
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	79	302	493	118	161	534	176	129	320	100	485	198
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería	453	353	486	150	1.462	4.323	116	493	3.050	598	515	585
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	175	125	232	71	513	1.888	53	179	1.438	232	256	243
Traballadores non cualificados	145	262	199	48	371	2.159	52	177	1.022	159	324	185
Forzas armadas	62	22	43	1	129	1.529	20	83	554	54	34	69

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2001

Comparación das taxas de ocupación 1991-2001

CONCELLO	TAXA DE OCUPACIÓN (1991)	TAXA DE OCUPACIÓN (2001)
ARES	29,1	39,7
CARIÑO	34,3	37,6
CEDEIRA	36,6	38,0
CERDIDO	40,1	35,7
FENE	30,0	38,5
FERROL	32,8	38,5
MAÑÓN	42,1	36,8
MUGARDOS	29,5	35,5
NARÓN	36,3	41,8
NEDA	28,7	38,6
ORTIGUEIRA	40,1	36,1
VALDOVIÑO	35,6	36,8
Total GDR	33,7	38,8
Total provincia	41,0	44,6
Total C.C.A.A.	41,1	44,3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Censo 1991 e IGE 2001

O cadro anterior reflicte que a poboación ocupada evolucionou positivamente na década 91-01, xa que se incrementou en 5 puntos a taxa de ocupación, fronte aos 3 da provincia da Coruña ou da comunidade autónoma. A pesar do incremento, tres concellos viron diminuída a súa ocupación: Cerdido, Mañón e Ortigueira.

POBOACIÓN PARADA

Segundo os datos aportados polo Instituto Galego das Cualificacións correspondentes á poboación parada no mes de maio do ano 2008, obsérvase que o total de persoas desempregadas no total dos 12 concellos da zona ascende a 10.961, o que supón o 6,99 % do total de Galicia e o 17,16 % do total provincial.

POBOACIÓN PARADA MAIO 2008									
	SEXO E IDADE								
		HOMES				MULLERES			
Concello	TOTAL	<25	25-44	>=45	Total	<25	25-44	>=45	Total
ARES	376	18	62	54	134	12	136	94	242
CARIÑO	228	13	47	43	103	6	67	52	125
CEDEIRA	301	12	63	53	128	15	97	61	173
CERDIDO	46		4	16	20	2	11	13	26
FENE	855	33	132	103	268	35	297	255	587
FERROL	5.348	292	875	651	1.818	264	1.630	1.636	3.530
MAÑÓN	63	2	7	15	24	7	19	13	39
MUGARDOS	364	22	62	51	135	19	125	85	229
NARÓN	2.380	122	353	269	744	130	891	615	1.636
NEDA	305	15	49	36	100	18	102	85	205
ORTIGUEIRA	286	14	56	62	132	13	80	61	154
VALDOVIÑO	409	19	62	74	155	17	124	113	254
TOTAL GDR	10.961	562	1.772	1.427	3.761	538	3.579	3.083	7.200
Total PROVINCIA	63.870	3.034	10.975	10.634	24.643	3.060	20.418	15.749	39.227
Total C.C.A.A.	156.779	7.801	26.586	25.938	60.325	7.878	49.134	39.442	96.454

Fonte:Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.
Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.

Considerando a distribución por sexos das persoas desempregadas, destacan as elevadas cifras de desemprego feminino, que ascende ao 65,69 %, catro puntos superior á media galega.

Da análise das idade das persoas empregadas, destaca o grupo de 25 a 44 anos cun 48,82 % do total. A poboación desempregada maior de 45 supón un 41,15 % do total e os menores de 25 o 10,03 % restante.

Considerando máis polo miúdo as características do desemprego feminino, conséntase que a porcentaxe de desemprego nas mulleres máis xoves é inferior á media total en tres puntos, mentres que nos colectivos de máis de 25 a porcentaxe é superior nun punto e medio.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN PARADA 1991-2001 POR SEXOS						
	Ano 1991		Ano 2001		Variación porcentual	
Concello	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ares	253,00	199,00	151,00	188,00	-0,40	-0,06
Cariño	202,00	179,00	89,00	198,00	-0,56	0,11
Cedeira	230,00	141,00	161,00	172,00	-0,30	0,22
Cerdido	49,00	9,00	19,00	28,00	-0,61	2,11
Fene	889,00	571,00	412,00	564,00	-0,54	-0,01
Ferrol	3.758,00	3.592,00	2.382,00	3.244,00	-0,37	-0,10
Mañón	53,00	33,00	19,00	28,00	-0,64	-0,15
Mugardos	288,00	205,00	209,00	212,00	-0,27	0,03
Narón	1.326,00	1.296,00	864,00	1.191,00	-0,35	-0,08
Neda	341,00	209,00	193,00	177,00	-0,43	-0,15
Ortigueira	251,00	166,00	174,00	185,00	-0,31	0,11
Valdoviño	233,00	82,00	167,00	220,00	-0,28	1,68
Total GDR	7.873,00	6.682,00	4.840,00	6.407,00	-0,39	-0,04
Total provincial	39.498,00	31.969,00	27.919,00	32.925,00	-0,29	0,03
Total C.C.A.A.	98.154,00	76.974,00	68.541,00	79.431,00	-0,30	0,03

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Comparación das taxas de desemprego 1991-2001:

CONCELLO	TAXA DESEMPREGO (1991)	TAXA DESEMPREGO (2001)
ARES	29,7	33,9
CARIÑO	19,8	14,9
CEDEIRA	13,9	11,6
CERDIDO	8,2	8,4
FENE	28,6	16,4
FERROL	25	17,6
MAÑÓN	9,5	6,9
MUGARDOS	23,5	18,7
NARÓN	22,6	14,9
NEDA	26,7	15,2
ORTIGUEIRA	11,1	12,0
VALDOVIÑO	13,3	14,6
Total GDR	22,7	16,0
Total provincia	16,6	12,5
Total C.C.A.A.	16,4	12,5

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Censo 1991 e IGE 2001

Comparando as taxas de desemprego entre os anos 1991 e 2001, compróbase que diminuíron en case 7 puntos no territorio GDR, fronte aos 4 puntos do total provincial ou autonómico. Esa diminución produciuse en todos os concellos, agás Ares, Cerdido, Ortigueira e Valdoviño.

EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE PARO REXISTRADO SOBRE POBOACIÓN TOTAL

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
ARES	7,9	8,5	7,9	5,9	6,4	6,1	5,8	5,9	5,6	6,2	6,1
CARIÑO	5,7	6,2	5	5,7	4,8	4,4	4,8	4,4	4,9	4,7	5,0
CEDEIRA	5,1	4,9	4,1	4,4	4,7	4,1	4,3	4,2	4,1	4,8	4,3
CERDIDO	4,8	4,2	3,6	3,1	3,8	3,3	4	3,9	4,3	3,5	3,7
FENE	8,8	8,4	7,6	5,9	7,5	6,4	7,2	7,2	6,1	6,7	6,1
FERROL	7,7	7,2	7,2	6,0	6,0	5,3	6	6,5	6,2	7,3	7,1
MAÑÓN	3,9	4	3,7	3,8	3,3	2,9	2,9	2,5	4,6	4,6	3,8
MUGARDOS	7,2	7,6	6,7	5,4	6,3	5,8	5,5	6,4	6,4	6,2	5,9
NARÓN	8,3	8	7,3	6,5	7	6,7	7,4	6,7	6,3	6,9	6,3
NEDA	7,1	7,2	7	5,2	5,4	5	5,5	5,6	4,8	6	5,4
ORTIGUEIRA	7,6	6,5	5,7	5,2	5,1	4,3	5,2	5,4	5,3	6	5,5
VALDOVIÑO	4,2	4	4,3	3,3	3,5	3,8	4,1	4	4,3	4,5	4,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Anuario La Caixa 2007

ACTIVIDADES ECONÓMICAS. SECCIÓNS DA CLASIFICACIÓN CNAE
CON MAIOR Nº DE TRAB EN XERAL.
AFILIADOS 2007

DESCRICIÓN	Ares	Cariño	Cedeira	Cerdido	Fene	Ferrol	Mañón	Mugardos	Narón	Neda	Ortigueira	Valdoviño	TOTAL
Agricultura, gandería, caza, silvicultura		160	46	75	65		65		169	50	290	144	1.064
Pesca	41	363	210		85		47	114		58	55	58	1.031
Industrias extractivas							18				49		67
Industria manufactur.	28	185	211	38	944	3.277	6	210	3.116	184	199	258	8.656
Construción	86	186	32	49	828	1.595	6	377	1.634	208	167	223	5.391
Comercio, reparac. vehic. a motor, motocicl. e art.persoal	38	156	52	18	170	3.425	8	60	1.552	109	237	148	5.973
Hostalería	43	77	23	5	95	1.043	12	44	554	23	45	56	2.020
Transporte, almacenamto e comunicacións	22			12		1.009	9	68	476	34			1.630
Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.	26	34	8	X	73	2.414		42	653		32		3.282
Administr. pública, defensa e seguridade social obrigatoria	65	63	60	14	142	1.072	15	59		85	146	16	1.737
Educación					66	629		21	200				916
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais				X		3.605						21	3.626
Outras activid. sociais e de serv. prestados á comunidade	16	30	12		58	860	14	13	345	14		31	1.393
Fogares que empregan persoal doméstico	17	48	24	7					166	34	48	20	364
TOTAL	382	1.302	678	218	2.526	18.929	200	1.008	8.865	799	1.268	975	37.150

Fonte:Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.

4.1. ANÁLISE SECTORIAL

Relación das empresas máis importantes do territorio xerarquizadas segundo o seu volume de facturación:

EMPRESA	INGRESOS (Miles de €)	EMPREGADOS	SECTOR	LOCALIDADE
Metalúrgica Galaica, S.A.	571.201	49	Metales-siderurgia	Narón
Megasa Siderurgia, S.L.	241.094	234	Metales-siderurgia	Narón
Indipunt, S.L.	120.454	356	Textil	Narón
Maderas del Noroeste, S.A.	54.615	50	Madera	Ferrol
Megasider, S.L.	51.256	48	Metalurgia	Narón
Transp. Almac. Transitorios, S.A.	40.643	62	Transporte	Narón
Forestal del Atlántico, S.A.	39.333	49	Químico	Mugardos
Carlos Díaz y Compañía, S.A.	38.413	208	Alimentación mayorista	Ferrol
Polipropileno de Galicia, S.A.	34.053	196	Plástico. Fabricante	Narón
Distrigalicia, S.L.	27.521	94	Editorial	Ferrol
Constructora Eshor, S.L.	25.391	326	Construcción	Fene
Industr. Cándido Hermida, S.L.	20.417	170	Muebles de madera	Valdoviño
Abeconsa, S.L.	19.320	38	Construcción	Ferrol
Materiales del Atlántico, S.A.	19.085	42	Construcción	Narón
Impregnaciones Melamínicas Gallegas	17.284	39	Fabricación de papel	Mugardos
Manuel Rey, S.A.	14.561	42	Venta de vehículos	Narón
Modesto Carrodegas, S.L.	13.283	119	Fabricación de conservas	Cariño
García Forestal, S.L.	12.760	27	Madera	Cedeira
Galicia Textil, S.A.	12.445	99	Textil	Neda
Talleres Prego, S.A.	11.782	46	Venta de vehículos	Narón
Tecnología y Montaje, S.A.	11.733	247	Construcciones metálicas	Narón

EMPRESA	INGRESOS (Miles de €)	EMPREGADOS	SECTOR	LOCALIDADE
Garaje Castelos, S.A.	10.889	42	Venta de vehículos	Ferrol
Armada. Metálicas San Juan, S.L.	10.399	78	Construcciones metálicas	Ferrol
Privilege Advanced Surfaces, S.A.	9.089	53	Fabricaciones diversas	Narón
Diexfe, S.A.	9.080	35	Materiales de electricidad	Ferrol
Electro-Rayma, S.L.	8.532	131	Maquinaria eléctrica	Narón
Jema Creaciones Infantiles, S.L.	7.839	80	Coinfecciones	Ferrol
Gándara Motor, S.A.	7.667	29	Venta de vehículos	Ferrol
Distrib. Gallega Prod. Petr., S.L.	7.529	4	Petróleo mayorista	Ortigueira
Royal Ferrol, S.A.	7.005	25	Ocio. Máquinas tragaperras	Ferrol
Almacenes Neira, S.L.	6.969	44	Construcción	Ferrol
Proyfe, S.L.	5.861	62	Ingeniería	Narón
Ind. Generoso Santalla, S.L.	5.701	40	Carpintería de madera	Cerdido
Constr. Pita Graña, S.A.	5.666	21	Construcción	Narón
Bardera Obras Civ. Y Mar., S.L.	5.625	55	Construcción	Ferrol
Autogándara, S.L.	5.272	12	Venta de vehículos	Ferrol
Bazar Ali, S.L.	5.184	65	Grandes almacenes	Ferrol
Gauzon Ibérica, S.L.	5.141	20	Suministros industriales	Ferrol
Comar Rías Altas, S.A.	4.942	20	Ocio. Máquinas tragaperras	Ferrol
Ramón Naveiras, S.L.	4.661	25	Mayoristas. Imperecederos	Ferrol
Bouza Car, S.L.	4.657	16	Venta de vehículos	Narón
Teimper, S.A.	4.556	21	Pinturas y barnices	Fene
Ron Curiel, S.A.	4.541	16	Suministros industriales	Ferrol
Hijos de José Losada C., S.A.	4.484	30	Minería. Áridos	Ferrol
Comercial E. Riego, S.L.	4.471	30	Electrodomésticos	Ferrol
Portomotor, S.L.	4.452	23	Vehículos. Recambios	Ferrol
Egasa Ferrol, S.A.	4.412	19	Ocio. Máquinas tragaperras	Ferrol

EMPRESA	INGRESOS (Miles de €)	EMPREGADOS	SECTOR	LOCALIDADE
Ind. y Talleres Franco, S.L.	4.294	70	Construcciones metálicas	Narón
Transp. Ramos Piñeiro, S.L.	4.293	42	Transporte de mercancías	Narón
Persianas del Noroeste, S.A.	4.272	25	Fabricante de muebles	Fene
Ecotecnia Galicia, S.L.	4.214	21	Minería	Ferrol
Acuidoro, S.L.	4.145	33	Alimentación. Pesca	Ferrol
Sanesteban Castro, S.L.	4.069	30	Electrodomésticos	Narón
Gabadi, S.L.	3.903	81	Servicios. Instalaciones	Narón
Eoc Galicia, S.A.	3.824	5	Construcción	Ferrol
Ortegal Baño, S.L.	3.768	17	Materiales de construcción	Ortigueira
AD Regueira y Asociados, S.L.	3.723	17	Vehículos. Recambios	Narón
Inst. Climatización Galicia, S.A.	3.688	40	Fontanería	Narón
Talleres Mecán. Galicia, S.L.	3.541	28	Construcciones metálicas	Narón
Almac. Fruteros Reunidos, S.L.	3.480	17	Alimentación. Frutas. Mayor.	Narón
Mant. Y Serv. Tecman, S.L.	3.455	54	Servicios. Instalación	Narón
A. Valiño Narón, S.L.	3.414	29	Construcción	Narón
Elecnaval, S.L.	3.407	81	Electricidad. Instalaciones	Ferrol
Oilbar, S.L.	3.355	7	Estaciones de servicio	Ferrol
Hermanos Pena Babelo, S.L.	3.342	19	Electrodomésticos. Detallistas	Narón
Talleres Álvarez Cagiao, S.L.	3.261	24	Reparación de vehículos	Narón
Elinco Constr. Eléctricas, S.L.	3.152	87	Construcción de barcos	Narón
Souto Martínez Francisco, S.L.	3.141	3	Construcción. Promotores	Ferrol
Campo Lombao, S.L.	3.078	75	Minería. Pizarra	Ortigueira
Ría de Cedeira, S.L.	3.012	6	Petróleo. Mayoristas	Cedeira
Pereira Feal, S.L.	2.997	34	Construcción	Fene
Diseño Naval e Industrial, S.L.	2.994	79	Ingeniería	Narón

EMPRESA	INGRESOS (Miles de €)	EMPREGADOS	SECTOR	LOCALIDADE
Indigrup 10, S.A.	2.979	1	Confección. Mayoristas	Ferrol
Vidrios y Alum. Cantábrico, S.L.	2.944	35	Construcciones metálicas	Narón
Construcciones M. Pita, S.L.	2.842	26	Construcción	Ferrol
Multimodal de Transp. Agr., S.A.	2.830	34	Transporte de mercancías	Narón
Feliciano Lorente, S.L.	2.829	94	Limpieza de instalaciones	Ferrol
Pizarras Campo, S.L.	2.819	77	Minería. Pizarra	Ortigueira
Distribuciones Seco, S.L.	2.765	9	Alimentación. Mayoristas	Ferrol
Galiperfil, S.L.	2.753	13	Madera. Diversos	Narón
Logigran, S.A.	2.527	2	Transporte de mercancías	Narón
Cotrafer, S.A.	2.523	44	Fabricante de maquinaria	Ferrol
Vento Gal, S.A.	2.496	39	Construcciones metálicas	Narón
Envasados del Mar, S.L.	2.443	2	Alimentación. Conservas	Ferrol
Roloma, S.L.	2.440	11	Construcción	Fene
Caolines Cerámicos, S.L.	2.417	23	Construcción. Excavaciones	Ortigueira
Mera Pazos, S.L.	2.407	10	Alimentación. Supermercados	Narón
Herbrey, S.L.	2.406	25	Madera	Cedeira
CYE Control y Estudios, S.L.	2.367	33	Ingeniería	Narón
Santiago Dos, S.L.	2.336	3	Servicios comerciales	Ferrol
Comercial Clivema, S.L.	2.309	4	Fontanería. Calefacción	Narón
Eurogrimal, S.L.	2.277	12	Transporte de mercancías	Ferrol
Umrer, S.L.	2.271	47	Venta de vehículos	Ferrol
Ind. Galegas Aluminio, S.A.	2.264	27	Carpintería metálica	Ferrol
Canteras Ferrolanas, S.A.	2.188	22	Minería	Ferrol
Hermanos Santiago Fr., S.A.	2.168	4	Alimentación. Pesca	Cariño

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da publicación "5.000 empresas gallegas" de El Correo Gallego

Desta relación de empresas se extraen as seguintes conclusións:

- Elevada concentración nos Concellos de Ferrol e Narón.
- Predominio, por este orde, dos sectores industrial, construción e servizos. O sector servizos, aínda que é o de maior peso global no emprego, presenta escasas empresas dentro deste ranking, como consecuencia dunha acusada atomización.
- O maior crecemento empresarial prodúcese en Narón. Das cinco empresas con maior volume de facturación, catro están domiciliadas en Narón.
- As cinco empresas con maior plantilla de persoal son: Indipunt, S.L. (356), Constructora Eshor, S.L. (326), Tecnología y Montaje, S.A. (247), Megasa Siderurgia, S.L. (234) e Carlos Díaz y Cia., S.A. (208).
- Ares e Mañón son os únicos concellos do territorio que non aportan ningunha empresa entre as cen máis importantes do territorio. Cerdido, Neda e Valdoviño posúen cada un unha empresa dentro desta categoría.
- As empresas de maior volume de ingresos e emprego, as empresas públicas do subsector industrial da construción naval (Navantia), non figuran nesta relación por tratarse de empresas nacionais domiciliadas fora do territorio.

Evolución, dende o ano 1996 ao 2001, dos distintos sectores de actividade económica atendendo á poboación ocupada:

ANO 1996

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE ECONÓMICA				
CONCELLO	SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO		SECTOR TERCIARIO
		INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	
Ares	10,05%	27,70%	13,23%	49,02%
Cariño	36,41%	21,22%	10,26%	32,11%
Cedeira	34,01%	12,67%	10,83%	42,49%
Cerdido	48,94%	15,61%	16,57%	18,88%
Fene	6,02%	38,08%	9,59%	46,31%
Ferrol	1,39%	25,13%	4,81%	68,66%
Mañón	46,94%	10,16%	8,87%	34,03%
Mugardos	9,31%	33,48%	11,44%	45,77%
Narón	3,99%	31,22%	9,99%	54,80%
Neda	3,35%	38,81%	8,82%	49,03%
Ortigueira	29,33%	19,90%	13,21%	37,56%
Valdoviño	19,30%	24,55%	12,20%	43,95%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

ANO 2001

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE ECONÓMICA				
CONCELLO	SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO		SECTOR TERCIARIO
		INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	
Ares	6,35%	22,67%	16,31%	54,67%
Cariño	29,88%	17,70%	11,39%	41,03%
Cedeira	23,92%	16,57%	11,82%	47,69%
Cerdido	29,22%	21,57%	18,04%	31,18%
Fene	3,94%	31,21%	11,55%	53,31%
Ferrol	2,59%	19,99%	7,50%	69,92%
Mañón	33,12%	11,09%	12,20%	43,58%
Mugardos	8,42%	27,12%	14,22%	50,25%
Narón	3,20%	24,55%	12,82%	59,44%
Neda	6,03%	29,02%	12,46%	52,49%
Ortigueira	22,38%	14,52%	15,16%	47,94%
Valdoviño	10,25%	23,42%	13,69%	52,64%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A evolución do emprego por sectores de actividade económica dende o ano 1996 ao 2001 manifesta unha redución importante de traballadores ocupados no sector primario, poucas variacións no sector secundario, aínda que con maior peso relativo da construción en detrimento da industria, e un incremento considerable do sector servizos. Esta evolución mantense nos últimos anos, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, se ben a industria corrixe a leve tendencia á baixa do período 1996-2001, como consecuencia dunha mellor coxuntura internacional da construción naval e da dispoñibilidade de máis parques empresariais.

O sector terciario configúrase como o de maior potencial de xeración de emprego. Todos os seus subsectores crecen, en termos de emprego, pero de forma máis notoria o comercio, a hostaleira e o turismo, as administracións públicas, reparacións e mantemento e o transporte.

SECTOR PRIMARIO

No ano 2001 o emprego no sector primario aproximábase ao 7 % da poboación ocupada. O subsector pesqueiro manifesta unha presenza importante que compensa unha escasa actividade da agricultura. En todo caso, a poboación ocupada no sector primario, en termos relativos, sitúase en porcentaxes inferiores á media de Galicia, o que pódese interpretar como síntoma dun maior desenvolvemento económico.

O subsector forestal configúrase, dentro do sector primario, como o de maior produtividade e potencial de crecemento. O uso forestal do territorio Ferrol-Ortegal alcanza o 70 %, con claro predominio do eucalipto. Nembargantes, as produccions forestais do territorio presentan un déficit de valor engadido. Con frecuencia prodúcese materia prima que se comercializa sen transformar. O desenvolvemento deste subsector esixe promover a incorporación de valor engadido, a través da implantación de actividades empresariais de transformación da madeira. Deste modo a xeración de riqueza e emprego multiplicaríase. Pódese afirmar que estamos ante un recurso infrautilizado. Unha debilidade evidente dos montes é o monocultivo de eucalipto que dificulta a creación dunha industria de transformación da madeira importante e diversificada. Polo tanto, toda estratexia de desenvolvemento rural do territorio Ferrol-Ortegal debe contemplar, como liña de actuación preferente, a valorización da produccion forestal a través do incremento do valor engadido e da diversificación de especies arbóreas.

A valorización e diversificación das produccions forestais debe perseguirse colaborando e motivando aos principais axentes socioeconómicos, entre eles os empresarios e as comunidades de montes. Segundo fontes da Consellería do Medio Rural, no territorio integrado no GDR 31 existen once comunidades de montes: tres en Cariño, unha en Cerdido, unha en Fene, tres en Ferrol, unha en Mañón e dúas en Ortigueira.

A mesma argumentación pódese aplicar a outros produtos ou recursos do sector primario. A incorporación de valor engadido ás produccions agrarias é fundamental para fixar poboación no medio rural. Para acadar este obxectivo é obrigado facer un esforzo en innovación. A agricultura ecolóxica, as setas, a helicultura, a produccion de flor en invernadoiro, a valorización de produtos gastronómicos comarcais e a transformación industrial doutros produtos agrarios poden contribuír ao desenvolvemento económico do territorio, como consecuencia da implementación de actividades asociadas ao sector primario con produtividade relativamente elevada. A comercialización das produccions resultantes configúrase como o punto crítico destas actividades económicas, polo que resulta fundamental fomentar o asociacionismo para mellorar esta función.

Existen no territorio varias experiencias de cooperativismo que poden exercer un efecto demostrativo para outros axentes que operen no sector primario. Entre elas cabe citar as seguintes:

- Cooperativa Agraria de Meirás-Valdoviño.
- Cooperativa do Campo de Lago-Valdoviño.
- Cooperativa do Val-Narón.
- Cooperativa de Covas-Ferrol.
- Agroortegal, Sociedade Cooperativa, en Ortigueira.

SECTOR SECUNDARIO

A habilitación de solo industrial, principalmente no entorno urbano de Ferrol e Narón, propiciou a instalación de empresas industriais de tamaño medio, nalgún caso cun grao de innovación elevado, que debuxan un panorama futuro esperanzador para este sector. Igualmente, a construción naval vive unha coxuntura internacional favorable, cun aumento importante da demanda, que ten como consecuencia que os astilleros de Ferrol e Fene dispoñan de carga de traballo contratada para os próximos dez anos, o que garante a conservación do emprego actual, e incluso un certo incremento.

A construción, como parte integrante do sector secundario, viviu, ao igual que en toda España, un longo período de crecemento, incluso desproporcionado. Esta afirmación queda de manifesto nos datos de poboación ocupada neste subsector. Nembargantes, a finais do ano 2007 e principios do 2008 remata a fase de crecemento do ciclo económico

e iníciase unha nova fase caracterizada por unha forte contracción da actividade, especialmente intensa na construción. O incremento do desemprego afecta a este subsector con especial intensidade. É de esperar que a finais do ano 2009 ou primeiro do 2010 a construción supere a fase de axuste na que está inmerso.

A estratexia do programa Leader que afecta ao sector secundario debe centrarse na promoción de iniciativas empresariais de carácter industrial que valoricen e incrementen o valor engadido dos recursos endóxeos do territorio, tal como se argumentou no apartado do sector primario.

SECTOR TERCIARIO

Este sector é o que presenta un maior crecemento nas últimas décadas, tanto en termos de produción como de emprego. O incremento do emprego e da actividade ponse de manifesto en todos os seus subsectores, pero con especial intensidade no comercio e no turismo e hostalería.

Unha poboación ocupada no sector terciario lixeiramente superior ao cincuenta por cento aproxímanos ás cifras de países máis desenvolvidos do noso entorno. Unha ocupación elevada no sector servizos é síntoma dun desenvolvemento económico elevado. É de prever que no próximos anos os servizos continúen a tendencia de crecemento.

O turismo merece un análise pormenorizado, debido á existencia de numerosos recursos turísticos no territorio e ao crecemento da oferta e da demanda durante os últimos dez anos. Os programas PRODER e AGADER xestionados en Ortegal dende o ano 1997 ata a actualidade, e o programa PRODER II en Ferrol nos últimos cinco anos, posibilitaron a creación de infraestruturas turísticas que deben servir como base para un importante crecemento futuro.

A continuación reflíctense o número de hoteis, establecementos de turismo rural e campamentos de turismo do territorio:

CONCELLO	hoteis (prazas)	turismo rural (prazas)	campamentos
Ares	0	0	2
Cariño	2 (52)	2 (22)	
Cedeira	1 (32)	3 (32)	
Cerdido	1 (24)	0	
Fene	0	0	
Ferrol	9 (876)	0	1
Mañón	2 (58)	1 (10)	
Mugardos	1 (40)	0	
Narón	8 (500)	0	1
Neda	0	1 (16)	
Ortigueira	2 (72)	5 (42)	
Valdoviño	2 (82)	1 (9)	3
COMARCA	28 (1.736)	13 (131)	7

Fonte: páxina web de turgalicia (www.turgalicia.es)

Deste cadro pódense extraer as seguintes conclusións:

- Predominio de establecementos de turismo rural en Ortegal (oito casas de turismo rural sobre un total de trece).
- Os concellos de Ares e Fene non posúen nin hoteis nin casas de turismo rural.

- En Ortegal non existen campamentos de turismo, a pesar de reunir unhas condicións inmejorables para a viabilidade deste produto turístico. Os sete do territorio pertencen á comarca de Ferrol. Valdoviño ten tres de sete, preto da metade.
- Ferrol e Narón teñen o maior número de prazas hoteleiras e os hoteis de categoría máis elevada. Os catro hoteis de catro estrelas do territorio están en Narón e Ferrol, dous en cada concello.
- No territorio do GDR 31 existen vinteoito hoteis, pertencentes ás seguintes categorías: dezaseis dunha estrela, catro de dúas, catro de tres e catro de catro estrelas.
- En Ortegal non existen hoteis de tres estrelas ou máis.
- O concello de Ferrol posúe un parador de turismo.
- Non existen no territorio hoteis de cinco estrelas.
- Déficit de empresas de actividades turísticas.
- Déficit de produtos turísticos. Existen numerosos recursos turísticos sen valorizar e sen ordenar.

A estratexia do grupo de desenvolvemento rural no ámbito do turismo debe establecer liñas de actuación para incrementar e diversificar a oferta, de forma complementaria coas subvencións promulgadas pola Consellería competente da Xunta de Galicia. A creación dun campamento de turismo en Ortegal é unha acción irrenunciable e preferente. A oferta de restauración debe mellorar a súa calidade. Débese compensar o déficit de empresas de actividades turísticas (existen experiencias viables dos programas de desenvolvemento rural anteriores que poden exercer un efecto demostrativo). Os recursos turísticos naturais deben organizarse e poñerse en valor para crear un verdadeiro produto turístico de natureza. É finalmente, debe facerse un esforzo substancial en promoción, comunicación e comercialización do turismo, utilizando como instrumento preferente Internet.

ANÁLISE DAFO

DEBILIDADES

- Territorio periférico pertencente a unha rexión a súa vez periférica.
- Deficiencias de conexión coa rede rexional de autopistas e autovías e cos centros rexionais de desenvolvemento.
- Inexistencia dunha vía de comunicación de alta capacidade que vertebre o territorio.
- Grao elevado de envellecemento da poboación.
- Elevada dispersión da poboación.
- Baixa cualificación dos recursos humanos
- Déficit de iniciativa empresarial e capacidade de innovación.
- Escasa posta en valor dos recursos turísticos
- Insuficiencia de infraestructuras turísticas de aloxamento, e restauración
- Escasa oferta de novos servizos turísticos complementarios
- Clima especialmente húmido
- Existencia de recursos endóxeos infrautilizados.
- Predominio do minifundismo nas explotacións agropecuarias e forestais.
- Tendencia ao monocultivo de eucalipto, o que supón unha barreira para o desenvolvemento do sector forestal.
- Acusada atomización das empresas dos sectores secundario e terciario.
- Insuficiencia de implantación das novas tecnoloxías da información e da comunicación

AMEAZAS

- Crise económica xeralizada
- Estancamento de prezos e incremento de custos de produción no sector agrario.
- Crisis do sector pesqueiro e incertidumbre sobre a súa evolución futura.
- Forte competencia externa de produtos forestais.
- Competencia turística de territorios con oferta similar.
- Diminución progresiva de recursos financeiros para Galicia da Política Rexional da UE.
- Ameazas sobre espazos naturais especialmente sensibles.
- Incidencia dos incendios forestais.
- Deterioro urbanístico.

FORTALEZAS

- Existencia de plans específicos de axuda para a zona, tanto estatais como autonómicos
- Riqueza paisaxística e abundancia de espazos naturais de alto valor ecolóxico.
- Existencia no territorio dunha das sete cidades de Galicia, que serve de polo de atracción e incorpora un nivel importante de prestación de servizos
- Ampla base de recursos endóxeos con potencial productivo.
- Presenza de grupos industriais fortes e en expansión.
- Existencia dun porto marítimo importante e varios portos pesqueiros relevantes.
- Existencia de suelo industrial.
- Abundancia de recursos susceptibles de uso turístico.
- Existencia de eventos culturais e festivos cunha repercusión importante.
- Alta produtividade da superficie forestal e presenza importante de industrias de primeira e segunda transformación da madeira.
- Elevada calidade dos produtos pesqueiros e marisqueiros.
- Producción destacada e crecente de enerxía eólica.
- Clima benigno, con temperaturas suaves e chuvia abundante.

OPORTUNIDADES

- Alta e crecente demanda de produtos derivados da madeira.
- Demanda crecente do turismo rural e de natureza.
- Potencial de crecemento do turismo náutico.
- Recuperación da demanda internacional no sector da construción naval.
- Demanda crecente de produtos gastronómicos de calidade.
- Inversiones previstas para a mellora das vías de comunicación interterritoriales.
- Potencial das novas tecnoloxías da información como instrumento que mitigue o carácter periférico do territorio.
- Novos investimentos ligados ao novo porto exterior de Ferrol
- Existencia de novo solo industrial coa implantación de novos polígonos industriais previstos na zona

Parte III. Estratexia.

2. Obxectivos xerais e instrumentais.

.

2. OBXECTIVOS XERAIS E INSTRUMENTAIS.

Á vista da análise da situación de partida do territorio, das necesidades e problemas detectados, e dos recursos e potencialidades cos que conta, defínense os seguintes obxectivos xerais e instrumentais a acadar coa aplicación do programa Leader:

OBXECTIVOS XERAIS

- I. Frear a regresión demográfica garantindo o mantemento da poboación.
- II. Elevar o benestar social dos habitantes do territorio.
- III. Mellorar o nivel de renda da poboación.
- IV. Disminuír a taxa de desemprego.
- V. Incrementar a actividade económica.
- VI. Valorizar os recursos naturais e culturais do territorio.
- VII. Fomentar a conservación do medio ambiente.

OBXECTIVOS E SUBOBXECTIVOS INSTRUMENTAIS

I. Dinamizar o sector agrario e forestal.

- I.1. Propiciar novas produccions agropecuarias e novas técnicas de produccion.
- I.2. Incrementar o valor engadido das produccions agrarias e forestais.
- I.3. Fomentar a eficiencia enerxética nas explotacións.

II. Mellorar o medioambiente e o contorno rural.

- II.1. Restaurar e preservar á paisaxe.
- II.2. Mellorar e incrementar os equipamentos e infraestructuras no medio rural.
- II.3. Reducir o impacto das actividades humanas sobre o contorno rural.

III. Diversificar a economía rural e mellorar a calidade de vida.

- III.1. Restaurar e rehabilitar o patrimonio natural e cultural.
- III.2. Potenciar a creacion de infraestructuras e o desenvolvemento de novos produtos turísticos.
- III.3. Favorecer a aparicion de novas empresas.
- III.4. Mellorar a formacion de emprendedores/as en actividades ligadas ao desenvolvemento rural.
- III.5. Mellorar e incrementar a prestacion dos servizos no medio rural.

Parte III. Estratexia.

3. Estratexia proposta:

- Actuacións por medidas. (Anexos IIA, IIB e IIC).
- Tema aglutinante.
- Exemplos de actuacións concretas no territorio.

3. ESTRATEXIA PROPOSTA.

Unha vez plantexados os obxectivos, trala análise e diagnose sobre o territorio, propónse a estratexia do Grupo en cada unha das medidas que integran o programa, proposta que se recolle nas seguintes páxinas, así como as fichas cos tipoloxías de proxectos concretos.

As liñas de actuación se enmarcan nas medidas:

- 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal.
- 4.1.2. Mellora medioambiental e do contorno rural.
- 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

TEMA AGLUTINANTE.

O territorio de Costa Noroeste presenta como eixo xeográfico vertebrador a propia Costa, así como os camiños históricos a San Andrés de Teixido. O desenvolvemento histórico, cultural e socioeconómico nos concellos que forman este GDR ten o seu punto común nestes aspectos territoriais.

4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal

a. Sector agrario

I. Novas técnicas de produción

I.1. Fomento da produción de caracois

I.2. Planta de produción de cogomelos

I.3. Invernadoiros de produción de flor

I.4. Invernadoiros de produtos da horta

II. Recuperación de variedades tradicionais

II.1. Fomento da plantación de cereixos e guindas autóctonos

II.2. Fomento da plantación de camelias

III. Novas producións

III.1. Fomento da agricultura ecolóxica

III.2. Explotación de produción de avestruz

III.3. Explotación de produción de patos

IV. Eficiencia enerxética

IV.1. Fomento da produción de enerxía solar en explotacións agrarias

IV.2. Fomento da produción de enerxía xeotérmica en explotacións agrarias

IV.3. Reutilización de esterco e outros residuos para produción de enerxía

V. Novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

V.1. Creación dun portal web para a promoción e comercialización das producións agropecuarias e webs indexadas de cada produtor.

(esta medida debería ser continuación da constitución dunha asociación sectorial de produtores agropecuarios)

V.2. Creación dunha estrutura con tecnoloxía wifi banda ancha para subministrar Internet ao medio rural

b. Aumento do valor económico dos montes

I. Fomento da diversificación forestal.

I.1. Substitución de especies forestais exóticas por autóctonas

II. Valorización da produción de cogomelos

II.1. Explotación da produción de cogomelos con fines turísticos.

c. Aumento do valor engadido de produtos agrarios e forestais

I. Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios

- I.1. Empresa de envasado e comercialización de cogomelos
- I.2. Empresa de fabricación de sidra ecolóxica
- I.3. Empresa de fabricación de chanfaina
- I.4. Empresa de fabricación de conservas vexetais e marmeladas
- I.5. Empresa de fabricación de foie

II. Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais

- II.1. Empresa de transformación, envasado e comercialización de plantas medicinais
- II.2. Empresa de fabricación de aceite de eucalipto para usos en cosmética, alimentación e farmacia
- II.3. Creación, ampliación e modernización de empresas industriais de transformación de madeira.

d. Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal

I. Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o GDR para facilitar asesoramento individualizado aos produtores de flor e horta en invernadoiros

II. Convenio de colaboración entre as asociacións de empresarios de turismo e hostalería e a futura asociación de produtores agropecuarios para comercializar e utilizar produtos agrarios do territorio nos establecementos de hostalería

III. Cooperación entre agricultores e a futura empresa de fabricación de foie para a crianza de patos

IV. Cooperación entre produtores de mazá e a futura empresa de fabricación de sidra para lograr un produto ecolóxico

A. SECTOR AGRARIO

I. NOVAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

I.1. Fomento da produción de caracois .

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais en instalacións de produción de caracois innovadoras no territorio. Favorecer e potenciar distintos sistemas de produción.

LOCALIZACIÓN

En todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

100.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación dunha empresa de produción de caracois. Diversificación da produción agraria. Posta en valor dun recurso infrautilizado.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2010 e finalización en 2011.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de alternativas de emprego para mozos e mulleres que deben contribuir a fixar poboación no medio rural do territorio.

A. SECTOR AGRARIO
I. NOVAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

I.2. Planta de produción de cogomelos.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión pretende a creación dunha empresa de produción de cogomelos. A Serra da Capelada posee unhas condicións inmejorables para os fungos e cogomelos, as especies mais importantes son o níscolo, lepiota, bolotus edulis, entre outras.

LOCALIZACIÓN: Concellos de Cedeira e Cariño..

PROMOTOR: Empresa tipo Sociedade Limitada ou Empresario Individual..

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 250.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de tres ou catro postos de traballo directo Incremento do valor engadido da produción e diversificación forestal.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2009.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a diversificación forestales entre propietarios individuais e comunidades de montes..

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidad con outras subvenciones da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de tres ou catro novos empregos, beneficiaría a menores de treinta y cinco años.

A. SECTOR AGRARIO
I. NOVAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

I.3 Proxecto de creación de invernadoiros de flor.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión pretende a creación de invernadoiros de flor, aínda que xa existen algúns no territorio, o que se pretende é a innovación de variedades novas e métodos de produción novos..

LOCALIZACIÓN: Concellos de Mañón, Valdoviño.

PROMOTOR: Empresa tipo Sociedade Limitada ou Empresario Individual..

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 250.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de tres ou catro postos de traballo directo.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2009.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a diversificación de novas variedades e métodos de produción novos..

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de tres ou catro novos empregos, beneficiaría a menores de trinta e cinco anos.

A. SECTOR AGRARIO
I. NOVAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

I.4. Invernadoiros de produtos da horta.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais en invernadoiros destinados á produción de produtos da horta. O clima húmedo e suave permite potenciar esta forma de produción escasamente empleada no territorio. As instalacións deberían alcanzar unhas dimensións importantes para lograr economías de escala. Os promotores necesitarían asesoramento individualizado sobre o proceso productivo.

LOCALIZACIÓN

En todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

400.000 € en tres invernadoiros.

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de tres invernadoiros de máis de ___ m2. Creación de seis postos de traballo. Incremento da produtividade do sector agrario. Diversificación da produción agraria.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2010 e finalización en 2011.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de alternativas de emprego para mozos e mulleres que deben contribuir a fixar poboación no medio rural do territorio.

A. SECTOR AGRARIO
II. RECUPERACIÓN DE VARIEDADES TRADICIONAIS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

II.1. FOMENTO DA PRANTACIÓN DE CEREIZOS E GUINDAS AUTÓCTONOS

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión de estimulación para a plantación de cereizos e guindeiros autóctonos. Posto que estamos nunha zona donde os vales que forman os ríos, favorecen que se forme un microclima, donde estas variedades medran axeitadamente. As colleitas poden ser utilizadas tanto para o consumo directo coma para a fabricación de licores.

LOCALIZACIÓN: Concellos de Mañón, Ortigueira, Narón..

PROMOTOR: Propietarios de zonas de plantación de árboles frutais e localizados nos vales dos ríos.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 100.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Incremento do valor engadido das produccions de árboles frutais, e estímulo para a plantación destas especies..

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a plantación de variedades autóctonas.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvenciones da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Estimular e potenciar especies autóctonas de Galicia..

A. SECTOR AGRARIO
II. RECUPERACIÓN DE VARIEDADES TRADICIONAIS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

II.2.Fomento da plantación de camelias.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión de estimulación para a plantación de camelias ornamentais. A parroquia de Ribeiras do Sor (Mañón) posee a maior plantación de camelias de Europa.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Propietarios de zonas de plantación.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 100.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Incremento do valor engadido das produccions de árboles ornamentais para decoración

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a plantación de variedades autóctonas.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidad con outras subvenciones da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Estimular e potenciar especies autóctonas de Galicia.

A. SECTOR AGRARIO
III. NOVAS PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

III.1. Fomento da agricultura ecolóxica.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Promoción da agricultura ecolóxica por medio de subvencións á creación de explotacións rendibles. A agricultura ecolóxica configúrase como unha alternativa viable en termos económicos para explotacións escasamente dimensionadas, como son as do territorio GDR 31, dado que o prezo dos produtos ecolóxicos é ostensiblemente superior. O fomento da agricultura ecolóxica permitiría crear empresas asociadas de transformación, envasado e comercialización destas producións. Ao mesmo tempo, podería ser complementaria do turismo.

LOCALIZACIÓN

En todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

120.000 € en tres explotacións.

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de tres explotacións de agricultura ecolóxica. Creación de seis postos de traballo. Incremento da calidade dos produtos agrarios. Diversificación da produción agraria.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2010 e finalización en 2011.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Redución no consumo de produtos químicos.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de alternativas de emprego para mozos e mulleres que deben contribuir a fixar poboación no medio rural do territorio.

A. SECTOR AGRARIO

III. NOVAS PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

III.2. Explotación de produción de avestruz

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais nunha explotación de cría de avestruz.

LOCALIZACIÓN

En todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

100.000 €.

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de dous postos de traballo. Incremento da produtividade do sector agrario. Diversificación da produción agraria.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2011 e finalización en 2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de alternativas de emprego para mozos e mulleres que deben contribuir a fixar poboación no medio rural do territorio.

A. SECTOR AGRARIO

III. NOVAS PRODUCCIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

III.3. Explotacións de produción de patos

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Fomento da produción de patos como actividade complementaria en explotacións agrarias xa existentes para proporcionar materia prima á futura fábrica de foie de pato. Trataríase, polo tanto, dunha acción complementaria que persegue sinerxías no sector agrario. A produción de patos proporcionaría rentas adicionais aos agricultores do territorio, con escasos investimentos, e garantiría a materia prima necesaria para a fábrica de foie e o seu control de calidade. Normalmente, esta colaboración debería formalizarse para proporcionar seguridade aos agricultores.

LOCALIZACIÓN

En todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

36.000 € en tres explotacións.

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Incorporación de tres explotacións agropecuarias do territorio á produción de patos como produto complementario. Mantemento de tres postos de traballo. Incremento da produción de tres explotacións agrarias. Diversificación da produción agraria.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2011 e finalización en 2012 (debe coincidir con la fábrica de foie).

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de alternativas de emprego para mozos e mulleres que deben contribuir a fixar poboación no medio rural do territorio.

A. SECTOR AGRARIO.
IV. EFICIENCIA ENERXÉTICA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

IV.1. Fomento de produción de enerxía solar en explotacións agrarias.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión de estimulación para a instalación de paneis solaras en explotacións agrarias. Posto que estamos ante unha crise do sector energético, e que os recursos se esgotan, hai que potenciar e estimular ós propietarios, primeiro a aforrar recursos e segundo a que vaian introducindo novos métodos para a obtención de enerxía. En cada explotación se pode ter paneis solares para que ésta funcione coa enerxía do sol.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Propietarios de zonas explotacións agrícolas e gandeiras.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 300.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Por unha banda, concienciación social cos recursos enerxéticos e por outra obtención de enerxía a través do sol, cuidando así o medio ambiente.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a obtención de novas enerxías que manteñan o medio ambiente.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidad con outras subvenciones da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Estimular e potenciar o uso de novas fontes de enerxía non perxudiciais para o medio.

A. SECTOR AGRARIO.
IV. EFICIENCIA ENERXÉTICA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

IV.2. Fomento da produción e utilización de enerxía xeotérmica.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión de estimulación para a instalación e utilización de enerxía xeotérmica en explotacións agararias. Posto que estamos ante unha crise do sector enerxético, e que os recursos se esgotan, hai que potenciar e estimular ós propietarios, primeiro a aforrar recursos e segundo a que vaian introducindo novos métodos para a obtención de enerxía. En cada explotación se pode usar a enerxía que proven da terra, en moitos países xa se está facendo, en Galicia comeza pouco a pouco pero está a dar sobre todo en establecementos hoteleiros.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Propietarios de zonas explotacións agrícolas e gandeiras.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 300.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Por unha banda, concienciación social cos recursos enerxéticos e por outra obtención de enerxía a través da terra, cuidando así o medio ambiente.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a obtención de novas enerxías que manteñan o medio ambiente.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Estimular e potenciar o uso de novas fontes de enerxía non perxudiciais para o medio.

A. SECTOR AGRARIO.
IV. EFICIENCIA ENERXÉTICA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

IV.3.Reutilización de esterco e outros residuos para a produción de enerxía.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

O proxecto de inversión de estimulación para reutilización de esterco para a produción de biogas. É posible aproveitar o esterco das vacas e convertilo nunha fonte de combustible capaz de xerar electricidade para toda a explotación, ademais de que é menos contaminante, (hai estudos que din que se reducirían as emisións de gases efecto invernadoiro), isto permitiría que a explotación funcionase perfectamente con este tipo de enerxía.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Propietarios de zonas explotacións agrícolas e gandeiras.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 300.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 25 y el 30 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Por unha banda, concienciación social cos recursos enerxéticos e por outra obtención de enerxía a través da terra, cuidando así o medio ambiente.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Estímulo para a obtención de novas enerxías que manteñan o medio ambiente.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Estimular e potenciar o uso de novas fontes de enerxía non perxudiciais para o medio.

A. SECTOR AGRARIO

V. NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

V.1. Creación dun portal web para a promoción e comercialización das producións agropecuarias e webs indexadas de cada produtor.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Impulso e mellora da comercialización dos produtos agrarios do territorio a través de Internet. Esta acción debería ser promovida por unha asociación de produtores agropecuarios e impulsada polo grupo de desenvolvemento rural. Crearíase un portal dixital singular, fácilmente actualizable, ben posicionado en buscadores de Internet e con ferramentas adecuadas para o comercio electrónico. Asociadas a este portal, construíríase un conxunto de páxinas web indexadas, tantas como empresarios do campo adheridos ao proxecto. Deste modo, cada produtor tería a súa web, e o portal proporcionaría presenza na rede para cumprir os obxectivos de promoción e comercialización.

LOCALIZACIÓN E PROMOTOR

Localización en todo o territorio GDR 31.

Acción promovida pola asociación de produtores agropecuarios de nova creación.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

100.000 € (un portal e quince webs individuais).

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación dunha asociación do sector agropecuario con fines de comercialización. Incorporación de, cando menos, quince empresarios a este proxecto dixital. Mellora da comercialización de produtos agrarios. Mellora do prezo de venda dos produtos agrarios.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2011 e finalización en 2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Mellorar as condicións e as expectativas do sector agrario con vistas a facilitar a incorporación de mozos e mulleres.

A. SECTOR AGRARIO
V. NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

V.2. Creación dunha estrutura con tecnoloxía wifi banda ancha para suministrar Internet ao medio rural.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais para crear unha estrutura con tecnoloxía wifi banda ancha para suministrar Internet ao medio rural, tanto a empresas como a usuarios particulares, a precios de mercado (equivalentes aos existentes nos núcleos urbáns). Aproveitaríanse os postes de telefonía e televisión xa existentes para minimizar o impacto sobre o medio. Existen experiencias viables en territorios próximos.

LOCALIZACIÓN E PROMOTOR

Localización do investimento na comarca de Ortegal (Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira). O proxecto podería ampliarse coa incorporación de concellos limítrofes como Cedeira.

Proxecto promovido por unha entidade de nova creación (normalmente unha sociedade anónima pública), que exercería de operador, constituída polos concellos implicados.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO: 175.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN: 40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Cobertura de Internet banda ancha en máis do noventa por cento do medio rural do territorio descrito. Eliminación dun obstáculo importantísimo para o desenvolvemento económico do medio rural. Mellora da calidade de vida e do entorno empresarial no medio rural.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS: Seis meses, durante o ano 2010.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Utilizaríanse, na súa maior parte, as torres de telefonía e televisión xa instaladas.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Mellorar as condicións do medio rural con vistas a fixar poboación, principalmente mozos e mulleres.

B. AUMENTO DO VALOR ECONÓMICO DOS MONTES
I. FOMENTO DA DIVERSIFICACIÓN FORESTAL

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

I.1. Sustitución de especies forestais exóticas por autóctonas.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Promover proxectos pilotos coas comunidades de montes e empresarios de turismo rural para substituir plantacións de eucaliptos por especies propias do territorio.

LOCALIZACIÓN E PROMOTOR

Localización en todo o territorio GDR 31.
Os potenciais promotores serían as comunidades de montes e os empresarios de turismo rural.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

60.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Repoblar duascenas hectáreas con castiñeiro, aliso, roble e outras especies autóctonas. Mellorar a paisaxe e diversificar as producións forestáis.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio no ano 2010 e finalización no ano 2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Favorable sobre a paisaxe e a diversificación.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

B. AUMENTO DO VALOR ECONÓMICO DOS MONTES
II. VALORIZACIÓN DA PRODUCCIÓN DE COGUMELOS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

II.1. Explotación da produción de cogumelos con fines turísticos.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Promover proxectos pilotos de cooperación entre os empresarios do sector turístico e as comunidades de montes para ofrecer aos turistas unha actividade de recolección de cogumelos nos montes en man común a cambio dunha contraprestación equivalente ao prezo de mercado da produción recollida. Os permisos poderían adquirirse nos establecementos hoteleiros do territorio.

O gasto ou investimento asociado a esta iniciativa límitase aos instrumentos ou apercibidos necesarios para recolectar cogumelos, que serían facilitados aos turistas nos establecementos de aloxamento, e o correspondente a accións de comunicación para publicitar este produto turístico.

LOCALIZACIÓN E PROMOTOR

Localización en todo o territorio GDR 31.

Os potenciais promotores serían as comunidades de montes e os empresarios turísticos representados polas dúas asociacións sectoriais existentes no territorio, con sedes en Ferrol e Ortegal.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

10.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Contribuir a desestacionalizar a demanda turística. Incrementar a ocupación hoteleira. Crear un novo produto turístico.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Seis meses, durante o ano 2010.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Sería indispensable entregar aos turistas que realicen esta actividade un folleto explicativo, acompañado doutra explicación verbal, sobre a forma correcta de extraer os cogumelos sen comprometer á produción futura.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS.

I. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS.

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

I.1. Proxecto de empresa de envasado e comercialización de fondos e cogomelos.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

Proxecto de creación de empresa para envasar e comercializar fungos e cogomelos, posto que a zona é rica e variada en estas especies, e co fomento que se pretende facer, é indispensable a creación dunha empresa destas características.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Sociedade Limitada ou Empresario Individual.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 150.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 30 y el 35 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de catro ou cinco postos de traballo, aumento do valor engadido e innovación no tratamento e envasado do produto.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2009.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Diversificación forestal, favorecese á plantación de especies forestais autóctonas posto que os fungos e cogomelos medran mellor en estas condicións..

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de postos de traballo para menores de 35 anos.

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS

I. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

I.2. Empresa de fabricación de sidra ecolóxica.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais para a creación dunha empresa de fabricación de sidra ecolóxica. Dado que se trata dun produto diferenciado, e polo tanto de prezo elevado, unha fábrica de pequenas ou medianas dimensións sería viable economicamente. A mazá utilizada procedería da comarca de Ortegal, onde existe unha produción importante. O proxecto empresarial precisa implicar aos produtores de mazá de Ortegal para certificar as súas producións como produto ecolóxico. O punto crítico radica na comercialización.

LOCALIZACIÓN

Comarca de Ortegal.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

500.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de seis postos de traballo directos. Creación dunha actividade económica innovadora e ligada aos produtos endóxenos. Aumento do valor engadido da produción de mazás.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio no ano 2011 e finalización no ano 2012.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Garantía de conservación das prantacións de maciños.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS

I. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

I.3. Empresa de fabricación de chanfaina.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais para a creación dunha empresa de fabricación de chanfaina. A chafaina é un embutido típico e tradicional de concellos do territorio como Cerdido ou Valdoviño. Na actualidade fabrícase de forma artesanal e casera, normalmente en restaurantes. Existe demanda suficiente nos mercados próximos para garantir a comercialización.

LOCALIZACIÓN E PROMOTOR

Concellos de Cerdido ou Valdoviño.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

350.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de catro postos de traballo. Incremento do valor engadido dun produto gastronómico local. Diversificación da actividade económica.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio no ano 2010 e finalización no ano 2011.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS.

I. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS.

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

I.4. Empresa de fabricación de conservas vexetais e mermeladas.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

Proxecto de creación de empresa para a fabricación de conservas vexetais (grelos, navizas, tomate frito, etc) e tamén mermeladas con froitas propias do territorio (fresa, mazá, etc). Dado que o territorio é idóneo para o cultivo de árbores frutais é moi interesante que se potencia a creación deste tipo de empresas. O método de produción e envasado sería de tipo artesanal, sen moitos aditivos nen conservantes para manter o sabor tanto das hortalizas coma das froitas.

LOCALIZACIÓN: Territorio GDR.

PROMOTOR: Sociedade Limitada ou Empresario Individual.

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 100.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 30 y el 35 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de tres ou catro postos de traballo, aumento do valor engadido e innovación no tratamento e envasado do produto. Así como fortalecemento para a plantación de árbores frutais no territorio.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2009.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Favorecese a plantación de árbores frutais autóctonas e uso de especies hortícolas do territorio.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de tres ou de traballo para menores de 35 anos.

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS.

I. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS.

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

I.5. Empresa de fabricación de foie (paté de fígado de pato).

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

Proxecto de creación de empresa para a fabricación de foie (paté de fígado de pato). Método de fabricación de paté de foie estilo francés, engorde e cría por parte de agricultores e gandeiros do territorio, utilizando instalacións existentes. O proceso de fabricación do foie se faría nunha nave industrial. Crearíanse entre cinco ou seis postos de traballo directo, mais o emprego indirecto provinte da cría e engorde dos patos.

LOCALIZACIÓN: Concello de Ortigueira.

PROMOTOR: Bernard Gey

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 300.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 30 y el 35 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de cinco ou seis postos de traballo, aumento do valor engadido e innovación no tratamento e envasado do produto. Así como a cooperación na cría e no engorde por parte de gandeiros e agricultores do territorio.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2008-2009.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Non tería ningún tipo de impacto ambiental negativo, xa que se trata dun método innovador para a fabricación deste produto.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de cinco ou seis posto de traballo para menores de 35 anos.

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS.

II. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS FORESTAIS.

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

II.1. Empresa de transformación, envasado e comercialización de prantas medicinais.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:

Proxecto de creación de empresa para primeiro a transformación para logo o seu envasado e a súa comercialización de prantas medicinais. O territorio GDR posúe unhas condicións excelentes para este tipo de prantas que se poden usar tanto para fins medicinais coma para cosméticos. A transformación faríase nunca nave industrial donde tamén se faría o seu envase, pero a recollida sería directa nas explotacións forestais, isto dará un valor engadido ó monte así coma unha gran diversificación. Crearíanse entre cinco e seis postos de traballo directo.

LOCALIZACIÓN: Concello de Narón.

PROMOTOR: Sociedade Limitada ou Anónima

CARÁCTER DA ACCIÓN: Productiva.

INVERSIÓN APROXIMADA: 300.000 euros.

NIVEL DE AXUDA: Entre el 30 y el 35 % da inversión subvencionable.

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de cinco ou seis postos de traballo, aumento do valor engadido e innovación no tratamento e envasado do produto. Diversificación da actividade forestal, cooperación tanto con propietarios individuais coma con comunidades de montes.

DURACIÓN DA INVERSIÓN: 2009-2010.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Non tería ningún tipo de impacto ambiental negativo, diversificación da actividade forestal, incentivando a plantación de especies autóctonas de Galicia.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Compatibilidade con outras subvencións da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS XÓVENES E AS MULLERES:

Creación de cinco ou seis posto de traballo para menores de 35 anos.

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS

II. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS FORESTAIS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

II.2. Empresa de fabricación de aceite de eucalipto para usos en cosmética, alimentación e farmacia.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais para a creación dunha empresa de fabricación de aceite de eucalipto. Este aceite, extraído das follas do eucalipto, úsase como materia prima na fabricación de numerosos produtos, principalmente en cosmética, alimentación e farmacia. O eucalipto glóbulus, maioritario en Ferrol e Ortegá, é o máis idóneo para este proceso productivo. O aceite de eucalipto non se fabrica en Galicia, pero existen outras fábricas en España. A vantaxe competitiva deste territorio é a dispoñibilidade de materia prima, o que suporía un abaratamento de custos.

LOCALIZACIÓN

Localización en todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

450.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Creación de catro postos de traballo. Valorización das producións forestais. Creación dunha actividade económica innovadora e ligada aos produtos endóxenos.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio no ano 2012 e finalización no ano 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Favorable debido á eliminación de follas de eucalipto, que degradan o terreo, nos montes recién talados.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

C. AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS
II. PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS FORESTAIS

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

II.3. Creación, ampliación e modernización de empresas industriais de transformación de madeira.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Investimentos materiais para a creación de empresas, ou ampliación e modernización doutras existentes, de transformación industrial da madeira en procesos como fabricación de pezas de carpintería, ebanistería, mobiliario, carpintería para a construción e carpintería en xeral.

LOCALIZACIÓN

Localización en todo o territorio GDR 31.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

500.000 €

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

40 %.

RESULTADOS PREVISTOS

Promoción de catro proxectos empresariais de nova actividade ou de ampliación e modernización. Creación e consolidación de emprego. Valorización e incremento do valor engadido das producións forestais.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Anos 2009 a 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Creación de Centros de Día para a atención á terceira idade: centros destinados a servir de encontro e promover a convivencia dos maiores, ó obxecto de potenciar a integración persoal e comunitaria, ademais de ofrecer alternativas de ocio con propostas de actividades ocupacionais.

A actuación inclúe tanto as obras de acondicionamento de locais xa existentes, como a nova construción destes; e a dotación do equipamento e mobiliario necesario para a prestación do servizo.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Mellora nos servizos que se ofrecen á poboación e na calidade de vida dos maiores. Fixación de poboación no rural e creación de emprego.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

500.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

Ata o 100%

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora dos servizos á poboación. Fixación de poboación no rural.

DURACIÓN:

Desde 2010

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo o despreciable.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas de Benestar Social

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Facilitación da conciliación da vida laboral e familiar

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal
☐ 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural
☒ 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Coñecendo a nosa ría por mar

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

Rutas turísticas por mar desde o Clube de Remo de Redes visitando as covas de Santa Marina en Cervás e a Bailadora. A actuación consistiría na posta a punto do barco, na construción dun parque temático en Redes e a colocación dun mirador na cova de Santa Marina.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Ofrecerlle ao turista unha alternativa de ocio e cultural

LOCALIZACIÓN: Redes (parroquia de Caamouco)

PROMOTOR: Concello de Ares

NATUREZA DA ACCIÓN (Produtiva ou Non Produtiva): Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO: 50.000 euros

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora da calidade de vida dos nosos veciños e visitantes

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Coñecemento da zona rural

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ **4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal**
☐ **4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural**
☒ **4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida**

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Arranxo da pista polideportiva de Seselle

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

Pintado e arranxo en xeral das instalacións deportivas

OBXECTIVOS A ACADAR:

Mellorar a oferta deportiva na zona rural

LOCALIZACIÓN: Seselle

PROMOTOR: Concello de Ares

NATUREZA DA ACCIÓN (Produtiva ou Non Produtiva): Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO: 20.000 euros

RESULTADOS PREVISTOS:

Acondicionamento para poder desenrolar deportes alternativos

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Achegar o deporte á zona rural

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal
☐ 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural
☒ 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Centro Social Vilar do Colo.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación dun Centro Social no Polígono Industrial Vilar do Colo que conte cos seguintes servizos:

- Centro atención infancia.
- Centro de día para personas maiores e terceira idade.
- Comedor para traballadores do Polígono e usuarios do centro.
- Centro empresarial.
- Servizo de transporte ao polígono.

OBXECTIVOS A ACADAR:

- Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar dos traballadores/as do Polígono Vilar do Colo.
- Mellorar a calidade de vida dos usuarios.
- Prestar servizos de interese para todas as empresas que conforman o polígono.
- Colaborar coas administracións na implementación das medidas contempladas na *Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia*, así como na *Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia*.

LOCALIZACIÓN:

Polígono Industrial Vilar do Colo.

PROMOTOR:

Fundación Fuertes.

NATUREZA DA ACCIÓN (Produtiva ou Non Produtiva):

Non produtiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Conseguir unha boa aceptación do Centro e dos seus servizos entre os traballadores/as do Polígono e aos seus familiares, de modo que cheguen a ser usuarios do mesmo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Como ocorre con calquera medida de conciliación da vida laboral, familiar e persoal, as mulleres serían as principais beneficiadas ao ser as máis afectadas pola *dobre presenza*.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal
☐ 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural
☒ 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Construcción de aula formativa en Cervás

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Se adaptaría unha nave existente en Cervás para a creación e posterior homologación dun centro formativo para a realización de distintos cursos.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Ampliar a oferta formativa do Concello de Ares

LOCALIZACIÓN: Cervás

PROMOTOR: Concello de Ares

NATUREZA DA ACCIÓN (Produtiva ou Non Produtiva): Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO: 30.000 euros

RESULTADOS PREVISTOS:

Obter unha mellor e máis variada oferta formativa

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Mellora da inserción laboral

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal
☐ 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural
☒ 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Cidade deportiva en Pedrós

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación dun campo de fútbol de terra e un itinerario de escalada e demais

OBJECTIVOS A ACADAR:

Mellorar a oferta deportiva na zona rural

LOCALIZACIÓN: Pedrós

PROMOTOR: Concello de Ares

NATUREZA DA ACCIÓN (Productiva ou Non Productiva): Non productiva

INVESTIMENTO APROXIMADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Acondicionamento para poder desenrolar deportes alternativos

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Achegar o deporte á zona rural

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.4 (Servizos básicos para a economía e a poboación rural)

CREACIÓN DE PARQUES BIOSALUDABLES NAS ZONAS RURAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación de parques biosaludables nas zonas rurais, mediante a instalación de circuítos deportivos dirixidos á práctica deportiva ó aire libre, de acceso gratuíto para a poboación, e especialmente deseñados para a súa utilización polo colectivo da terceira idade.

A actuación inclúe o acondicionamento das zonas verdes nas que se instalarán os parques, e a adquisición e instalación dos aparatos que compoñen o circuítos deportivo.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Facilitar a práctica deportiva e saudable á poboación no seu contorno.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Institucións públicas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

40.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora da calidade de vida da poboación rural. Fomento da práctica deportiva entre o colectivo da terceira idade.

DURACIÓN:

Todo o programa

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo ou despreziable, xa que son elementos que se integran no contorno e non ten residuos.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas de promoción da saúde, Programas de fomento do Deporte.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Mellora da calidade de vida física das mulleres maiores.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.4 (Servizos básicos para a economía e a poboación rural)

CREACIÓN DE TELECENTROS NAS ZONAS RURAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación de telecentros nas zonas rurais.

Acondicionamento de locais, equipamento informático (hardware e software) e reprográfico, mobiliario, licenzas de software.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Facilitar o achegamento ás NTIC a poboación do rural, promover o seu uso como ocio e profesional, e contribuir á fixación de poboación no rural ao mellorar os servizos de comunicación cun posible uso para teleformación e utilización profesional ou laboral.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Institucións públicas ou privadas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☒ **Produtiva**
☐ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

180.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora dos servizos á poboación rural

Achegar á poboación rural o coñecemento das novas tecnoloxías.

DURACIÓN:

Todo o programa.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo ou despreziable

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas da Xunta de Galicia de fomento da utilización de novas tecnoloxías

Fomento da iniciativa empresarial e do emprego no ámbito rural.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento do coñecemento e utilización de NNTT entre os mozos/as.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

- ☐ **4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal**
☐ **4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural**
☒ **4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida**

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

Parque educativo en Chanteiro

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

Construcción dun parque infantil e educativo para os nenos e minusválidos da zona rural de Chanteiro

OBXECTIVOS A ACADAR:

Mellora da calidade de vida na zona rural

LOCALIZACIÓN: Chanteiro

PROMOTOR: Concello de Ares

NATUREZA DA ACCIÓN (Produtiva ou Non Produtiva): Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO: 40.000 euros

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora da calidade de vida de nenos e minusválidos

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Mellora da oferta cultural e de ocio

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA (marcar a que corresponda)

☐ 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal

☐ 4.1.2. Mellora ambiental e do contorno rural

☒ 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.4 (Servizos básicos para a economía e a poboación rural)

INSTALACIÓN DA REDE WIMAX E CREACIÓN DE PUNTOS DE ACCESO VECIÑAL Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

O acceso a internet no medio rural presenta porcentaxes inferiores aos observados a nivel de Comunidade Autónoma. Este feito é causado principalmente pola presenza dunha poboación avellentada, que non ten interese polas novas tecnoloxías, e tamén se debe ás dificultades técnicas para a implantación da banda ancha no rural, que dote da velocidade de conexión suficiente para acceder á rede.

No marco dos obxectivos do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI), documento que rexe a política de novas tecnoloxías da Xunta de Galicia, instálouse en determinados Concellos da nosa Comunidade a rede WIMAX (un sistema de transmisión inalámbrica de telefonía e internet), coa finalidade principal de que o servizo de acceso á rede internet de alta velocidade chegue ás zonas menos rendibles.

A creación de *Puntos de Acceso Veciñal á Sociedade da Información* (PAVSI) oriéntase principalmente para promocionar entre os veciños do rural as novas tecnoloxías da información, que serva como sistema de tratamento de información e facilite o acceso á rede a aqueles veciños que contan con maiores dificultades, ben por motivos económicos, ou ben por motivos de localización da súa vivenda. A calidade na transferencia de datos mediante a tecnoloxía WIMAX pode reducirse debido á existencia de "zonas de sombra", zonas nas implementar o acceso á rede ten un custo económico máis elevado que nunha zona cunha sinal receptora óptima.

OBXECTIVOS A ACADAR:

1. Reducir a distancia que existe respecto a núcleos urbáns, no acceso e tratamento de información en rede.
2. Difusión e promoción das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio

PROMOTOR: Entidades públicas e/ou privadas

NATUREZA DA ACCIÓN (Productiva ou Non Productiva):
Non Productiva

INVESTIMENTO APROXIMADO: 50.000 €

RESULTADOS PREVISTOS:

Acceso da poboación do rural á rede internet de alta velocidade e dinamización e promoción das TIC's mediante a creación de PAVSI's.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:
Achegamento das NTIC

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.4 (Servizos básicos para a economía e a poboación rural)

CREACIÓN DE VIVENDAS COMUNITARIAS PARA A TERCEIRA IDADE

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación de Vivendas Comunitarias nas zonas rurais: pequenas infraestructuras destinadas a albergar en réxime de convivencia un número máximo de doce persoas maiores cun baixo grado de dependencia.

A actuación inclúe tanto as obras de acondicionamento de locais xa existentes, como a nova construción destes; e a dotación do equipamento e mobiliario necesario para a prestación do servizo.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Mellora nos servizos que se ofrecen á poboación e na calidade de vida dos maiores. Fixación de poboación no rural e creación de emprego.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Persoas físicas ou xurídicas, de carácter privado.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☒ **Produtiva**
☐ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

90.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora dos servizos á poboación. Fixación de poboación no rural.

DURACIÓN:

Desde 2010

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo ou despreziable.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Políticas de Benestar Social

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Facilitación da conciliación da vida laboral e familiar e inserción laboral feminina.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

PROTECCIÓN DE ENTORNOS FLUVIAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Realización de actuacións ó longo dos cauces fluviais:
 Elaboración de estudos medioambientais e deseño de rutas de senderismo.
 Fomento de planes de recuperación de marxes dos cauces
 Fomento de plans de recuperación de fauna piscícola.
 Creación de espazos de ocio e áreas recreativas.
 Potenciación das augas fluviais como recurso turístico.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Protexer os entornos naturais dos ríos.
 Promover un disfrute sostible.

LOCALIZACIÓN:

No territorio do GDR.
 (Específicamente os territorios máis próximos á Rede Natura 2000: río Beelle, Río Xubia, Río Castro, As Forcadas, Río das Mestas)

PROMOTOR:

Institucións públicas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

24.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Conservación do medio ambiente e patrimonio natural. Fomento do desenvolvemento turístico compatible co respecto ó medio ambiente.

DURACIÓN:

Todo o programa

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas medioambientais

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Protección do patrimonio natural para as novas xeracións

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

MUSEOS ASOCIADOS Á EXPLOTACIÓN DE RECURSOS NATURAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Recuperación de antigas instalacións do territorio con fins didácticos (muíños, centrais hidroeléctricas, muíños de vento...)

Rehabilitación, acondicionamento e musealización das instalacións.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Poñer en valor este patrimonio.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Asociacións privadas e/ou institucións públicas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

120.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Incremento do valor patrimonial das instalacións.

DURACIÓN:

Estimada: 3 anos

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo, pola recuperación e rehabilitación de construcións no contorno rural.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Políticas de protección e conservación do patrimonio cultural da Xunta de Galicia

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento do coñecemento do patrimonio histórico e cultural entre os mozos/as

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

RECUPERACIÓN E ADECUACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR MARIÑEIRA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Recuperación dos pobos mariñeiros e demais construcións tipicamente mariñeiras

OBJECTIVOS A ACADAR:

Poñer en valor este patrimonio

LOCALIZACIÓN:

Rúas ou edificacións representativas da cultura mariñeira

PROMOTOR:

Institucións públicas e privadas.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

200.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mellora do entorno dos pobos costeiros, adecuación destes de xeito que se potencie o seu interese como elementos patrimoniais de carácter turístico

DURACIÓN:

Estimado: 3 anos.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo, xa que se melloran as condicións ambientais e paisaxísticas dos asentamentos costeiros

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas da Deputación Provincial en materia de conservación da arquitectura popular. Políticas de conservación e promoción do patrimonio arquitectónico e de ordenación territorial e urbanismo da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento do coñecemento do patrimonio histórico e cultural entre os mozos/as

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ **4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL**
☐ **4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL**
☒ **4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA**

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

RESTAURACIÓN DE ANTIGUOS ASENTAMENTOS NO TERRITORIO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Trala realización do estudio e catalogación dos asentamentos, se elixirán os mais representativos, atendendo á súa importancia na antigüidade, titularidade, estado de conservación e capacidade de mantemento no futuro para a recuperación total ou parcial. (Especial importancia os asentamentos galaico-romanos de Noville, no Seixo (pioneiro en Galicia e sobre o que xa existe algún proxecto de recuperación), e outros como o Castro de Iravedra e o do Monte dos Ancos.)

OBXECTIVOS A ACADAR:

Protexer o patrimonio arqueolóxico.

LOCALIZACIÓN:

Sobre os asentamentos que se recollan no estudio da acción anterior.

PROMOTOR:

Promotores públicos e privados

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

30.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Incremento das posibilidades de valoración dos elementos recuperados

DURACIÓN:

Estimado: 3 anos

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo, ó recuperar elementos significativos que teñen espacial incidencia na paisaxe do territorio

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas da Deputación Provincial en materia de conservación da arquitectura popular. Políticas de conservación e promoción do patrimonio arquitectónico

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Protección e mantemento do patrimonio arqueolóxico para as novas xeracións

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

CREACIÓN DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Creación de centros de interpretación do patrimonio do territorio do GDR (construcións da costa, elementos patrimoniais do Camiño a San Andrés, etc)

OBXECTIVOS A ACADAR:

Fomentar o coñecemento e poñer en valor o patrimonio histórico-cultural do territorio.

LOCALIZACIÓN:

Sería de especial interese contar con varios destes Centros repartidos en todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Institucións públicas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO

180.000 €

APROXIMADO:

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Aumentar a valoración dos elementos patrimoniais por parte da poboación

DURACIÓN:

Desde 2010

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo ou despreziable.

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Estratexia galega de educación ambiental e políticas nacionais e comunitarias do fomento do uso sostible dos recursos naturais. Programa autonómico de formación e información ambiental.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento do coñecemento do patrimonio histórico entre os mozos/as

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ **4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL**
☐ **4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL**
☒ **4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA**

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

ELABORACIÓN DE PLANS DE XESTIÓN DAS ZONAS NATURA 2000

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Elaboración de plans de xestión das Zonas Natura 2000, ó obxecto de contribuír a garantir-la biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre. Investimentos públicos para a elaboración dos plans de xestión das Zonas da Rede Ecolóxica Europea Natura 2000, que deberán conter, como mínimo, unha análise e diagnose do medio físico e biolóxico, a definición de obxectivos de conservación, accións e medidas de xestión e conservación, análise de costes e beneficios, seguimento e avaliación de resultados.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Mellorar a xestión dos espazos protexidos

LOCALIZACIÓN:

Territorio do GDR incluído na Rede Natura 2000

PROMOTOR:

Institucións públicas.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

50.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Protección dos espazos protexidos

DURACIÓN:

Todo o programa

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas medioambientais.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Protección e conservación do patrimonio natural para as novas xeracións

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

RECUPERACIÓN FÍSICA DE ELEMENTOS SINGULARES DO CAMIÑO A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Recuperar e conservar construcións que existen ó longo do Camiño, coa finalidade da súa rehabilitación.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Posta en valor do patrimonio histórico cultural.

LOCALIZACIÓN:

Elementos singulares ó longo de todos os tramos do Camiño a San Andrés de Teixido. Son importantes, entre outros, o Hospital de peregrinos, en Porto do Cabo (Valdoviño); tamén o Hostal ou Pousada existente no mesmo San Andrés de Teixido.

PROMOTOR:

Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, titulares dos bens que son obxecto de recuperación e conservación.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ Produtiva
☒ Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO:

250.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Posta en valor do patrimonio histórico cultural

DURACIÓN:

Estimado: 3 anos

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo, ó mellorar o entorno

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Política de ordeación do territorio e urbanismo desenvolvida pola Xunta de Galicia; conservación e promoción do patrimonio arquitectónico da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e vivenda, etc...

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento do coñecemento do patrimonio histórico entre as novas xeracións.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

ACTUACIÓN INTEGRAL NA SERRA DA CAPELADA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Realización dun estudo dos recursos endóxeos da Serra da Capelada e das posibilidades de aproveitamento económico dos mesmos.

Deseño de pautas de intervención comúns neste espazo, en distintos ámbitos: turístico, forestal, micolóxico...

-Aproveitamento turístico.

-Sinalización do espazo.

-Mellora dos accesos.

-Elaboración de material de difusión.

-Creación dun observatorio da natureza.

-Creación dun "aula do vento" (aproveitamento dos parques eólicos con fins didácticos).

OBXECTIVOS A ACADAR:

Posta en valor, protección e promoción deste contorno.

LOCALIZACIÓN:

Serra da Capelada.(Concellos de Cariño e Cedeira)

PROMOTOR:

Institucións públicas

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

☐ **Produtiva**

☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

30.000 €

AXUDA PÚBLICA:

Máximo 70%

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Conservación do medio ambiente e patrimonio natural. Fomento do desenvolvemento turístico compatible co respecto ó medio ambiente.

DURACIÓN:

Desde 2010

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas medioambientais e de promoción de zonas de montaña

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Protección do patrimonio natural para as novas xeracións

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

ACTUACIÓNS NOS FRONTES DOS PORTOS DE ARES, REDES, MUGARDOS, O SEIXO, MANIÑOS, SAN FELIPE E CEDEIRA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Actuacións consistentes en restauración da fachada costeira de vilas do litoral, cunha visión de protección patrimonial, fomentando a utilización de espazos en desuso ou infrautilizados.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Protexer a arquitectura popular mariñeira.

LOCALIZACIÓN:

Fachadas de interese en todos os frentes portuarios pesqueiros do territorio.

PROMOTOR:

Institucións públicas.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ Produtiva
☒ Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO:

250.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Manter o carácter mariñeiro destes barrios ou conxuntos arquitectónicos.

DURACIÓN:

Estimado: 2 anos.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Positivo, pois conserva o fronte costeiro

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Programas da Deputación Provincial en materia de conservación da arquitectura popular. Políticas de conservación e promoción do patrimonio arquitectónico e de ordeación territorial e urbanismo da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Protección do patrimonio de arquitectura popular para as novas xeracións.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

PROMOCIÓN DOS PRODUTOS ARTESANS DE SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Accións de fomento da actividade artesanal, con especial incidencia na organización empresarial do colectivo de artesanos.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Facilitar a rendabilidade da actividade aos artesáns. Difundir a súa actividade.

LOCALIZACIÓN:

Todo o territorio relacionado co Camiño a San Andrés.

PROMOTOR:

Institucións públicas e privadas.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☐ **Produtiva**
☒ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

30.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Mantemento da actividade artesanal propia do territorio, de modo que poida transformarse na principal fonte de ingresos para as persoas ocupadas nela.

DURACIÓN:

Durante toda a duración do programa

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo ou despreziable

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Políticas derivadas da aplicación da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia.
 Políticas activas do fomento do emprego e programas do IGAPPE de apoio á creación de novas empresas, ampliación e modernización.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento da actividade artesanal entre os mozos e as mulleres.

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACION DA ACCIÓN:

4.1.3.5 (Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural)

RECUPERACIÓN E RESTAURACIÓN DO MOBILIARIO INTERIOR E DE ELEMENTOS TRADICIONAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Recuperación de aqueles elementos que non foran obxecto de actuacións anteriores, pero cuido interese histórico-artístico ou didáctico así o aconsellen. Exemplo: retablos, pinturas, escudos, manuscritos, bens mobles..

OBXECTIVOS A ACADAR:

Protexer a dar a coñecer o patrimonio histórico.

LOCALIZACIÓN:

Tódolos elementos destacados pertencentes a construcións singulares ó longo do Camiño a San Andrés de Teixido

PROMOTOR:

Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, titulares dos bens que son obxecto de recuperación e conservación.

NATUREZA DA ACCIÓN:
(Marcar o que corresponda)

- ☐ Produtiva
☒ Non produtiva

INVESTIMENTO APROXIMADO:

30.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Protección do patrimonio mobiliario.

DURACIÓN:

Estimado: 1 ano

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Política da Xunta de Galicia respecto á conservación do Patrimonio cultural de Galicia.
 Liñas de actuación da Deputación Provincial respecto á restauración do Patrimonio arquitectónico.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Fomento de novos xacementos de emprego para os mozos/as como é a restauración de obxectos antigos

FICHA DE ACTUACIÓN POR MEDIDAS

MEDIDA: (Marcar o que corresponda)

- ☐ 4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
☐ 4.1.2 MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL
☒ 4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN:

4.1.3.6 (Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da estratexia)

ACTIVIDADE DE FORMACIÓN DIRIXIDA AO DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE ECONOMÍA SOCIAL PARA A INTEGRACIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

Formación teórica e práctica para impulsar a creación de empresas de iniciativa social entre persoas con discapacidade, fomentar o seu espírito emprendedor no contorno local, e facilitar a adquisición de capacidades técnicas de xestión empresarial e coñecemento de potencialidades.

A actuación inclúe a impartición da formación, o uso de espazo, equipamento e materiais necesarios, e o custo das actividades prácticas.

OBXECTIVOS A ACADAR:

Facilitar a creación de empresa e do propio emprego no colectivo de discapacitados/as.

LOCALIZACIÓN:

En todo o territorio do GDR

PROMOTOR:

Persoas físicas ou xurídicas, de carácter privado, titulares de explotacións.

NATUREZA DA ACCIÓN:

(Marcar o que corresponda)

- ☒ **Produtiva**
☐ **Non produtiva**

INVESTIMENTO APROXIMADO:

10.000 €

AXUDA PÚBLICA:

GASTO PRIVADO:

RESULTADOS PREVISTOS:

Creación de emprego en colectivo con especiais dificultades

DURACIÓN:

Todo o programa

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL:

Nulo

COHERENCIA CON OUTRAS POLÍTICAS:

Políticas de apoio ao emprendedor/a. Programas de inserción laboral.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES:

Facilita a mellora de formación e fomenta o autoemprego entre discapacitados/as mozos

Parte III. Estratexia.

4. Efectos esperados respecto da situación de partida: indicadores de resultado e de impacto. (Anexos IIIA, IIIB, IIIC, IIID e IIIE)

4. Efectos esperados respecto da situación de partida: indicadores de resultado e de impacto.

Co obxecto de revisar periodicamente o proceso de desenvolvemento do programa, poder comprobar o grado de cumprimento dos obxectivos previstos, e poder facer unha análise que permita, no caso de que sexa necesario, adaptar ou mellorar a execución de actuacións e procedementos seguidos, prevese a avaliación mediante indicadores obxectivos, como ferramenta para chegar a unha nova diagnose e aos posibles cambios nalgunha actuación ou tarefa do proceso. Será necesario analizar a evolución dos indicadores, é dicir, comparalos coa situación inicial.

A realización da avaliación periódica mediante os indicadores de resultado prevese cunha temporización anual, á finalización de cada exercicio natural, e unha avaliación intermedia, á metade do prazo de execución do programa. O obxectivo desta avaliación intermedia, mediante unha análise da que se derive un informe, é poder verificar a adecuación do programa, e propor, no seu caso, as eventuais rectificacións pertinentes cara a mellorar a súa eficacia.

4.1. Propóñense os indicadores de resultado comúns previstos pola convocatoria do Programa Leader, que son os seguintes:

- Indicadores de resultado das medidas 411, 412 e 413 (Anexo IIIA)
- Indicadores de resultados das medidas 411, 412 e 413, beneficiarios particulares por sexo e idade (Anexo IIIB)
- Indicadores de resultado da medida 421, proxectos de cooperación (Anexo IIIC)
- Indicadores de resultado da medida 413, por tipo de acontecemento (Anexo IIID)
- Indicadores de resultado de Formación, por sexo e idade (Anexo IIIE)

4.2. Ademáis dos indicadores contemplados pola convocatoria do Programa, inclúense os seguintes indicadores adicionais:

4.2.1. Indicadores específicos de perspectiva de xénero.

Estes indicadores permitirán medir os resultados e realizar unha avaliación con perspectiva de xénero, de maneira que se verifique en qué medida ditos resultados obtidos benefician a mulleres e homes. Así, sinalan a forma en que se miden os beneficios, económicos e sociais, como o acceso e control sobre os recursos, a maneira en que mulleres e homes se benefician do programa, de forma directa e indirecta.

		Total	Mulleres	%	Homes	%
Beneficiarias/os das axudas	Pers. Física					
	Pers. Xurídica (sexo Administrador/a/s)					
Emprego xerado						
Autoemprego da/o promotor/a						
Impacto actuacións de difusión e formación	Nº asistentes act. difusión					
	Nº asistentes act. formación					

4.2.2. Indicadores de participación social na execución e desenvolvemento do programa.

	Descrición acción	Nº ao ano
Órganos non decisorios	<i>Reunións Mesas Sectoriais</i>	
	<i>Reunións outros órg. non decisorios creados</i>	
Órganos decisorios	<i>Reunións Xunta Directiva</i>	
	<i>Reunións Asamblea Xeral</i>	
Poboación local	<i>Reunións con entidades e axentes sociais</i>	
	<i>Asistentes a reunións</i>	

Parte III. Estratexia.

5. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

5. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

Os proxectos subvencionados ó abeiro do programa de desenvolvemento elaborado polo Grupo de Desenvolvemento Rural Costa Noroeste, poderán beneficiarse, á súa vez, e sempre tendo en conta a natureza dos propios proxectos (productivos ou non productivos,...) doutras liñas de axudas existentes, tanto a nivel da comunidade autónoma como a nivel estatal.

Compre mencionar as seguintes:

A nivel da Comunidade Autónoma Galega:

Consellería de Economía e Facenda: IGAPE

- o Diversas liñas de axudas de ámbito internacional
- o Convenio IGAPE-ICO-Entidades Financeiras 2008
- o Convenio IGAPE-SGR-EEFF 2008
- o Proxectos empresariais de novos emprendedores
- o Axudas para o apoio ós investimentos das empresas do sector transporte público de viaxeiros por autoestradas
 - o Investimento empresarial superior a 500.000 euros
 - o Préstamos do IGAPE para financiar proxectos de investimentos en Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos
 - o Apoio financeiro ós establecementos turísticos, hostalaría e comercio retalista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
 - o Incentivos económicos rexionais
 - o Préstamos para financiar proxectos emprendedores
 - o Préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte:

- o Axudas para o sector de transporte

Consellería de Innovación e Industria:

- o Axudas a pemes para adquisición e renovación de equipamento industrial
- o Empresas galegas do sector textil
- o Innovación e sociedade da información
- o Adhesión á rede do comercio rural galego
- o Distintivos de calidade e mellora de imaxe dos establecementos comerciais
- o Proxectos de apoio e eficiencia enerxética, e enerxías renovables
- o Mellora das infraestruturas enerxéticas
- o Plan de renovación e mellora do comercio galego
- o Axudas para o sector artesanal galego
- o Fomento do turismo e infraestruturas turísticas no medio rural

Consellería de Medio Rural:

- o Promoción do asociacionismo agrario
- o Fomento da utilización de maquinaria e equipamento agrario en réxime asociativo
- o Axudas á silvicultura en bosques no medio rural
- o Axudas á apicultura
- o Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios
- o Mellora da eficacia das explotacións agrarias
- o Promoción de produtos agroalimentarios
- o Creación de empresas de comercialización de produtos forestais
- o Axudas para programas de calidade
- o Axudas para explotacións cunícolas e porcinas
- o Primeira forestación de terras non agrícolas
- o Contrato de explotación sustentable
- o Fomento da produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal

- o Programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada
- o Implantación de servizos de xestión e aconsellamento
- o Axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:

- o Axudas á renovación da flota e modernización de buques pesqueiros
- o Axudas ós investimentos en comercialización e transformación dos produtos de pesca, marisqueo e acuicultura
- o Grupos de Acción Costeira

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- o Axudas a pemes que aposten polo desenvolvemento sustentable mediante investimentos encamiñados á redución de gases de efecto invernadeiro
- o Axudas a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través das melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e produtos e reutilización ou valoración non enerxética

Consellería de Traballo:

- o Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas
- o Programa de incentivos a empresas de inserción laboral
- o Programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego
- o Programa para a promoción do emprego autónomo
- o Programa de incentivos á contratación indefinida de mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario
- o Programa de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo
- o Programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica

- o Programa de apoio ás iniciativas locais de emprego
- o Programa de fomento da contratación en prácticas de xóvenes con titulación de difícil empleabilidade
- o Programa de fomento da contratación de xóvenes para substitución de traballadores que finalizan a súa vida laboral
- o Programa de creación de novos empregos para mozos titulados nas empresas de menos de trinta traballadores
- o Programa de fomento da contratación indefinida inicial de mozos desempregados
- o Programa de incentivos á transformación en indefinidos dos contratos temporais celebrados con mozos e mozas
- o Programa de incentivos á contratación por conta allea de traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social
- o Incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar
- o Incentivos á contratación indefinida de persoas con discapacidade

Consellería de Vivenda e Solo:

- o Axudas para rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural galego e en conxuntos históricos de Galicia, para uso propio ou para aluguer

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

- o Microcréditos para mulleres emprendedoras e empresarias
- o Axudas para o acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións agrarias
- o Programa EMEGA

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- o Axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia

A nivel estatal:

Ministerio de Industria, Turismo e Comercio:

- o Axudas para actuacións de reindustrialización nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
- o Proxectos empresariais xeradores de emprego que promovan o desenvolvemento alternativo das zonas mineras
- o Plan AVANZA, axudas ás tecnoloxías da información e a comunicación
- o INNOEMPRESA, programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas 2007-2013

Como se pode observar, o listado de axudas é moi amplo, pero cabe salientar que, na práctica, hai unhas poucas que son solicitadas reiteradamente, e das que de cotío se solicita máis información. Son as seguintes:

- o Programa de promoción do emprego autónomo
- o Programa EMEGA
- o Microcréditos e outras liñas de apoio financeiro
- o Plan Ferrol
- o Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia

GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA: Delimitación con respecto a actividades similares financiadas por outros fondos comunitarios:

A aprobación do Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello do 27 de xullo, relativo ó Fondo Europeo da Pesca (FEP), e a normativa de aplicación e desenvolvemento deste, supuso a regulación dun novo eixe dirixido ó desenvolvemento das zonas pesqueiras. Froito desta novidade, publícase o día 28 de xullo de 2008, no Diario Oficial de Galicia, a **orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de Grupos de Acción Costeira (GAC).**

O funcionamento destes grupos será similar ó dos Grupos de Desenvolvemento Rural, pero de aplicación nas comarcas costeiras. Toda vez que o ámbito territorial do GDR31, Costa Noroeste, conta coa meirande parte do seu territorio na costa, atopámonos coa necesidade de integrar o funcionamento do Grupo de Desenvolvemento Rural da Costa Noroeste co dos Grupos de Acción Costeira, que, previsiblemente, se crearán nas zonas 1 (A Mariña-Ortega) e 2 (Golfo Ártabro) establecidas na devandita orde do 17 de xullo.

A similitude das accións realizadas polos Grupos de Acción Costeira coas actuacións levadas a cabo polos Grupos de Desenvolvemento Rural do LEADER obriga a delimitar as accións realizadas por uns grupos e por outros. No caso de España, debido á súa estrutura competencial, serán as Comunidades Autónomas as que establezan estas liñas de demarcación.

A sinerxia e complementariedade entre os distintos instrumentos financeiros adquire toda a súa relevancia, e manifestarase de maneira palpable o resultado das medidas de control e coordinación adoptadas polas distintas autoridades responsables da programación ós distintos niveis.

Todos os fondos e instrumentos financeiros comunitarios poden participar no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras, e na súa implementación poranse en marcha medidas destinadas a evitar a dobre financiación de operacións e a multiplicar a repercusión nestas zonas dependentes da actividade pesqueira da inxección de fondos comunitarios.

Serán financiábles polo Fondo Europeo de Pesca as medidas destinadas a restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais, a promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, a adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local , así como contribuir a sufragar os gastos de funcionamento dos grupos.

En cambio o resto de accións serán obxecto de complementariedade co FEDER e o FEADER. Para establecer as liñas de demarcación entre os distintos fondos seguiranse os mesmos criterios de delimitación expostos noutros eixos. No caso do FEDER, en concreto, poderán ser obxecto de sinerxia as accións que teñan como obxectivo mellorar a competitividade e o valor engadido dos produtos das zonas de pesca, reestruturar, reorientar e diversificar as actividades económicas destas zonas, axudar a pequenas infraestruturas e servizos en beneficio destas zonas e protexer o medio ambiente nestas zonas de pesca.

Os grupos levarán a cabo a estratexia de desenvolvemento local para garantir un desenvolvemento sostible destas zonas.

Parte IV. Plan de cooperación con outros territorios.

-Plan de cooperación.

-(Anexo IID)

PARTE VI. PLAN DE COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS.

Un dos elementos clave da iniciativa comunitaria Leader é o apoio á Cooperación entre territorios rurais, isto é, a posta en común de coñecementos técnicos e recursos humanos e financeiros dispersos en distintos territorios, rexións e incluso estados.

A cooperación non ten que limitarse a un simple intercambio de experiencias, senón que debe consistir na realización dunha acción común, integrada cando sexa posible nunha mesma estrutura, baixo a responsabilidade dun grupo coordinador.

Os proxectos de cooperación presentados deben mostrar as capacidades, deficiencias e potencialidades da zona obxecto de aplicación. Tamén ha de expoñer os obxectivos específicos e estratéxicos adoptados á súa articulación na política de desenvolvemento rural, a plusvalía das actividades propostas e a súa repercusión sobre o medio ambiente e sobre os grupos de mulleres, mozos e outros colectivos de especial consideración.

A cooperación é un elemento intrínseco na actuación de Leader e recoñecida como fundamental na consecución dos seus resultados. Para que haxa Leader ten que haber cooperación entre Administracións, Concellos e entre axentes socioeconómicos e entidades a nivel territorial.

Proxectos:

- **Festival Internacional do Mundo Celta elemento integrador e turístico dos territorios que o compoñen.**
- **Recuperación do Antigo Camiño dos Arrieiros (As Pontes-Estaca de Bares).**
- **Promoción e comercialización do turismo rural de forma integrada.**
- **Mellora integral de núcleos rurais.**
- **Fomento das lendas coma transmisor de valores.**
- **Os espazos costeiros coma recurso.**

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Festival Internacional do Mundo Celta elemento integrador e turístico dos territorios que o compoñen.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Na fachada atlántica europea trazouse na antigüidade un arco de relacións comerciais e culturais que se renova na contemporaneidade ao abeiro da música e a reivindicación dunhas raíces culturais compartidas. Os vencellos esténdense dende Escocia ata Galicia e o seu contorno, abranguendo a costa cantábrica - Asturias, Cantabria- e parte dos territorios do norte da meseta, pasando asemade por Irlanda, a Illa de Man, Cornualles, Gales e Bretaña.

O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira que cada ano congrega a case que 100.000 persoas como elemento integrador da Cultura Celta, para promocionar estes territorios con características culturais e paisaxes moi similares. Sería unha volta a esas raíces do celtismo e unha promoción turística duns territorios dunha gran singularidade.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN S DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste, Comunidade Autónoma de Asturias, Comunidade Autónoma de Cantabria, Rexión da Bretaña Francesa, Escocia e Irlanda.

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Produtiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

Realización de seminarios sobre a Cultura Celta:	100.000 €
Creación de ferramentas de promoción turística:	150.000 €
Asistencia a Feiras Internacionais de Turismo:	150.000 €
Promoción de Festivais nos territorios:	100.000 €
Total:	500.000 €

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Creación dun nexo de unión, o Celtismo, para utilizalo coma ferramenta turística, creación dun marca identificativa e diversas ferramentas de promoción, así coma promoción internacional da Cultura Celta.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2009 e finalización en 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Identificación por parte dos mozos da cultura celta.

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Recuperación do Antigo Camiño dos Arrieiros (As Pontes-Estaca de Bares).

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Un camiño prehistórico xalonado de túmulos que discorría polo alto da divisoria chamada Serra da Faladora (A Coruña) unindo As Pontes de García Rodríguez e o porto de Bares.

É conveniente chamar a atención sobre a coincidencia existente entre o emprazamento de determinadas necrópoles tumulares, e o paso de vías naturais de tránsito e de camiños tradicionais. Aínda non se pode afirmar con certeza que en efecto estemos ante un camiño prehistórico, de adscrición ó menos neolítica, si constatamos algunhas circunstancias singulares: en efecto, o camiño zigzaguea entre as diferentes necrópoles tumulares da serra, incluso mantendo una estreita relación entre tránsito e emprazamento tumular. Tanto é así, que as principais ramificacións que dende o Camiño dos Arrieiros descendeen ós vales e a costa de Ortigueira, están case sen excepción xalonadas pola presenza de necrópoles tumulares". O tramo do camiño pode seguirse sen dificultade xa que coa excepción do menhir tódolos fitos sinalados son visibles entre sí e o recorrido non chega ós dous kilómetros: Forno dos Mouros-Cristo da Faladora-Menhir de Pena Faladora-Necrópolis de Pena Faladora-Túmulo 40.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN S DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste e GDR Euroeume.

CUSTO APROXIMADO

20.000 €

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Productiva.

INVESTIMENTO APROXIMADO

Realización de estudos e investigacións sobre o Camiño
Sinalización do Camiño

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Creación dun nexo de unión, entre dos territorios veciños.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2009 e finalización en 2011.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Fomento do coñecemento da historia comarcal entre os mozos

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Promoción e comercialización do turismo rural de forma integrada.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Promover a estruturación das empresas receptoras de turismo rural, a nivel interterritorial/transnacional, a través da coordinación dun Patronato ou Consorcio de Xestión Turística especializado na promoción e comercialización integral de estancias, servizos e produtos baixo unha mesa imaxe, complementar a riqueza en zonas de interese turístico cunha oferta de servizos que promovan estancias máis prolongadas dos turistas dentro dos territorios rurais implicados.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN S DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste, GDR Euroeume e GDR 1

CUSTO APROXIMADO

40.000 €

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Productiva.

ACCÍONS

Intercambio de experiencias con outros GDR que puxeran en marcha ou esteñan intentando facelo, Patronatos ou Consorcios de Xestión Turística, xornadas e foros de encontro entre empresas do sector con fin de asegurar a promoción, participación conxunta en feiras e promocións (deseño de stand), páxina web de promoción conxunta con outros territorios, elaboración de material didáctico.

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Ofertar un servizo turístico máis completo e integrado de maior calidade e máis accesible, co fin de incrementar o tempo de estancia dos turistas no territorio e incrementar a actividade económica da zona.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2009 e finalización en 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Fomento indirecto da creación de emprego no sector, que emprega maioritariamente mozos e mulleres

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Mellora integral de núcleos rurais.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Observación de experiencias similares de mellora integral de núcleos rurais que podan ser aplicadas noutros territorios. Debido ó alto abandono que se está levando a cabo no medio rural galego e en especial neste territorio, é moi convinte levar a cabo un proxecto destas características para evitar ese abandono progresivo dos núcleos rurais.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste, GDR Euroeume e GDR Oscos-Eo

CUSTO APROXIMADO

20.000 €

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Productiva.

ACCÍONS

Organización de visitas a zonas nas que se esteñan levando a cabo proxectos similares, poderán ser de carácter transnacional, organización e celebración de foros de expertos, axentes privados e institucións implicadas na recuperación e mellora integral de núcleos rurais, elaboración de pautas de intervención comúns.

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Adquisición de coñecementos sobre outras experiencias similares, aplicación de ideas e solucións observadas en outros territorios ós propios.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2009 e finalización en 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

A mellora dos contornos rurais incide na mellora da calidade de vida e contribúe a atraer a mozos/as que buscan vivir en espazos saudables

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Fomento das lendas coma transmisor de valores.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Despertar o interese do público xeral, e en especial o dos nenos e mozos, polas lendas e a tradición oral e a súa importancia social na nosa historia.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste, GDR Euroeume, GDR Irlandés e GDR Bretón.

CUSTO APROXIMADO

100.000 €

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Productiva.

ACCÍONS

Transmisión de lendas a través de contacontos: formación de persoas con capacidade oratoria para que conte as lendas nos colexios, parques, centros da terceira idade,...Elaboración de material escolar con referencias a todo o relativo ás lendas: lectura, explicación, transfondo social...

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Recuperación da tradición oral e a memoria colectiva a través dos contacontos, estimulación da capacidade de comunicación e expresión oral entre os xoves, incremento da participación da terceira idade na recuperación da memoria colectiva, favorecendo a comunicación entre as distintas xeneracións.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2008 e finalización en 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Facilita as relacións interxeracionais, co enriquecemento dos mozos, e o recoñecemento aos maiores, principalmente ás mulleres dos contornos rurais, principais transmisoras das tradicións orais.

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Os espazos costeiros coma recurso.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Coordinación integral de actuacións na franxa costeira noroeste das provincias da Coruña e Lugo para potenciar a súa conservación e aproveitamento coma recurso turístico e natural.

LOCALIZACIÓN (REXIÓN DONDE SE PRETENDE DESENVOLVER O PROXECTO)

GDR Costa Noroeste, GDR 1 e Grupos de Acción Costeira Golfo Artabro e Ortegal-A Mariña.

CUSTO APROXIMADO

40.000 €

CARÁCTER DA ACCIÓN

Non Productiva.

ACCIONES

Observacións de actuacións similares que permitan adaptar as características da zona a iniciativas aplicadas noutros territorios, potenciar a conservación dun corredor costeiro, Intervir en programas relativos ás Rías Altas (Rede Natura 2.000, Espacio Ramsar), elaboración de material divulgativo.

EIXO DE COOPERACIÓN SELECCIONADO NO PROXECTO

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Fomento de actividades turísticas.

RESULTADOS ESPERADOS

Incrementar a actividade económica na zona a través da recuperación e promoción turística dos espazos costeiros.

DURACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Inicio en 2009 e finalización en 2013.

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Non existe ningún impacto negativo.

INCIDENCIA ENTRE OS MOZOS E AS MULLERES

Fomento dun desenvolvemento sustentable, que beneficiará principalmente os actuais mozos e mozas

Parte V. Normas para a xestión do programa.

- I. Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos, dentro dos límites máximos definidos no réxime de axudas.
- II. Criterios para a selección e priorización de proxectos: baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública.
- III. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.
- IV. O equipo xestor.
- V. Sede: referencia á sede do GDR.
- VI. Plan de difusión.

Parte V. Normas para a xestión do programa.

I. Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos, dentro dos límites máximos definidos no réxime de axudas.

I. Límites de axuda pública máxima

1. Actuacións enmarcables na medida **411. DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL:**

Porcentaxe máxima de axuda:

- Regra xeral: **45 %** sobre o gasto subvencionable.
- Limitacións:
 - *No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fóra das zonas catalogadas como desfavorecidas ou de montaña: **40 %** sobre o gasto subvencionable.*
 - *No sector de transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: **25 %** sobre o gasto subvencionable.*

Importe máximo da axuda: **250.0000 €**

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25 % como mínimo.

Con carácter xeral, as axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Tratándose de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos incluídos no Anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis*.

De acordo con este regulamento, a axuda total de *minimis* concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2. Actuacións enmarcables na medida **412. MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL:**

- Porcentaxe máxima de axuda pública: **ata o 100 %**
- Importe máximo da axuda pública: **250.000 €**

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non produtiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que se refiren no apartado de priorización dos proxectos non produtivos

3. Actuacións enmarcables na medida **413. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA.**

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25 % como mínimo.

a) Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de Pemes:

- Porcentaxe máxima de axuda: **45 %** do gasto subvencionable
- Importe máximo de axuda: **250.000 €**

Esta axuda ampárase no Regulamento 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais á pequenas e medianas empresas, ou normativa que o substitúa.

b) Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

1.-Proxectos de natureza produtiva:

- Porcentaxe máxima de axuda: **45 %** sobre o gasto subvencionable.
- Importe máximo de axuda: **200.000 €**

Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis*. De acordo con este regulamento, a axuda total de *minimis* concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2.- Proxectos de natureza non produtiva:

Importe máximo da axuda: **200.000 €**

Gastos de formación:

- Porcentaxe máxima de axuda: **ata o 100 %**

Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis*. De acordo con este regulamento, a axuda total de *minimis* concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non produtiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que se refiren no apartado de priorización dos proxectos non produtivos

PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS:

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non produtiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que a seguir se refiren en función da tipoloxía dos proxectos:

- *Proxectos de prioridade alta: Ata o 100 % de intensidade da axuda*
- *Proxectos de prioridade media: Ata o 70 % de intensidade da axuda*
- *Outros proxectos non produtivos: Ata o 50 % de intensidade da axuda*

Proxectos non produtivos de prioridade alta:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- Implantación de TIC no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática e plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

Proxectos non produtivos de prioridade media:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística, etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Outros proxectos non produtivos:

- Infraestrutura de lecer, ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia
- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio

Para estes efectos, terán a consideración de non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean

afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aquel outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia do territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

4. Actuacións enmarcables na medida **431. GASTOS DE FUNCIONAMENTO, ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E PROMOCIÓN TERRITORIAL**

a) Submedida 431 A. Gastos de funcionamento

Porcentaxe máxima de axuda pública: ata o **100 %**, cos seguintes límites cuantitativos e porcentuais calculados sobre o total do importe da medida 431.

- *Gastos de persoal*: salarios brutos máximos imputables ao programa:
 - Xerente ou máximo responsable técnico do programa: **36.000 €/ano**.
 - Técnico: **28.000 €/ ano**
 - Administrativo/-a: **18.000 €/ ano**
- *Asistencias técnicas*: ata o 12 % do importe anual autorizado por Agader para sufragar os gastos de funcionamento.
- *Axudas de custo*:
 - Causadas en territorio de Galicia: ata o importe que establece a normativa de aplicación ao persoal da Administración autonómica para o Grupo II.
 - Causadas en territorio de fóra de Galicia: ata o importe que establece a normativa de aplicación ao persoal da Administración autonómica para o grupo I.

b) Submedida 431 B. Adquisición de capacidades e promoción do territorio

Porcentaxe máxima de axuda pública: **ata o 100%**

O conxunto de gastos vinculados aos conceptos que a continuación se relacionan non excederá do 10 % do total da medida 431:

- Encontros, xornadas, seminarios e congresos
- Estudos, informes e publicacións
- Viaxes e presenza en feiras
- Formación

LIMITACIÓNS SECTORIAIS:

- *Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web* terán un límite de **30.000 €** por proxecto.
- *Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento*. Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de **50.000 €** por proxecto.

ACUMULACIÓN DE AXUDAS:

As axudas concedidas no marco do programa Leader serán incompatibles con calquera outra que, para o mesmo gasto ou investimento, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía.

Coa excepción anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo gasto ou investimento, sempre que:

- O importe acumulado das axudas non exceda o custe da actividade subvencionada
- O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado

Parte V. Normas para a xestión do programa.

II. Criterios para a selección e priorización de proxectos: baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública.

II. Criterios para a selección e priorización de proxectos: baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública.

Proponse un baremo que será público e obxectivo, e cumpre as regras básicas establecidas na convocatoria. O esquema xeral é o seguinte:

a) Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

- Carácter innovador, non só como innovacións tecnolóxicas senón tamén a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
- Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobando especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

b) Baremo para proxectos produtivos:

(Anexo)

c) Baremo para proxectos non productivo:

(Anexo)

Parte V. Normas para a xestión do programa.

III. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.

III. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.

O Grupo, na xestión do Programa e na obriga de actuar de acordo cos principios de actuación sinalados, dará cumprimento, nas actuacións e procedementos da súa competencia nas que sexa aplicable, á Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (art. 5. Principios xerais), Lei de Contratos do Sector Público, normativa de desenvolvemento en materia de contratación, e, en xeral, o marco normativo establecido.

Para o cumprimento dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación do GDR garantirá os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do GDR:

Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non ao GDR, así como con outros GDR.

Imparcialidade, de modo que os membros dos órganos de decisión do GDR deben ausentarse dos debates e votacións daqueles proxectos en que teñan un interese directo ou indirecto, por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao civil por consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.

Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer o GDR.

Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que os afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.

Libre concorrência, sen máis limitacións que as que deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte do GDR, dos recursos humanos ou materiais.

Obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade, mediante a aplicación aos proxectos das normas do GDR para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.

Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.

Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GDR para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.

Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.

Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico, en especial entre mulleres e mozos/as, a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

Para estes efectos, tanto o GDR como as entidades que sexan socios del facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento destes principios.

Especiais referencias:

1. Procedementos de xestión.

Plan de xestión: O Grupo aprobará ao inicio do programa un plan de xestión que establecerá o modelo de procedemento para a xestión do Programa de Desenvolvemento Rural, no que se garanta os seguintes principios de actuación: colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

De acordo con estes principios configúrase un modelo de procedemento xeral de xestión para o bo funcionamento do GDR e as relacións con AGADER, procedemento que poderá ser modificado pola xunta directiva durante o período de vixencia do Programa segundo a experiencia adquirida, para a mellora da xestión. Neste procedemento recolleranse as diferentes actuacións a desenvolver na tramitación das axudas do Programa de Desenvolvemento Rural por parte do GDR, especialmente no relativo á selección de proxectos e concesión de axudas.

Oficinas e horario: Para desenvolver as actuacións do Programa o GDR disporá no territorio de oficinas de atención ao público, nas que consten o horario e días de atención aos promotores/as.

Rexistro de solicitudes: As solicitudes de axuda que se presenten serán rexistradas no libro rexistro de entrada de correspondencia. A solicitude estará cumprimentada e asinada polo promotor/a, e se deberá acompañar da información e documentación requirida.

Publicidade: nas actuacións previstas no plan de difusión consistentes en reunións divulgativas do programa entre as entidades e axentes sociais de todo o territorio farase público o réxime de axudas, o procedemento de xestión do programa e os criterios de valoración dos proxectos, tendo a disposición do público información escrita sobre o programa e as axudas.

A publicidade da convocatoria nos distintos medios previstos no Plan de Difusión garantirán a concorrencia e igualdade de oportunidades de todos os potenciais promotores interesados/as.

2. Procedementos de contratación.

2.1. Contratación de obras, servizos e asistencia técnicas.

Rexeranse as actuacións e procedementos do Grupo en materia de contratación pola Lei de Contratos do Sector Público, no que lle sexa aplicable, con especial referencia aos criterios obxectivos de adxudicación a contratistas, publicidade das licitacións e contidos dos pregos de cláusulas.

Na web do GDR contarase coa sección de Perfil do Contratante, que contribuirá a garantir o cumprimento da publicidade e transparencia dos procesos de contratación.

2.2. Contratación do equipo xestor:

Cumpriranse os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria ou convocatorias para a contratación do equipo xestor do GDR.

O procedemento selectivo contará cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista (cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo), e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural (cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo).

3. Procedementos de toma de decisións.

A toma de decisións nos órganos de goberno, xunta directiva e assemblea xeral, veñen definidos polo establecido nos estatutos do GDR, no que se refire ós requisitos de convocatorias e periodicidade das reunións, así como ás maiorías necesarias para a válida adopción de acordos polos órganos competentes en cada caso.

Parte V. Normas para a xestión do programa.

IV. O equipo xestor.

IV. O EQUIPO XESTOR.

Debido á dimensión territorial do GDR, á masa crítica de poboación, e ás actuacións dinamizadoras a desenvolver, é necesario dispor en primeiro lugar dunha sede central, sita no Concello de Ferrol, e outra sede ou subsede, sita no Concello de Ortigueira, para o bó funcionamento do Programa. Con todo isto, é necesario contar cunha plantilla de persoal suficiente, que garanta igualdade de información e oportunidades para tódolos potenciais promotores. Proponse a plantilla que segue:

- Xerente/Coordinador: 1 Técnico Licenciado.
- Técnico/a I: 1 Técnico Licenciado.
- Técnico/a II: 1 Técnico Licenciado.
- 2 Administrativos/as

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DE XESTIÓN

- **Xerente/Coordinador:** Técnico Licenciado. Disporá de experiencia e formación en desenvolvemento local.

Serán funcións do xerente as seguintes:

1. Dirixir a oficina técnica do programa de desenvolvemento rural, especialmente de cara ó cumprimento dos obxectivos do Programa.
2. Deseñar a táctica concreta de aplicación de recursos e garantir a aplicación correcta dos mesmos.
3. Captación e promoción de iniciativas en relación cos eixos estratéxicos do programa.
4. Sensibilización da poboación e animación da mesma para busca-la maior participación posible dos axentes socioeconómicos no Programa de Desenvolvemento.
5. Asesoramento e información sobre a subvencionabilidade dos diferentes proxectos.

6. Dirixir, planificar e levar a cabo co resto do equipo xestión as tarefas de información, dinamización, formación e asesoramento a promotores.
7. Asesoramento e orientación dos promotores na realización e execución dos seus proxectos, especialmente no referente á adecuación dos mesmos ó Programa, e incluíndo as visitas precisas.
8. Control orzamentario.
9. Elaboración dos informes técnicos necesarios para a boa marcha do Programa.
10. Informar á Xunta Directiva da Asociación sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo de xestión do Programa.
11. Elevar ó Presidente da Asociación os informes que sexan elaborados con anterioridade, e que requiran o visto e prace do mesmo.
12. Dirixir a execución dos acordos tomados polos órganos de dirección do Grupo de Desenvolvemento Rural, así como o seguimento da execución das actuacións financiadas dentro do programa.

- **Técnico I:** Disporá de experiencia e formación en desenvolvemento local. As súas funcións enmarcaráanse na implementación do programa no territorio, como apoio ó xerente. Realizará funcións técnicas sempre baixo a dirección da xerencia, tales como: asesoramento ós promotores de proxectos, seguimento da execución dos proxectos, xestión de outras subvencións compatibles, colaboración co xerente na elaboración de informes e, en xeral, todo tipo de tarefas que requiran unha especialización elevada e que no sexan exclusivas do xerente. Técnico licenciado.

Funcións específicas:

1. Informar, xunto co Xerente/Coordinador, sobre os proxectos e actividades que son subvencionables e que se podan acoller ó Programa.
2. Captación e promoción de iniciativas en relación cos eixos estratéxicos do programa.
3. Asesoramento e información sobre a subvencionabilidade dos proxectos.
4. Asesoramento e orientación dos promotores na realización e execución dos seus proxectos.

5. Elaboración de informes técnicos necesarios para a boa marcha do Programa.
 6. Asesoramento ós promotores de proxectos empresariais para a elaboración de estudos de viabilidade económica e avaliación económico-financeira dos mesmos.
 7. Dinamizar e animar á poboación para buscar a máxima participación posible do tódolos axentes socioeconómicos no Programa de Desenvolvemento.
- **Técnico II:** Disporá de experiencia e formación en desenvolvemento local. As súas funcións enmarcaráanse na implementación do programa no territorio, como apoio ó xerente. Realizará funcións técnicas sempre baixo a dirección da xerencia, tales como: asesoramento ós promotores de proxectos, seguimento da execución dos proxectos, xestión de outras subvencións compatibles, colaboración co xerente na elaboración de informes e, en xeral, todo tipo de tarefas que requiran unha especialización elevada e que no sexan exclusivas do xerente. Técnico licenciado.
- Funcións específicas:
1. Informar, xunto co Xerente/Coordinador, sobre os proxectos e actividades que son subvencionables e que se poden acoller ó Programa, proporcionando información sobre cada unha das liñas estratéxicas definidas no Programa da Asociación CostaNoroeste.
 2. Asesoramento ós promotores de proxectos empresariais para a elaboración de viabilidade económica e avaliación económico-financeira dos mesmos.
 3. Asesoramento e información ós promotores sobre outras fontes de financiamento ás que se pode acoller o seu proxecto empresarial.
 4. Apoio ó Responsable nas súas funcións de seguimento económico e administrativo do Programa e dos expedientes.
 5. Elaboración da contabilidade e da fiscalidade do GDR. Presentación das contas anuais.
 6. Apoio ó Xerente/Coordinador no Control Orzamentario.
 7. Dinamización da poboación e captación de iniciativas en relación cos eixos estratéxicos do programa.

- **2 Administrativo/as:** Titulación de Bacharelato, FP II ou equivalente. As súas funcións serán estritamente administrativas e de apoio tanto a técnicos coma a xerente. Funcións específicas:
 1. Tarefas administrativas e de apoio á xestión.
 2. Xestión administrativa e de persoal.
 3. Apoio na tramitación económico-administrativa dos expedientes de axudas e subvencións.
 4. Apoio no cumprimento das obrigas de xustificación económica da execución das actuacións financiadas dentro do programa
 5. Apoio na dinamización da participación de toda-las entidades e institucións pertencentes á Asociación Costa Noroeste.

- Organización das tarefas de control e seguimento dos proxectos, co respecto ao principio de segregación de funcións imposto pola normativa Feader: as tarefas de control e seguimento dos proxectos serán desenvolvidas polo membro ou membros da Xunta Directiva que ésta designe, co apoio técnico que requira, dando así cumprimento ao principio de segregación mencionado, ao non ser executadas polo persoal do equipo técnico que fai o control de non investimento previo e cumprimento dos requisitos necesarios para que o promotor/a poda ser beneficiario dunha axuda.

Parte V. Normas para a xestión do programa.

V. Sede do GDR.

V. SEDE.

Contarase cunha Sede en A Malata, s/n. Edif. de Usos Múltiples, baixo, C.P. 15405 , no concello de Ferrol.

Asimesmo haberá unha Subsede ou Delegación, ubicada no concello de Ortigueira, co obxecto de facilitar as xestións e achegamento á poboación, así como posibilitar a dinamización en todo o territorio no que se actúa.

Ambas oficinas están situadas en territorio elexible, e sinalizaranse con sendas placas identificativas co contido establecido pola normativa Feader.

Teléfonos: 981 42 22 07 (Ortigueira) / 981 33 33 98 (Ferrol)

Fax: 981 42 22 07 / 981 37 30 62

Mail: info@costanoroeste.org

Parte V. Normas para a xestión do programa.

VI. Plan de difusión.

VI. PLAN DE DIFUSIÓN

Unha xestión eficaz e transparente do Programa esixe a divulgación entre a poboación do territorio de toda a información relevante: actividades subvencionables, normas para a concesión de axudas, forma, prazo e lugar de presentación de solicitudes, criterios de selección e, incluso, evolución da execución dos proxectos aprobados.

O obxectivo xeral do *Plan de Difusión* que se propón consiste en dar a coñecer a “nova estratexia de actuación” que pretende desenvolver o Equipo Xestor nesta nova etapa de traballo que comenza para o GDR “Costa Noroeste”. O Plan de Difusión debe ir orientado a promover a presentación de todo tipo de proxectos, investimentos, iniciativas e actividades encamiñadas a mellorar e potenciar estes valores.

Aínda que o obxectivo xeral do Plan de Difusión do GDR “Costa Noroeste” é o contemplado no parágrafo anterior, tamén cremos que este Plan debe servir para outras funcións, como:

1. Servir de instrumento para adapta-las actuacións que prevé o Programa LEADER , *necesidades e obxectivos de intervención* ó noso territorio.
2. Dar unha imaxe ós habitantes do Territorio de que o LEADER está vivo e de que se inicia unha *nova etapa* que propón unha estratexia de desenvolvemento cunha liña de actuación ben definida.
3. Proxecta-la imaxe tanto desde dentro como desde fora do Territorio de que o GDR é unha entidade que aposta polo *desenvolvemento económico e social, diversificación, oferta turística e cultural do territorio*.
4. *Atrae-lo interés* dos pequenos e medianos promotores de proxectos implicados na revalorización dos recursos endóxenos da zona.
5. Aínda que non se descarta o financiamento doutro tipo de proxectos que se adecuen ás normas xerais de intervención do LEADER, dende o Equipo Técnico darase *prioridade* ós proxectos que encaixen na estratexia de actuación do GDR.

TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE DIFUSIÓN

IMAXE CORPORATIVA

Creación dun logo do Grupo.
Placas e rótulos identificativos.

MATERIAL IMPRESO

Folletos-trípticos. Serán a nosa carta de presentación e deberán conter unha serie de datos que consideramos importantes, como:

- Información sobre o ámbito territorial do GDR Costa Noroeste e datos de contacto.
- Breve información sobre o LEADER.
- Obxectivos que se pretenden acadar.
- Tipo de actividades subvencionables: productivas e non productivas.
- Beneficiarios e os seus compromisos.
- Qué se financia e o importe e a porcentaxe máxima da subvención.
- Tipoloxía de proxectos.

Carteis de Costa Noroeste. Paneis que incluírán fotos de entornos naturais, elementos arquitectónicos, edificios de importancia singular, festas e tradicións, produtos típicos, etc, de cada un dos municipios participantes.

A estos paneis poderíase engadir un "slogan" alusivo á Asociación Costa Noroeste, ou o "slogan" que se propón "*Innovando no Rural*", estos paneis repartiríanse polos Concellos, Centros de Información Xuvenil, Casas da Cultura, Bibliotecas, Oficinas de Información Turística, Centros de Ensino Secundario e Universitario.

Material específico para xornadas informativas ou actividades de divulgación.

Publicación específica, que recolla todo-los proxectos e iniciativas financiados polo Programa.

ORGANIZACIÓN E ASISTENCIA A ENCONTROS

- Reunións Conxuntas cos Técnicos dos Concellos, Técnicos Locais de Emprego, Técnicos de Medioambiente, Técnicos de Turismo, Técnicos de Cultura, co obxecto de explicarlle-las liñas básicas da nova estratexia de desenvolvemento rural do GDR Costa Noroeste.
- Xornadas informativas sectoriais, organizadas ben a petición dos colectivos interesados ou ben por iniciativa do propio GDR.

CREACIÓN DUNHA PÁXINA WEB DA ASOCIACIÓN "Costa Noroeste"
(www.costanoroeste.com)

- Elaboración dun mailing electrónico con información xeral de toda a estratexia: Información sobre o ámbito territorial do GDR Costa Noroeste e datos de contacto, breve información sobre o LEADER, obxectivos que se pretenden acadar, tipo de actividades subvencionables: productivas e non productivas, beneficiarios e os seus compromisos, qué se financia e o importe e a porcentaxe máxima da subvención, tipoloxía de proxectos.
- Páxina web habilitada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

INTERVENCIÓNS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN LOCAIS, co obxeto de explica-la a estratexia de actuación do GDR Costa Noroeste en relación co programa LEADER

Intervencións na radio local

Entrevistas na televisión local

Inserción de anuncios publicitarios de LEADER na prensa local

Difusión a través dos medios de comunicación mediante reportaxes dos proxectos subvencionables.

ORZAMENTO DO PLAN DE DIFUSIÓN

IMAXE CORPORATIVA	2.000,00 €
<i>Logo, placas e rótulos identificativos</i>	2.000,00 €
MATERIAL IMPRESO	7.000,00 €
<i>Folletos-trípticos</i>	1.000,00 €
<i>Carteis</i>	1.000,00 €
<i>Outro material impreso para actividades de difusión específicas (pancartas para mesas de conferencias, carpetillas para documentación informativa, etc.)</i>	2.000,00 €
<i>Publicación específica</i>	3.000,00 €
ORGANIZACIÓN E ASISTENCIA A ENCONTROS	3.000,00 €
<i>Gastos por reserva de espacios para conferencias (auditorios, salóns de actos, ect.)</i>	1.000,00 €
<i>Gastos xerais de organización de conferencias e xornadas (bebidas, bolígrafos, gratificacións por asistencia de conferenciantes, etc.)</i>	2.000,00 €
PÁXINA WEB	6.000,00 €
<i>Creación dunha páxina Web da Asociación Costa Noroeste (Dominios, Aloxamentos, Posicionamentos, ...)</i>	6.000 €
INTERVENCIÓNS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN LOCAIS	1.000,00 €
<i>Contratación de espacios publicitarios en radio e/ou TV locais</i>	500,00 €
<i>Inserción de anuncios en prensa escrita</i>	500,00 €
TOTAL ORZAMENTO PLAN DE DIFUSIÓN:	19.000,00 €

Parte VI. Plan financeiro.

Plan Financeiro (Anexo IV).

PARTE VI. PLAN FINANCEIRO.

Preséntase a previsión financeira do programa por medidas e fontes financeiras, no modelo que se inclúe a continuación.

Unha vez realizada a análise da situación de partida do territorio, á vista dos obxectivos perseguidos e da estratexia do Grupo e actuacións previstas en cada unha das medidas que integran o programa, como se recolle na Parte III, xustifícase a proposta de variación das porcentaxes de gasto público destinado a cada unha das medidas.

Preséntase un plan financeiro coas seguintes porcentaxes de gasto público para as tres liñas de actuación:

4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal:	20%
4.1.2. Mellora medioambiental e do contorno rural:	4%
4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:	76%

Xustifica o incremento da medida 4.1.3. do 70% ao 76% a situación de partida e realidade socioeconómica deste territorio, a partir dos datos presentados en apartados anteriores.

O territorio de Costa Noroeste require da incentivación e potenciación da creación de emprego e xeración de riqueza, que contribúa o desenvolvemento socioeconómico utilizando os recursos endóxeos dunha zona que ven sufrindo unha longa e agudizada situación de crise.

Os datos presentados na Parte III, apartado I, deste programa (Análise da situación) mostran unha taxa media de **desemprego** no territorio (2001) superior en 3,5 puntos ás medias provincial e autonómica. As cifras de taxas de **ocupación** e de **actividade** medias do Grupo inferiores ás medias provincial e autonómica. Por outra parte, os datos reflexan unha continua **perda de poboación** no territorio. No último decenio (1998-2007) só tres dos doce Concellos do territorio non sufriron perda de habitantes. Asimesmo, o índice de **envellecemento** do territorio do GDR supera á media de Galicia en 87,25 puntos, e á media provincial en 92,65.

Á vista da análise da situación, queda patente a necesidade de incrementar a actividade económica, diversificando a economía rural e potenciando a creación e modernización de empresas. Asemade, trátase de fortalecer o sector turístico nun territorio con recursos patrimoniais naturais e culturais inmellorables e altamente desaproveitados. É necesario, asimesmo, tendo en conta as características da poboación no territorio, potenciar e facilitar a prestación de servizos a determinados colectivos, como os maiores e os discapacitados.

Por outra parte, conclúese da análise feita unha importante potencialidade de desenvolvemento e crecemento na prestación de servizos, e unha lixeira menor potencialidade do primario trala análise dos recursos do territorio, a orografía e a estrutura de propiedade.

Como consecuencia da análise anterior, considerouse necesario a especial potenciación de proxectos correspondentes á medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Incrementase así, no cadro de Plan Financeiro, en 6 puntos a porcentaxe de gasto público desta medida coa conseguinte diminución en 6 puntos das porcentaxes correspondentes ás outras dúas medidas.

Deste xeito ás porcentaxes correspondentes á cada unha das medidas quedan como se recolle no cadro financeiro.